



CATEDRA

Revista eumesa de estudios



Pontedeume 2000

N. 7



PRESENTACIÓN

*Como alcalde síntome sempre orgulloso de presentar, un ano máis, un novo exemplar de **Cátedra. Revista eumesa de estudos**.*

A entrega dun novo número supón para todos nós, a aparición de novos traballos de novas investigacións, sobre aspectos desconocidos do noso concello e da nosa comarca. Estes novos artigos veñen a sumarse ós xa publicados con anterioridade na revista, constituíndo un importante número de traballos, nos que podemos descubrir interesantes aspectos da nosa historia pasada e recente.

Quero agradecer, felicitar e dar as grazas a todas aquelas persoas que se interesan pola nosa historia e que participan coa nosa revista.

E xa para rematar estas breves palabras de introdución, quero invitar a todo o mundo a participar nos próximos números da revista.

*Belarmino Freire Bujía
Alcalde de Pontedeume*

A PONTE DO UME II

Texto. **José Francisco CORREA ARIAS**
Debuxos. **Fernando SARMIENTO CALVO**

*Desde esta baranda mareira
ti a contemplar
gaveiro
o fusco abaneo dos alavancos*

Eva Veiga

INTRODUCCIÓN

No número dous da revista *Cátedra* publicouse un artigo titulado “A Ponte do Ume”. A urxencia de tempo e a tardanza en consultar certo tipo de documentación impedíronnos que o traballo sobre a ponte do Eume abarcara todas as fases polas que pasou, ademais doutros aspectos importantes relacionados coa longa historia da ponte. No artigo citado anteriormente, centrábámonos, sobre todo, na ponte medieval, impulsada e financiada por Fernán Pérez o *Bo*, que, malia as múltiples transformacións e/ou mutilacións que sufriu ao longo do tempo, así como os numerosos períodos de ruína, manteríase en pé ata o ano 1864 en que sería derruída para edificar no seu lugar a ponte actual, tamén modificada como teremos ocasión de comprobar.

Neste artigo que presentamos, titulado “A Ponte do Ume II”, ademais de facer unha breve reseña do artigo antes citado, profundaremos nas orixes máis remotas da ponte (a primitiva ponte de madeira anterior á edificada en 1380 por Fernán Pérez) e, sobre todo, no proceso de construción e remodelación da ponte moderna que, con modificacións substanciais, chegou ata os nosos días. A substitución da ponte medieval pola ponte moderna provocou, por outra parte, profundas modificacións na estrutura urbana da vila de Pontedeume, sobre todo na súa fachada marítima pola que discorren as vías de conexión da ponte coas parroquias, estación de ferrocarril, estrada que vai a Betanzos e Xubia, etc. Este proceso que tivo lugar a finais do século XIX e principios do XX deu en modificar a estrutura urbana de Pontedeume sen borrar, por outra banda, a súa pegada medieval aínda hoxe patente. Abordaremos este aspecto na parte final deste traballo.

Deixamos para outra ocasión o estudo de figura de Fernán Pérez de Andrade, o *Constructor*, como impulsor de moitas das obras arquitectónicas que antes e aínda hoxe enriquecen o patrimonio artístico- arquetónico da comarca Eumesa e das comarcas próximas.

A PONTE DO UME

A ponte do Eume érguese, como é sabido, xusto onde se xuntan as augas do Atlántico coas do río que lle dá nome. Este río xa é citado na antigüidade por Pomponio Mela como o *Anaris* que, segundo este autor, vertía as súas augas no golfo dos Ártabros, na actualidade a ría de Ares. A proximidade da ponte ao lugar que ocupa a vila, posiblemente esta xurdida como consecuencia daquel, produce unha identidade entre o nome do río, a ponte e o nome da vila a que lle dá nome como noutros moitos lugares de Galicia: Pontearreas, Ponteceso, Pontecesures etc. É polo tanto lóxico supoñer que a orixe da ponte sexa anterior ou cando menos simultánea á orixe da vila de Pontedeume e que, ao longo da historia, ambas sufriran transformacións similares. Por iso a historia da ponte que imos intentar clarexar neste traballo é, en parte, a historia da vila de Pontedeume.

As orixes

Así como a ponte actual que une as vilas de Pontedeume e Cabanas sufriu varias modificacións desde que en 1870 substituíu á ponte medieval (1380-1864), esta, que experimentou importantes modificacións na súa longa historia, substituíu a outra ponte, sen dúbida de madeira na súa meirande parte e que se xustifica no propio nome da vila, bastante ben documentado non só antes da construción da ponte medieval senón incluso antes da firma do documento fundacional da vila, en 1270. Loxicamente as características desta primitiva ponte de madeira así como a súa antigüidade descoñecémolas e non podemos realizar sobre as épocas máis remotas senón simples suposicións. Así podemos supoñer que, en época romana, debía existir, ou no lugar actual ou noutro lugar próximo, algún tipo de paso organizado ou algunha forma de ponte que conectara os establecementos romanos de ambas beiras da ría de Ares. Son coñecidos de todos os achados romanos de Sopazos e Centroña¹ ou Perbes² así como os da vila romana de Noville, preto de Mugaros, na que se levou a cabo a finais do oitenta unha campaña de escavacións³. Incluso poderíamos supoñer que os numerosos castros aínda hoxe existentes nos dous lados da ría de Ares necesitaran dalgún pasadouro fixo que facilitase a comunicación entre eles⁴. En todo caso, é manifesto que a comarca estaba intensamente poboada desde a antigüidade, o que indubidablemente converte en verosímiles as suposicións anteriores⁵.

1. Sobre as escavacións na vila de Centroña ver José M^a Luengo Marínez.- “Excavaciones en la villa romana de Centroña”. *Brigantium*, A Coruña 1989/1990, vol 6, pp. 221 a 224.

2. Antonio Couceiro Freijomil.- *Historia de Pontedeume*, Pontedeume, 1995, pp. 20.

3. Fermín Pérez Losada.- “Excavaciones arqueológicas en la villa de Novilla”. Informe preliminar da campaña 1989. Inédito. Sobre o mesmo problema ver: Felipe Arias.- *A romanización de Galicia*, 1992, pp. 63 e seguintes.

4. *Catalogación castrexa da bisbarra de Ferrol*. Cadernos do Ateneo Ferrolán, ano sete, nº 5, 1987. Ibíd. Isidoro Millán.- *Topónimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña 1987, pp. 63 e 64.

5. Debemos lembrar aquí que, augas arriba da actual ponte, na zona de Caaveiro, hai un lugar que aínda hoxe se coñece co nome de “O Portiño” que alude a algún tipo de pasaxe fixo nun lugar determinado. Tamén existe a tradición dunha ponte romana no territorio de Caaveiro.

Da alta idade media tampouco contamos con documentación, nin sobre a vila nin sobre a ponte do Eume. Intentouse especular sobre a identidade entre a batalla de “Pontumium”, entre os reis Abd-al-rahman I e Fruela I no século VIII e a vila de Pontedeume, pero hoxe parece que se tende a situar esta célebre batalla preto do Umia e non preto do Eume, polo que de momento debemos descartar esa teoría namentres no haxa novos datos⁶.

Da baixa idade media, sen embargo, contamos con numerosos documentos que testemuñan a existencia da vila de Pontedeume e, por conseguinte, dada a identidade entre vila e ponte, da ponte mesma. É evidente a existencia da vila de Pontedeume en 1270, xa que nese ano Afonso X asina o documento de fundación e concesión de “pobra” e “foros”. No documento, coñecido a través de copias posteriores debidas ós sucesores do rei *Sabio* que ratifican as concesións daquel, aparece, como é obvio, citado explicitamente o nome de Pontedeume.: **“...et estos derechos et estos regalengos les damos en tal manera aquellos pueblen en el lugar que dizen ponte deume...”**. Parece polo tanto evidente que se en 1270 existe un lugar que chaman “Ponte deume”, tamén debería existir a ponte que lle dá nome ao lugar aínda que -como xa demostraremos máis adiante- esta ponte sexa de madeira.

Antes de 1270 hai, sen embargo, poucos documentos que aludan expresamente á vila dos Andrade. Isidoro Millán⁷ cita un documento do *Tumbo de Xubia*, de 1162, no que aparece claramente mencionado o nome da vila eumesa: **“..Per terminos de ponte de eume usque ad flumem conido...”**. Que saibamos, este é o documento máis antigo no que poidamos asociar os nomes de vila e ponte do Eume⁸. Non caberían sen embargo -como veremos máis adiante- moitas dúbidas sobre o lugar ao que se refire o texto co nome de “Ponte de Eume”. En todo caso a expresión fai alusión claramente á existencia dunha ponte sobre o Eume, nun lugar que recibe ese apelativo como topónimo. No *Tumbo de Caaveiro* aparecen citadas, case coa mesma grafía que teñen hoxe, todas as poboacións próximas a Pontedeume moito antes de 1270: Cabanas, S. Martiño do Porto, Eirís, Vilar, Centroña, Campo Longo, Nogueirosa, Ombre, etc. Pero, sen embargo, Pontedeume só aparece unha vez claramente citado nun documento que fai alusión a un preito dos veciños de Narahío. No citado documento firman varios notarios, entre eles un de Pontedeume: **...Johan Perez, escribán, fillo de Pedro Fernández de Castro da Pontedeume**⁹. Noutros tres documentos aparece a expresión “Pontes de Eume” que, polo contexto dos lugares refrenciais, non está claro que se refira á vila da que falamos. Non coincidimos, sen embargo, alomenos totalmente, con algún autor local ao afirmar que con esa expresión os escribáns se estean referindo á vila das Pontes pola que

6. Isidoro Millán.- *Toponimia del concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña 1987, pp. 31.

7. Isidoro Millán, op. cit., pp. 19.

8. Un documento anterior, de 1151, no contexto dunha doazón ao mosteiro de Nogueirosa, nunha posible alusión ao lugar de Pontedeume cita sen embargo a vila de Santiago (Vaamonde Lores.- *Ferrol y Puente deume*, A Coruña, 1009, pp.47)

9. Juan Carlos de Pablos Ramirez e outros.- “El Tumbo de Caaveiro”, documento 271, *Cátedra* 1997, pp.352 (AHN, cod 1439B, fol 113).

tamén pasa o río Eume¹⁰. De épocas máis recentes, contamos con numerosos documentos do Arquivo Municipal de Pontedeume nos que utiliza a expresión “Pontes de Eume” con numerosas variantes pero sempre en plural. En moitos destes casos non hai lugar a dúbidas sobre a alusión á vila eumesa. Lucas Labrada, como outros autores da época, utiliza a forma “Pontes de Eume” para referirse á vila de Pontedeume¹¹. O mesmo Couceiro Freijomil cita un documento de 1619 no que se usa a expresión “Puentes de Eume” para referirse á vila eumesa¹². Por outra parte, no *Tumbo de Caaveiro* parecen variantes de certos topónimos como “rippa de eume”, “rippadeume” ou “ribba-deume” que non sempre se refiren ao mesmo lugar, polo que é posible que, ademais dos topónimos actuais que levan esas denominacións, puidese haber na idade media outros lugares que levaran o nome dos topónimos antes sinalados e que hoxe non se conserven. Para rematar con esta disertación, tamén podería darse, como di Isidoro Millán, que as diferencias nos nomes dos topónimos se deberan ós distintos notarios que firman os documento e non teñan porque referirse a poboacións diferentes¹³. En todo caso, e malia as dúbidas arriba citadas, parece claro que a ponte e a mesma vila eumesa aparecen documentadas non só antes da construción da ponte de pedra, en 1380, senón tamén, e isto é o extraordinario, antes da propia fundación da vila en 1270.

Por suposto que a ponte da que falamos debía ser necesariamente de madeira como se afirma claramente no xa citado documento de confirmación de privilexios a Fernán Pérez de Andrade, de Juan I, asinado en 1384, e que sen lugar a ningún tipo de dúbidas confirma a existencia, previa a esa data, da ponte de madeira: “*...Según que la obo la dicha puente en tiempos pasados quando estava fha de madera...*”¹⁴.



Foto 1: Ponte provisional de madeira (1863/4).

10. Trátase de 4 documentos do *Tumbo de Caaveiro*, os números 36,234,236 e 259. Juan Carlos de Pablos Ramírez e outros, op. cit., tomo I, pp. 346; e tomo II, pp. 311,317 e 334. *Cátedra*, Pontedeume 1996 e 1997.

11. Lucas Labrada.-*Descripción económica del Reino de Galicia*.Vigo 1971, pp. 35.

12. Antonio Couceiro Freijomil.- Opus cit., pp. 279/280.

13. Isidoro Millán, op. cit., pp. 20/21.

14. Lores op. cit. Vaamonde, pp. 69.

A construción da ponte medieval e as súas características

Será precisamente o primeiro “señor” de Andrade, Fernán Pérez o Bo, ao que poderíamos chamar “o Constructor”¹⁵, o encargado de levantar esta magna obra da que Jerónimo del Hoyo chegou a dicir: **“...dicen que hicieron este puente los romanos y héchase bien de ver bien en ella, porque toda ella es onra de romanos y no es posible que siendo el río tan hondo y tan ancho y el edificio del puente tan grandioso que lo pudiese hacer ningún rei de aquellos tiempos ni aún de los de estes...”**¹⁶.

Segundo todos os indicios, a ponte constrúese entre o 1380 e 1386¹⁷, aínda que tanto este aspecto como a mesma figura do primeiro señor de Andrade cremos que necesita un estudio moito máis profundo adicado exclusivamente a estes temas. A figura de Fernán Pérez de Andrade o *Constructor*, convertido en xefe da súa familia arredor de 1360, primeiro señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba por concesión de Enrique II de Trastámara, resulta dunha gran envergadura para a Galicia do seu tempo polo que esperemos que, a non tardar moito, axiña se poida publicar un traballo sobre el no que, por outra parte, se aclare definitivamente o tema das datas da construción da ponte. Sen embargo, a modo de presentación do personaxe, faremos sobre el unha breve reseña biográfica. Fernán Pérez de Andrade (1317-1397) pertence ao segundo nivel da nobreza galega, a dos cabaleiros, que usurpando beneficios da igrexa sobre todo acadada certa relevancia a mediados do século XIV¹⁸. Na segunda metade deste século, a guerra civil entre Pedro I e Enrique de Trastámara permítelle a Fernán Pérez, utilizando habilmente o sistema de alianzas, acadar importantes beneficios unha vez que o seu pupilo, xa Enrique II de Castela, acade a victoria en Montiel en 1369 converténdose en rei de Castela¹⁹. Enrique II outorgará ao de Andrade importantes doazóns e privilexios entre 1371 e 1373 -logo ratificadas polos seus descendentes- que o elevan a un rango de primeiro nivel dentro do contexto da nobreza galega²⁰. Ao tempo que irá consolidando os privilexios recibidos, o primeiro señor de Andrade continúa a usurpar baixo a forma de encomenda importantes beneficios dos mosteiros próximos (Caaveiro, Xubia, Sobrado, etc.) e a desempeñar funcións de “Adiantado”, en Galicia, ao servicio dos intereses da dinastía dos Trastámara. Este labor acumulativo, así como a habelencia do Bo á hora de urdir as súas alianzas, converte a casa

15. Di Manuel Antonio Verin y González de Hedia na súa *Historia de Betanzos “que edificó siete iglesias, siete monasterios, siete puentes en siete ríos caudalosos y siete hospitales y, en todos ellos puso por armas, un oso y un jabalín”* (inédita, A.M.B). Outros autores recollen tamen esta tradición tanto de tempos pasados como actuais.

16. Jerónimo del Hoyo.- *Memorias del arzobispado de Santiago*, Santiago 1607, pp. 306.

17. Sobre este tema, pódese consultar: “A Ponte de Ume”, *Cátedra*, Pontedeume, 1995, pp. 25/26.

18. De tempos do conde D, Fernando de Andrade, existe unha relación de bens usurpados pola casa de Andrade ao mosteiro de Caaveiro que demostran a afirmación anterior (AHN, cod. 14390B, fol 114; publicado en *Cátedra*, número 4 -pp. 354 a 356.). Tamén Vaamonde Lores achega varios documentos sobre usurpacións a entidades relixiosas en S.Martiño de Andrade e noutros lugares (Vaamonde Lores, op. cit., pp. 48 e 74).

19. García Oro, D. *Fernando de Andrade, Conde Villalba*, Santiago 1994, pp. 17 e seguintes.

20. García Oro, D. *Fernando de Andrade, Conde de Villalba*, Santiago 1994, pp. 17 e seguintes.

de Andrade nunha das máis importantes de Galicia da súa época. Algo así vén dicir Vasco de Aponte cando, despois de enumerar as riquezas e privilexios de Fernán Pérez, afirma que o seu cortejo era tan grande que, cando chegaba a unha vila, tiñan de refrán dicir: **“...A coçer panadeyras que na vila é Fernán Pérez”**²¹.

As propiedades de Fernán Pérez o Bo distribuíanse por todo o norte de Galicia pero, especialmente, nos territorios de Pruzos e Bezoucos, a un e outro lado do Eume, entre Ferrol e Betanzos. Por outra parte, as comunicacións entre estes territorios próximos eran moi difíciles debido á particular orografía das Mariñas. Por eso adquire tanta relevancia para o de Andrade a construción de pontes. Importancia económica e importancia estratéxica que levan ao Bo a levantar entre Ferrol e Betanzos nada máis e nada menos que 4 pontes (Xubia, Pontedeume, O Porco e Betanzos) das que a máis relevante, sen dúbida, é a de Pontedeume, que unía o seu centro de actuación -en Pontedeume tiña pazo con torre e un castelo nas proximidades- cos seus castelos e posesións na zona de Ferrol e Betanzos²². Por outra parte a construción de pontes está en función do papel político que o de Andrade xoga en Galicia ao servizo da dinastía dos Trastámara en lugares tan afastados entre si como Viveiro ou A Coruña²³. Esta é a explicación fundamental do afán constructor de Fernán Pérez e, concretamente, a explicación dunha obra como a ponte do Eume que marabillou a tantos viaxeiros incluso en épocas relativamente recentes. Non podemos esquecernos antes de rematar este aspecto do importante papel que a ponte do Eume xoga no chamado “Camiño Inglés” no contexto da ruta xocoebea que, desde Cedeira e sobre todo Ferrol, ía a Santiago por Pontedeume, Betanzos e Sigüeiro, precisamente onde o de Andrade actúa como reparador ou constructor de pontes.

Todas estas causas explican o feito de que, entre 1380 e 1386, o primeiro señor de Andrade levante a Ponte do Ume que, ademais de ponte tiña dúas torres con dous oratorios na parte alta, un hospital para pobres e peregrinos, unha capela e un cruceiro²⁴.

Características da ponte

Para facer unha rápida descrición da ponte, tomaremos de referencia as ordenanzas municipais do concello de Pontedeume de 1622²⁵ citadas por autores como Antonio Couceiro Freijomil

21. Vasco de Aponte.-*Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Santiago 1986, pp. 153.

22. Sobre este tema ver: Verín y González de Hedia.- *Historia de Betanzos inédita* (AMB).

23. García Oro, opus cit., pp. 27. Sobre outra forma de velo fenómeno da proliferación de pontes na B.E.M, ver . Segundo Alvarado e outros.-*Pontes históricas de Galicia*, Santiago 1989, pp. 13.

24. Sobre este o lector pode consultar o traballo: “A Ponte do Ume”, *Cátedra*, 1995, Pontedeume pp. 25 e 26.

25. AMP.- Actas de Pleno, Caixa número 1.

ou Pablo Pérez Constanti e outros que trataron este tema. O fragmento seguinte pode darnos unha idea xeral da ponte: ***“...Por quanto en la dcha villa ay un gran brazo de mar para pasar y en el uno de los mas ynsigmes puentes de cantería de toda España, que tiene setenta y ocho arcos muy espaciosos y en medio della un hospital de mucha consideración y es tránsito y pasage de gran - dísimo concurso de gentes de a pie y de a caballo y recuas que concurren de todo este rreino y de Castilla y portugal...”***.

Como o proceso de construción é moi rápido, a cimentación é moi precaria, limitándose a un recheo de pedra estrada sobre a area a pesar de que moitos documentos tanto municipais como doutras instancias insisten en que estaba levantada sobre unha calzada de pedra. Os enxeñeiros que cimentaron a ponte moderna comprobaron que a suposta calzada non era máis que unha acumulación de cachote de pedra a un e outro lado dos piares para que a auga non traballara nelas. En todos os documentos manexados dise que a ponte é de cantería por fóra e de pedra miúda e barro nos recheos de arcos e piares. No proceso de construción non usan ningún tipo de argamasa nin grampas metálicas para unión das pedras de cantería, o que explica a fragilidade da ponte. A pesar de que o número de arcos foi diminuindo co paso do tempo, a lonxitude da ponte a penas varía: dos 78 arcos que a ponte tería nun principio -50 grandes e o resto iría diminuindo ata converterse en simples ocos de desaugue-, en 1649 quedaban 71 (851 metros), 63 en 1656 (848,7 metros), 58 en 1721 con 847 metros e 50 en 1860 cando comeza a ser demolido para a construción da ponte moderna. As diferencias son moi pequenas e, incluso, dada a lonxitude da ponte e os deficientes sistemas de medición da época, poden deberse a erros do propio proceso. O que diminúe é o número de arcos ao ir enchendo de pedra parte dos arcos caídos, sobre todo os máis pequenos, no lado norte da ponte, camiño de Cabanas. O taboleiro da ponte tiña unha anchura de 3, 3 metros incluíndo os peitorís e, á altura dos tallamares dos piares, aumentaba en 1,8 metros. Desde o arco 29 ata o 50, os tallamares ían diminuindo a súa profundidade ata desaparecer. Os arcos pequenos non tiñan tallamares. A altura da ponte comezaba con 5,5 metros e remataba con 2,4 polo lado norte. A amplitude de oco dos arcos oscilaba entre os 7,2 metros dos máis grandes aos 2,5 os máis pequenos.




Estructuras complementarias da ponte

A ponte constituía unha gran obra medieval e polo tanto estaba protexida por dúas torres con oratorios na parte alta e santificada por unha capela cun hospital encostado a ela e un cruceiro ao remate polo lado norte. Tiña tamén varias escaleiras das que a finais do século XVII só lle quedaban dúas polo lado leste, á altura dos arcos 9 e 39 respectivamente.

A torre da ponte estaba situada entre os arcos 8 e 9 e tiña na parte alta un oratorio adicado a S. Antonio namentres que a torre do Risco, situada entre os arcos 40 e 41, tiña no alto un oratorio dicado a nosa Sra do Risco. A fins do século XVIII, a primeira estaba en ruínas e a segunda







RECONSTRUCCION HIPOTETICA DA PO

Fernando Sarri




PONTE SOBRE O RIO EUME NO ANO 1721

miento Calvo



90 100 metros

Debuxo 1: Reconstrucción da ponte do Eume por Fernando Sarmiento sobre os planos de Miguel Ferro Caaveiro (cedidos pola familia Castiñeira) e os planos de Gabriel Vittini para a derruba do arco de Maldonado. (AMP C.111)



Debuxo 2: Perspectiva da ponte. FERNANDO SARMIENTO.

xa desaparecera coa riada de 1784²⁶. O cruceiro, en cambio, aínda se conserva á entrada da estrada do Oito, en Cabanas²⁷.


Características da capela e do hospital

No documento de confirmación do rei Juan I, de 1384, no que reitera as doazóns concedidas por Enrique II a Fernán Pérez, faise referencia explícita á construción da capela e do hospital aínda sen levantar nese momento ***“...y que en la dcha puente avedes facer una capilla onde se cantase una capellanía perpetua por el anima del rrey nuestro padre e un hospital do se acoxe - sen los pobres que por el pasasen y que era buestra boluntad de dar e dottar para siempre yamás a la dcha capellania perpetua...”***²⁸.

26. Para máis información sobre os temas arriba tratados remitimos ao lector o artigo sobre “A Ponte do Ume “ en *Cátedra* no ano 1995. Os datos sobre as características da ponte están tirados do citado artigo con precisións documentais do Arquivo de Pontedeume e do Arquivo Xeral da Administración Civil do Estado, ademais doutros documentos xa referenciados no traballo anterior.

27. Este cruceiro non sempre estivo no mesmo lugar. No século XVII estaba situado despois do arco 58. Coa substitución dos arcos pequenos por unha calzada, o cruceiro foi desprazado ao final desta, máis ou menos á altura do que hoxe é Hotel Sarga.(AMP, c 109, anos 1647, 49,e 56).

28. Vaamonde Lores.-*Ferrol y Puente de Ume*, Ferrol 1909, pp. 77 e 78.




A capela e hospital, coñecidos nos textos como capela do Espírito Santo e Hospital Pequeno respectivamente, quedan á morte de Fernán Pérez o Bo en 1397 baixo administración dos frades franciscanos do convento de Montefaro, fundado polo de Andrade pouco antes da súa morte. Para tales fins, Fernán Pérez realiza unha fundación perpetua dotada con parte dos beneficios que tiña na vila de Pontedeume. Como testemuño o fragmento seguinte: ***“...e que era buestra boluntad de dar e dottar para siempre yamas a la dcha capellanía perpetua e para mantenimiento de los pobres que se acoxiesen en el dcho hospital e para reparamiento del, el diezmo de la madre e mas el portadigo e el nuestro yantar(...) del qual diezmo e protadigo e yantar bos fiço merced e donación el dcho rrey nuestro padre...”***²⁹. Os frades de Montefaro tiñan a obriga de coidar polo mantemento do hospital por medio dun ou dunha hospitaleiro/a e ademais dicir dúas misas semanais, unha pola ánima do Bo e outra pola do rei Enrique II; ademais debían celebrar misa solemne por Pascua do Espírito Santo e vésperas ou sábado de Pentecostés.

Estes servicios relixiosos foron reducíndose co percorrer do tempo ao mesmo tempo que as instalacións se ían deteriorando ata o punto que, en 1707, expropiáronlles o dereito de cobrar o portádego ós monxes do mosteiro de Montefaro, substituído pola cantidade de 340 reais en calidade de esmola pola atención do hospital e polos servicios relixiosos³⁰.

29. AHRG.-Fondo Vaamonde Lores, nº 236, 4/6. Texto publicado tamén polo propio Vaamonde Lores en op.cit. Pp. 77/78.

30. AMP.-Expedientes de edificios públicos e afíns. Carpeta 110. *Real orde de recocto de hospitais e afíns.*



Debuxo 3: Detalle do arco da ponte.

A capela do Espírito Santo, da que aínda hoxe poden verse restos da súa base a uns 20 metros do último arco da actual ponte, estaba situada entre os arcos 20 e 21, orientada de leste a oeste sobre unha plataforma que distaba da porta da vila uns 278 metros. Encostado á capela, polo lado norte, estaba o hospital, reconstruído case na súa totalidade en 1708³¹ e practicamente en ruínas de novo a fins do mesmo século.

A capela, se lle facemos caso ás distintas fontes documentais manexadas, debía ter unhas dimensións maiores das que puideramos sospeitar en función da súa localización no medio da ponte. Un texto de 1772, redactado por iniciativa do visitador apostólico Juan Varela Fondevilla, pode darnos unha idea das características da capela: “...se pinte la torre de la gloriosa Sta Bárbara, reparen las puertas y el piso sobre la capilla con cielo raso de madera (...) se sotille la

31. AHRG.-Fondo Vaamonde Lores.-número 236,4/6.

pared por dentro y fuera y de blanco, lo mismo el pórtico. Se tapehen los güecos de sobre la puerta que da entrada a la capilla..."³². Se ao texto anterior engadimos outro fragmento tamén do século XVIII, poderémonos facer unha idea máis cercana á realidade do citado establecemento: *"...que se cubra el ara con encerado o estopa y se mude delante de la ymagen de nuestra Sra del Carmen onde ya ay la mesa de piedra y se puede celebrar misa. Priba se haga hacia el lado de la epístola interin no se macize de piedra y mude la mesa del altar: se ponga la efigie del ssmo Santocristo a la cruz de este: se reparen las puertas y el piso de la capilla haciendo cielo raso de madera hasta la primera viga :se ponga tarima delante de la mesa del altar que está de piedra(...) se tapehe la puerta que dice a la esquina del retablo y lado de la epístola dejando un tragaluz con vidrio y también se tapehen e pongan vidrios en los güecos de las puertas que eran entrada de la dicha capilla..."*³³.

Á luz destes e outros textos manexados, podemos entender que a capela do Espírito Santo se proxectaba sobre unha plataforma apegada á ponte e perpendicular a ela, que tiña un pórtico polo lado oeste da ponte, unha torre e dúas portas -unha delas comunicaba a capela co hospital-, un retábulo pétreo, dúas mesas de altar e, como mínimo, oito imaxes de santos: sete de madeira e unha de pedra dun metro de altura esta última³⁴. A capela ten dúas alturas. Nalgúns textos dise que a hospitaleira vive na parte alta e que se podía seguir misa desde as camas do albergue. Parece entón evidente que a capela debía ter unhas dimensións apreciables como máis tarde comprobaremos.

O hospital está encostado polo lado norte. Ata 1708 en que foi totalmente reconstruído, estaba sostido por dous arcos que o mestre de obras Domingo Maceiras reduce a un ao levar a cabo a reconstrucción antes sinlada : *"...Primeramente a de hacer el arco de nuevo que está a la parte de levante onde viene el río a la mar, que tiene un arco avajo con un pilar en el medio: y este dicho arco se a de labrar de nuevo(...) y no a de ser de dos os como estaba el viejo..."*³⁵. Como a capela á que estaba apegado, o hospital tiña dúas plantas como pode deducirse do fragmento seguinte: *"...hay un hospital en medio del puente sobre un arco de piedra que aun lado tiene una capilla(...) tiene junto a la capilla otra puerta que, en lo bajo tiene un aposento con dos camas y unas arcas y un corredor de madera sobre la mar. En lo alto tiene otros aposentos y cocina para la hospitalera y pobres..."*³⁶.

Dos textos anteriores podemos deducir que o hospital se levantaba sobre a mesma plataforma que a capela pero esta tiña un arco que a percorría debaixo do hospital. Polos documentos

32. AHDS.- Fondo parroquial, visitas 1602.

33. AHDS.- Fondo xeral, C 1270. Tamén AMP, C 283, ano 1835 (copia dos libros de fábrica polo escribán Juan José Lores).

34. AHRG.- Fondo Desamortización, nº 234, 4/6.

35. AHRG.- Fondo Vaamonde Lores, nº 236, 4/6.

36. AHDS.- Relación de hospitais da mitra compostelá, 1570, caixa 1262.

manexados argüímos que debeu ter un máximo de sete camas, pero a maior parte do tempo debeu estar e moi mal estado. Ás veces fálese de que o/a hospitaleiro/a suple coa súa dedicación a falta de recursos e reparacións que o citado establecemento precisa. Por este motivo, en 1707 ao mosteiro de Montefaro embárganlle o portádego substituíndoo por un subsidio en calidade de esmola de 340 reais³⁷. A fins do século XVIII, o hospital está en estado case ruinoso -non hai colchóns nas camas e a cuberta ten falta de tellas -sen que fructificaran as pretensións de Raxoi de reconstruílo e revitalizalo dotándoo de medios económicos.

En 1820, nun documento firmado polo alcalde de Pontedeume, afírmase que do citado hospital só quedan ruínas³⁸. Pola contra, a capela manterase en aceptable bo estado ata 1843 en que será destruída no contexto da última reparación que sofre a ponte antes de, á súa vez, desaparecer tamén vítima da modernidade. Nese ano a pedra da capela cédesse ao contratista das obras de reparación da ponte namentres que a madeira e a tella utilízanse para arranxar a igrexa de Santiago de Pontedeume³⁹. Por outra parte as imaxes e obxectos sagrados serán depositados por pedimento do cura párroco de Franza na mesma igrexa de Santiago⁴⁰.

O espacio que ocupaban a capela e o hospital debía de ser considerable. En total, baseándonos nas proporcións que aparecen reflectidas no proxecto de reconstrucción de Miguel Ferro Caaveiro, de 1784, supoñendo que os arcos próximos ao hospital eran os de maior oco (entre 7, 2 e 10,5 metros), o conxunto de hospital e capela debía ocupar unha superficie duns 18 por 9 metros, o que nos daría unha superficie total de arredor de 150 metros cadrados⁴¹. Capela e hospital estaban situados a 278 metros da porta da vila de Pontedeume e a 515 do final da ponte onde estaba situado o cruceiro⁴². Debemos entón corrixir datos e dimensións manexadas no artigo xa publicado en *Cátedra* sobre o mesmo tema, onde, baseándonos nas dimensións de arcos e piares da ponte, concluíamos que a superficie ocupada por hospital e capela era moi superior. En todo caso, pensamos que era unha superficie importante para o lugar en que os dous edificios estaban situados. As novas achegas documentais, sobre todo a memoria redactada por Miguel Ferro Caaveiro para a reparación e/ou reconstrucción da ponte en 1784, permítenos asegurar con total seguridade as dimensións do espacio ocupado pola capela do Espírito Santo e polo Hospital Pequeno así como a súa relación

37. Xa a finais do século XVII, o Concello de Pontedeume decidira embargalle ao mosteiro de Montefaro os dereitos relativos ao cobro do portádego polo abandono en que estaba a capela do Espírito Santo e o Hospital Pequeno (AMP,C. 109, ano 1696). As noticias sobre a retirada do portádego ao mosteiro de Motefaro dánolas o escribán de Pontedeume Andrés del Río quen, para contestar a unha real cédula, visita o citado mosteiro e as propias instalacións do hospital de maneira que nos dá interesantes datos tanto da súa historia como da súa situación en 1739 (AMP,C 110).


38. AMP.-Inventario de instalacións adicadas a beneficencia e a hospitais. C.238.

39. AMP.-Expedientes de edificios públicos e afíns, C 109 anos 1849 a 1843.

40. AHRG.-Fondo desamortización,atado n ° 234, 4/6. Tamén Arquivo privado de Manuel Felpeto.

41. Os materias tanto gráficos como documentais dos proxectos realizados por Miguel Ferro Caaveiro para a reparación da ponte do Eume fóronnos facilitados pola familia Castiñeira ós que desde estas liñas lles agradecemos a súa colaboración neste traballo.

42. AMP.-Expedientes de edificios públicos e afíns, C 109, ano 1808.



Debuxo 4: Capela e hospital.

co resto da ponte. Esta seguridade diminúe cando nos referimos ás dimensións do hospital e a capela antes de 1708, data na que foi case totalmente reconstruído como xa tivemos ocasión de comentar. En todo caso, é moi probable que as diferencias que puidera haber entre os edificios citados de antes e despois de 1708 deberon consistir en diferencias de calidade e non tanto de cantidade. O espacio ocupado sería máis ou menos, ou mesmo igual que as dimensións dos dous edificios.

A PONTE DO UME: UNHA LONGA HISTORIA

Como xa se dixo, a ponte é de cantería polo exterior e cachote de pedra (pedra seca) nos recheos de piares e tallamares. Na súa construción non se utiliza ningún tipo de morteiro nin grampas, de xeito que as pedras dos muros exteriores únense “a coitelo”⁴³, o que redunda na extraordinaria fragilidade dunha ponte moi longa (850 metros) e levantada sen a penas cimentación sobre as áreas da ría. Por eso, as índomitas correntes de Eume en tempo de crecida impediron que a ponte do Eume estivera enteira por longo tempo.

Ao longo da súa extensa historia (1380-1863), a ponte que lle dá nome á vila de Pontedeume estivo moi pouco tempo enteira. Era moi raro o ano, normalmente entre xaneiro e

43. AXA.- *Memoria explicativa del paso provisional del puente*. Expediente.11904..., C5725.....

abril, en que as riadas do Eume non provocaban ningún dano na ponte. Normalmente os danos consistían nalgún arco danado ou caído, o que obrigaba ás autoridades locais a recorrer a pasaxes de barcas rigorosamente reguladas e/ou a pasos provisionais de madeira, tamén moi regulados, namentres non se repoñía a estrutura pétreo. Os arcos máis afectados por tales accidentes eran os que estaban situados entre o hospital (arco 21) e a zona da torre do Risco, arcos 39 a 45; estes últimos os máis afectados.

As primeiras noticias sobre arranxos importantes na ponte proporcionávanos un preito entre o Concello de Betanzos e D.Fernando de Andrade en 1541 por cuestión de que o citado concello se negaba a participar nun “repartimento” de 300 000 maravedís para reparacións na ponte.

Os de Betanzos néganse alegando que o de Andrade gozaba do portadego para sufragar tales reparacións⁴⁴. Sen dúbida, estas non debían ser as primeiras reparacións que a ponte necesitaba porque a cantidade repartida indica que as reparacións requiridas eran de carácter xeral.

Xa unificadas as casas de Andrade e de Lemos a finais do século XVI, realízase unha gran obra de reparación na ponte que afecta unha gran parte das súas estruturas. En efecto, en 1588 repártense entre as sete provincias de Galicia 10 200 ducados para os citados arranxos que rematan en 1595 baixo a dirección do mestre de obras Xan de Caxigal. Neste caso as obras terminan suprimindo algúns arcos pequenos situados ao final da ponte pola banda de Cabanas⁴⁵.

A pesar das reformas anteriores a situación da ponte non debía ser dunha gran consistencia xa que, poucos anos máis tarde, en 1622, unhas ordenanzas municipais restrinxen de forma drástica a súa utilización: “...ordenaron e mandaron que ninguna persona sea osada de pasar por dcho puente con carros ni rastros cargados ni bacíos si no fuesen los carros bueltos del revés con las ruedas encima(...) y simismo ninguna persona sea osada de sacar ni desarraigar el marisco que está pegado debajo de la dcha puente y cimientos della...”⁴⁶. O que si é indubidable é a importancia da ponte para a vila eumesa. Nun escrito do procurador xeral, en 1617, falando de que debe ser ampliada a praza pública, afirma que a vila celebra 12 feiras e 12 mercados cada ano e, todo o mes de decembro, celébrase na vila feira franca⁴⁷.

O texto anterior amosa suficientemente o estado de fragilidade en que atopaba a ponte nas primeiras décadas do século XVI, pouco despois das reparacións de fins do século anterior. Algo

44. García Oro, op. cit., pp. 469.

45. AMP 1.7.1.- Caixa 109 e AMP, 1.8.1 Caixa 454.

46. AMP, Actas de pleno, Carpeta número 1, ano 1622. A interpretación deste fragmento seméllasenos difícil, xa que non é doado imaxinarse xente pasando a ponte cos carros do xeito que sinala o texto arriba citado: “los carros bueltos del revés...”. O único que se nos ocorre ao respecto é que seguramente as ordenanzas tratan simplemente de impedir o paso de carros pola ponte.

47. AMP.-111, ano 1917.

máis tarde, en 1647, a ponte volve ter interrompido o tráfico pola caída de varios arcos⁴⁸. Entre 1647 e 1656 sucédense varias reclamacións do Concello de Pontedeume pedindo que se leven a cabo “repartimentos” para que se arranxen os desperfectos da ponte. Sen embargo, unhas veces por defecto de forma e outras por desavenencias entre as cidades nas que se debe repartir as cantidades necesarias para a reparación citada, ata 1656 non se aproba o tal “repartimento”. Neste ano, como un trámite burocrático máis dese proceso, ten lugar unha inspección ocular “vista de ojos” en expresión documental. Nesa “vista de ojos”, por primeira vez, oímos falar de substituír 41,7 metros de ponte caída (150 pés) por unha calzada ao final da mesma, polo lado de Cabanas. Tamén se propón que, dado o carácter pantanoso do terreo polo que atravesa a ponte, polo lado norte, se engada ós 41 metros antes citados outro tramo de 159 metros de calzada⁴⁹.

Nesta época fálase de que a ponte ten 63 arcos entre grandes e pequenos. De todas maneiras, e aínda que o devandito repartimento foi aprobado legalmente polo Consejo de Castela e pola Audiencia de Galicia e, aínda que se puxo a pregón en moitas capitais, non se levou a cabo polos impedimentos que ofreceron algunhas cidades e, ao final, a vila de Pontedeume tivo que facer fronte ás reparacións por si mesma. E así, en 1665, o Concello de Pontedeume contrata a Sebastián Salgado, mestre de obras, por 1843 reais para que leve a cabo ás reparacións máis urxentes. Desde esta cantidade ata os 37250 ducados que se estimaban necesarios para unha reparación eficaz da ponte, vai unha gran diferenza que, indubidablemente, nos fala de que as reparacións son só parciais⁵⁰.

No AMP existen numerosos documentos que nos falan de que a mesma situación mantense no que resta do século XVII, no que a vila de Pontedeume ten que facer fronte en solitario ao mantemento da ponte⁵¹. O citado mantemento é, de todos os xeitos, moi precario, dada a gran lonxitude da ponte e a violencia das riadas do Ume; e en moitos casos débese recorrer a pontes provisionais de madeira que manteñen aberto o paso pola ponte só para peóns e, ás veces, para cabaleirías, namentres que o tráfico de mercadorías ten que realizarse por medio de lanchas con prezos, horarios e encargados minuciosamente regulados polas autoridades locais.

Os grandes cambios dos séculos XVIII e XIX

Na primeira década do século XVIII realízanse importantes reformas na ponte, ademais da reconstrución case total do hospital, aspecto este tratado xa nun capítulo anterior adicado ao hospital e á capela da ponte. Pero, ademais dos arranxos que o mestre de obras Domingo Maceiras leva

48. AMP.-1.7.1. C. 109 e 1.8.1.- C.454


49. AMP.-1.7.1.-C.109 anos 1647,1649,1652,1656.

50. AMP.1.7.1.- C. 109

51. Esta afirmación aparece claramente manifestada en varios documentos dun preito entre a cidade de Betanzos e a vila eumesa entre 1719 e 1721(AMP,C.109).

a cabo no hospital, entre 1705 e 1710 prodúcense reparacións que afectan a 67 metros de ponte pola zona da torre do Risco, donde as riadas eran máis violentas e producían máis dano⁵².

Malia estas obras e outras menores, en 1718 as autoridades municipais insisten na necesidade dunha reparación máis profunda que se afrontará en 1721 cando a vila eumesa se viu libre de pagar un arbitrio que pretendía recadar Betanzos e que ascendía a 257200 reais⁵³. Na “vista de ojos” que se leva a cabo co fin de realizar un proxecto de reparación, dedúcese que a ponte ten 50 arcos grandes e 8 pequenos, dúas torres, un cruceiro e o hospital e maila capela⁵⁴.



Debuxo 5: Casa de Maldonado

Xunto con estas obras, ao longo de século XVIII seguen a levarse a cabo tarefas de reparación na ponte, nos anos 1726, 1740, 1764 e 1776, antes de que, en 1783, unha gran riada se levara por diante cinco arcos da zona do Risco xunto coa propia torre, ademais dun arco pegado ao hospital. Da magnitude da traxedia fálanos o feito de que se teña que establecer un servizo de barcas e, no 1785, un paso provisional de madeira, como unha medida provisional ata a reconstrución das partes danadas. Realiza a inspección ocular Miguel Ferro Caaveiro, outro arquitecto compostelán, quen nos fala de que estaban en ruínas os arcos 22,39,40,41,42 e 43 ademais da propia torre do Risco. O arco 29 estaba xa substituído de antes por un muro de pedra así como a maioría dos arcos pequenos⁵⁵.

52. AMP.1.7.1.C. 109 e 1.8.1.-C 454.

53. Ano 1721 AMP.-1.7.1.- C. 109.

54. Dirixe esta inspección ocular en 1721 nada máis e nada menos que o gran arquitecto compostelán Fernando de Casas Novoa, o que pode darnos unha idea da importancia que a ponte do Eume tiña a nivel de Galicia (AMP.-C) .

55. Como representación gráfica das ruínas provocadas pola riada de 1783, contamos cos planos dos proxectos de reparación e/ou reforma da ponte de Miguel Ferro Caaveiro de 1884 cedidos pola familia Castiñeira. Son abundantes tamén os documentos relativos a todo o relacionado coas medidas tomadas polo Concello de Pontedeume entre os anos 1883 e 1886 no AMP, C.109.

No século XIX continúa a mesma tónica do século anterior. Así, arraxadas apuradamente as ruínas de 1783, en 1801 volve a haber un arco caído como era habitual na historia da ponte e, arraxado apuradamente o arco caído, en 1810 o xeneral Abadía arraxa a maior parte do pavimento da ponte e repara tres arcos que ameazaban ruína, o que non arraxa totalmente os problemas da ponte xa que, por unha parte, a documentación insiste en que os arraxos do militar foron limitados e, por outra, en 1811 volve haber arcos en estado de reparación froito da constante obra de desgaste das riadas provocadas polo río Eume⁵⁶. Esta é tónica xeral que podemos seguir a través da documentación nos anos posteriores, nos que se seguirán a realizar pequenos arraxos na ponte que nunca atacan o problema de raíz, que consistiría nunha reparación e/ou reconstrución integral desta obra. En 1843 realízanse as últimas obras de importancia, neste caso xa financiadas e dirixidas pola Deputación da Coruña. As obras de 1843 realízanse despois de que na década de 1830 os concellos de Pontedeume e Cabanas realizaran continuas reclamacións perante os organismos oficiais, chegando incluso ata as propias Cortes do Estado. Nestas reclamacións solicitan unha reparación estrutural que adapte a ponte ás novas necesidades xurdidas dunha sociedade en vías de industrialización e cun comercio convertido en pedra angular das economías modernas.

Neste contexto lévanse a cabo as obras de reparación e reforma da ponte en 1843 que afectan ós primeiros 20 arcos (278 metros) e a 167 metros na zona da desaparecida torre do Risco⁵⁷.

Desta reforma a ponte, que chegara a ter 78 arcos, queda reducida a 50 arcos, sen ningunha das dúas torres, sen o hospital (xa en ruínas desde principios de século) e sen a capela do Espírito Santo que aparentemente se conservaba en bo estado a vulgar polas imaxes e obxectos sagrados que aínda albergaba.


A pedra da capela do Espírito Santo regalalla o Concello ao contratista da obra, namentres que a súa tella a a súa madeira destínanse a amañar a igrexa de Pontedeume, a onde irán parar, ademais, as numerosas imaxes e obxectos sagrados que recollerá o cura párroco de Pontedeume⁵⁸. Da mágnifica obra de Fernán Pérez o Bo só quedan -como se dixo antes- 50 arcos e o cruceiro, como testemuña muda de tanto cambio, todo con aspecto vetusto e renqueante tal e como o debuxa Genaro Pérez Villaamil en 1849⁵⁹. Porque a unha ponte como a construída por iniciativa do primeiro señor de Andrade, sen utilizar morteiro, nen grampas, e sen fundacións ou cimentos adecuados, moi estreita e pouco resistente, non é posible facerlle máis reformas e/ou reparacións que sempre serían caducas. Debe ser reconstruída integramente ou o que é o mesmo, ser substituída por unha nova ponte que sexa capaz de responder ás necesidades dun intenso tráfico e con vehículos de

56. AMP,CC. 6 e 109.

57. AMP,CC 109 e 110, anos 1839 a 1845.

58. AMP,CC. 283(1835), 110(1843), 109.(1839 a 45) e AHRG, Fondo desamortización (mosteiro de Montefaró)

59. O oso e o xabarán foran desprazados do seu lugar na ponte por un escuadrón de soldados algo antes de 1783 (Arquivo privado de Fernando Bruquetas de Castro).



Mapa 1: Pontedeume en 1872 (AXA carpeta 5725).

moito máis peso que os que podía soportar a ponte gótica basicamente concebida para cabaleirías e persoas, non para carruaxes de gran peso.

Efectivamente, desde o último tercio do século XVIII, véñense planificando en toda Europa e tamén no Estado español grandes infraestruturas viarias. Xa en 1761, unha real cédula prevé a construción dunha rede de itinerarios de camiños de postas que, en Galicia, non segue o vello camiño de peregrinación senón que desde Benavente continúa en dirección á Coruña pasando por Lugo. Desde A Coruña prevese a construción de camiños transversais como os de A Coruña-Santiago, A Coruña-Ponte Sampaio, ou A Coruña-Paiosaco. Posteriormente proxéctanse camiños reais desde Santiago a Ourense, Ferrol a Rábade e/ou Betanzos-Ferrol⁶⁰. Os proxectos sinalados non se levan a cabo maioritariamente ata a década de 1840. Neste época desestímase nun principio o itinerario Betanzos-Ferrol a prol do Ferrol-Rábade, máis acorde coa concepción radial das infraestruturas viarias do Estado. Sen embargo a presión social e política de vilas como Pontedeume, Mugaros ou Ares evita que o itinerario Betanzos-Ferrol quede á marxe da planificación viaria. En 1849 os citados concellos envían á deputación provincial para a súa remisión ao ministerio milleiros de firmas recollidas en vilas e aldeas solicitando a construción da citada estrada⁶¹. Parece que as protestas foron eficaces porque, en 1856, nas *Memorias sobre el estado de las carreteras estatales* de Cipriano Segundo Monteserín, afírmase que da estrada Betanzos-Ferrol, de

60. Carlos Nárdiz Ortiz.-*El territorio y los caminos en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago 1992, pp. 259 a 270.

61. AMP.-Expedientes de camiños e estradas, C 108, ano 1849.

39 quilómetros, están xa rematados 17, máis ou menos igual que os tramos realizados da variante Ferrol- Rábade⁶². Pola mesma época estanse a planificar e construír os primeiros tramos da rede ferroviaria. Todo isto fálanos de grandes cambios cualitativos e cuantitativos en relación á historia precedente, contexto no que non ten cabida unha ponte de orixe e estrutura medieval. Algunha destas pontes, como as de Xubia ou Betanzos, moito máis curtas, adaptáanse a nova rede viaria; outras, como ponte Baxoi, preto de Miño, quedan en desuso ao variar o percorrido á nova estrada. No caso da ponte do Eume, a súa adaptación é imposible debendo substituíla por unha nova ponte.

Os enxeñeiros Francisco Cejudo e Celedonio Uribe, na memoria explicativa do proxecto da ponte nova, describen os principais problemas da ponte antiga: desprendemento de pedras de cantería, separación de doelas, discontinuidade de liñas, estado ruinoso de piares e cortamares, enormes acumulacións de pedras a un e outro lado da ponte que, máis que protexer os piares, ameazan taponar os ocos dos arcos, etc⁶³. Quizás o seguinte fragmento nos axude mellor que a enumeración dos infinitos problemas da ponte, a comprender o seu estado e as súas estruturas ou “debilidades”: ***“...Pues, se ha observado, al ejecutar los muros de las avenidas del puente provisional y al demoler alguno de los arcos comprendidos entre sus muros, que los primeros sillares de arranque descansan simplemente sobre la arena sin indicio alguno de escollera o fundación de ningún género y relleno interior de los macizos de las pilas con piedra en seco(...)ni hay muestras de que se haya empleado mortero en sus fábricas habiendo sólo alrededor de las pilas una capa de medio metro de espesor de escollera formada con un encantado que sirve de defensa de las corrientes lo que dio lugar a creer que el puente descansa sobre ella...”***⁶⁴. En 1863, cando se firma a memoria da que está sacado o anterior fragmento, a ponte medieval só ten 40 arcos xa que as obras previas á construción da nova ponte xa comezaran en 1861 coa construción das avenidas e estribos da mesma: polo lado esquerdo (o da vila de Pontedeume) quedou suprimido o primeiro arco da anterior ponte e, polo lado dereito (o de Cabanas), os 9 últimos arcos quedaron acubillados debaixo da base da avenida e estribo dereito (Ver plano 1).

Os enxeñeiros afirman que, a pesar de que o seu estado era precario, a ponte antiga non ameazaba ruína inmediata pero que só era apta para o paso de persoas e cabaleirías, para o que basicamente fora concebida a fins do século XIV.


En todo caso a hora do seu relevo definitivo chega en 1863, cando os seus últimos 40 arcos empezan a ser demolidos para edificar os novos arcos e prolongar a avenida dereita da nova ponte⁶⁵.

62. Carlos Nárdiz Ortiz, op. cit., pp. 271.


63. AXA.- *Memoria del paso provisional*, 1863, Expediente 11904, Carpeta 5725.

64. En moitos documentos manexados desde o século XVI, tanto do AMP como doutros arquivos, afirmábase contundentemente que a ponte se levantaba sobre unha calzada, cousa que desmentiron categoricamente, como arriba se di, as escavacións levadas a cabo con motivo da cimentación dos piares da nova ponte. O texto está tirado da memoria explicativa do paso provisional de 1863, xa citada anteriormente.

65. AXA.-*Memoria descriptiva del paso provisional del puente de Puente de Ume*, 1863, Expediente 119094, Caixa 5725.



Plano 1. AXA C.5725




A PONTE MODERNA

En 1859, da estrada Betanzos-Ferrol só queda por realizar o tramo que corresponde á ponte de Pontedeume que, como vimos insistindo, non é posible acomodala ás novas necesidades do tráfico. Nese senso a Real orde do 13 de outubro de 1859 ordenaba a construción dunha ponte nova que se realizaría en varias fases: en primeiro lugar estableceríase un paso provisional composto das avenidas e estribos de cantería que servirían tamén para a ponte definitiva e, entre os estribos, un paso propiamente provisional, de madeira, namentres non se remataba a ponte nova.

Avenidas e estribos están construídos a mediados de 1861.

A ponte de madeira constrúese entre febreiro de 1861 e decembro de 1862 e entra en servizo este mesmo mes. Ten 580 metros de longo por 4,6 de ancho. Esta ponte, concebida para durar 6 anos, estará en pé ata o ano 1873, aínda que nese intre xa estivera aberta a nova ponte que, como veremos a seguir, entra en funcionamento no verán de 1870⁶⁶.



Plano 2. Proxecto da ponte nova de 11 arcos e relación cos arcos da ponte medieval (AXA C.5725).

As obras da ponte moderna


En 1863 -como xa se dixo- comeza a demolición dos arcos que quedan en pé da ponte vella⁶⁷. Ese mesmo ano empeza e remodelarse a rede viaria de vila de Pontedeume xa que, ao construír a avenida e estribo esquerdo, elévase o nivel das rasantes en relación ós puntos de arranque

66. En 1873 o enxeñeiro xefe da obra Juan Vildosola solicita ao director xeral de Obras Públicas que, diante do mal estado de conservación da ponte de madeira e os impedimentos que provoca para o tráfico de barcas, se lle concedan ao gobernador civil da provincia os materiais aprobeitables da ponte de madeira a cambio de que pague do seu peto o traballo de desmontala (AXA.-C.5725 Expediente 11905 sig 24/16)

67. AXA.- *Memoria explicativa del paso provisional del puente de Puente deume*. Expediente e Caixa xa citados

das rúas da vila quedando parte destas inutilizadas para o tráfico de carros, sobre todo a rúa Real e a rúa de S.Agustín. Esta última será profundamente remodelada, suprimindo os soportais de sete casas e retirando as fachadas destas para permitir o paso de carruaxes. As obras, que tamén afectan a outras dúas casas, son adxudicadas a José Varela o 25 de xaneiro de 1863 en 15830 reais⁶⁸. En cambio, a remodelación da parte baixa da rúa Real quedará pendente debido á necesidade de suprimir o arco e torre de Maldonado como solicita o Concello de Pontedeume por pedimento dos veciños en varias ocasións⁶⁹.

En total, a construción das avenidas, dos estribos e da ponte de madeira, que se leva a cabo polo sistema de administración, custou 1 262 409 reais⁷⁰. En canto á ponte de nova creación, despois de rexeitar os proxectos do enxeñeiro Uribe de situala en Ombre, proxéctase no mesmo lugar da ponte antiga, con só 11 arcos situados sobre os cimentos (en realidade non os tiña) dos arcos 2 a 12 da ponte antiga procurando que non coincidiran as cimentacións da nova cos piares da antiga, “...haviendo la distribución de vanos de tal manera que resultase el emplazamiento de cada una de estas (pilas), en cuanto fuera posible, en medio de aquellas...”⁷¹.



Características da ponte moderna

A nova ponte ten un longo total de 147 metros, 121 de oco e 26 de piares ós que hai que engadir 388 metros da avenida dereita levantada entre dous muros paralelos de cachotería recheos

68. AMP, Expedientes de obras públicas e afíns, C 111.

69. AMP.-Actas de pleno C 398, ano 1870. Non é este o único escrito no que se solicita a adaptación da rúa Real para permitir a súa conexión coa ponte nova. Tanto carpetas 109 e 111 do AMP como do expediente 11905 da carpeta 5725 do Arquivo Xeral da Administración Civil, aparecen varias referencias de anos distintos a esta necesidade dos veciños de Pontedeume.

70. AXA.- *Memoria de liquidación de obra*, C.5725 ,expediente 11904.

71. AXA.-*Memoria de la obra del puente sobre el río Eume*, C 5725, Expediente 11904, sig 24/16.

de pedra e 26,5 metros da avenida esquerda, o que dá un longo total de 561 metros, moito máis curta, aínda incluíndo as avenidas, que a ponte medieval. Só os piares do 2º ao 7º levan escolleiras de pedra, sen ningún tipo de formigón como estaba previsto, para aforrar. Os primeiros tres arcos e os tres últimos son de medio punto, de 10 metros de oco con piares de 2,70 metros de grosor e bóvedas de 0,75 metros. Os cinco arcos centrais son de carpanel, con 12,5 metros de oco en arco, piares de 4 metros e bóvedas de 0,85 metros. O ancho total da ponte é de 8,91º metros dos que, 5,5 son de calzada. Os peitorís teñen 0,80 metros de grosor. Os muros de piares cortamares e as caras exteriores dos arcos son de pedra de cantería, namentres que os muros que sosteñen os diques das avenidas son de mampostería. Polo lado de Pontedeume, a ponte remata nunha escaleira cunha varanda e dúas ramplas laterais apegadas para o tráfico de carruaxes⁷².

A obra orzáméntase en 2189352 reais, dos que 490 352 son destinados ás fundacións da nova ponte namentres que 1 699000 son para a construción dos arcos e piares da mesma.

Tanto a ponte de madeira como as fundacións da obra de fábrica son realizadas polo sistema de administración. En cambio a construción da ponte propiamente tal faise polo sistema de contrata pública, que se realiza perante do notario público Juan Vivó, en Madrid, o 22 de xullo de 1864, adxudicándose a José Mª Rey, veciño de Coruña, na cantidade arriba sinalada⁷³. En xullo comezan as obras de demolición da ponte vella da que se aproveitan as pedras de cantería para a nova edificación, mentres que o resto de materias emprégase para escolleiras da ponte de madeira e para tapar pozas existentes no leito da ría. As obras da ponte comezan o 15 de outubro de 1864, algo despois do previsto segundo un documento en que se concede unha prórroga dun mes a D.José Mª Rey para retrasar o comezo das obras⁷⁴.

O remate das obras, que estaba previsto para marzo de 1867, sen embargo vaise alongando ata abril de 1870 en que se lle rescinde o contrato a José Mª Rey, despois de catro prórrogas seguidas aprobadas por Obras Públicas⁷⁵. Cando se lle rescinde o contrato a J.Mª Rey só quedaban sen rematar algúns detalles da ponte e as obras adicionais, solicitadas polo constructor en 1867 e aprobadas dous anos máis tarde. Consistían nunha escaleira con dúas ramplas laterais para carruaxes situada ao remate da ponte fronte ao arco de Maldonado, unha escolleiras para protexer a rampla do dique e unha rampla augas abaixo da ponte. A pesar de que se lle rescinde o contrato, o contratista segue a realizar traballos na ponte, co permiso dos enxeñeiros; xa que estas obras eran nece-

72. AXA.-*Proyecto de reforma del puente de Puente deume*, elaborado por Francisco Cejudo e Celedonio Uribe, Expediente 11904, Caixa 5725, sig 24/16.

73. AXA.-*Informe de los trabajos realizados por D.J.Mª Rey en el puente de Puente deume* (Memoria de liquidación de obras) Expediente 11905, Caixa 5725 sig 24/1

74. Sen dúbida debeu influír algo na tramitación das obras da ponte o feito de que nos momentos en que esta se leva a cabo é director xeral de Obras Públicas D.Frutos Saavedra Meneses (AXA.-Expediente 11905,C 5725 sig 24/16.

75. Informe dos traballos realizados por D.José Mª Rey na ponte de Pontedeume para a liquidación da obra (Expediente 11905, C.5725, sig 24 16.



Foto 2: Ponte de Madeira 1866/7.

sarias para a recepción provional da ponte⁷⁶. A recepción provional das obras da ponte faise en xuño de 1870 e, desde ese momento, dado o grao de deterioro da ponte de madeira, ábrese ao tráfico⁷⁷. Un ano despois faise a recepción definitiva.

A ponte de madeira estivo en pé polo menos ata 1873. Neste ano o enxeñeiro Juan Vildosola solicita ao director xeral de Obras Públicas que se lle concedan ao gobernador civil os materiais da ponte a cambio da súa demolición, xa que o mal estado da mesma dificulta a navegación⁷⁸, o que ten provocado as protestas do gremio de armadores e varias ocasións.

Tamén é motivo de protestas o feito de que a nova ponte remate nunha escaleira con dúas ramplas laterais encostadas, moi pendentes (12%), o que dificulta a conexión de Pontedeume coa súa ponte, prexudicando os veciños da vila que, en varias ocasións, piden a expropiación do arco de Maldonado⁷⁹. A pesar destes problemas, entre 1870 e 1874 a ponte afronta con éxito as tarefas

76. Sen dúbida tivo algo que ver nestes últimos traballos o feito de que a J.M^a Rey débenlle cando se lle rescinde o contrato 479 939,17 ptas (*Memoria de liquidación de obras del puente de Puente de Ume* dos enxeñeiros Uribe e Cejudo firmados en 1876. Expediente 11905, C 5725, sig 24/16.

77. Ver cita 72.


78. AXA.- Solicitud do enxeñeiro Juan Vildosola ao director xeral de OO.PP. Expediente 11905, C.5725, Sig 24/16.

79. AMP.-Actas de pleno (13-VIII-1870) C 398.

para as que foi levantada, xa que non se rexistra, nestes anos, ningúnha avaría importante, se exceptuamos a provocada polos “*sucesos de Ferrol*” de 1872 que obrigan a unha pequena reparación que ascende a 760 pts⁸⁰. Sen embargo, a vida desta nova ponte é curta. O 26 de decembro de 1874, un Eume embravecido arrasa os tres primeiros arcos da nova obra, deixando unha vez máis, como nos tempos da ponte gótica, o tráfico interrompido.

Obras de reparación e reforma da ponte moderna

A caída dos tres primeiros arcos da ponte, os máis próximos a vila, provoca o establecemento dun servizo de barcas desde o mencer ata o solpor, con prezos estritamente regulados para personas cabaleirías e cargas de distinta natureza. Os días ordinarios, este servizo aténdeo unha lancha e dúas barcas namentres que os días extraordinarios está atendido por tres lanchas e oito barcas atendidas por *profesionais do mar*⁸¹. Case ano e medio máis tarde, en maio de 1875, e diante



Plano 3. Pasarela de madeira (1876).

80. Os sucesos de Ferrol están provocados por unha insurrección federalista que parte do arsenal e pretende estenderse á comarca: No caso da ponte, os insurrectos intentan impedir a chegada á Ferrol de forzas para reducilos o que ocasionará danos de certa consideración na ponte.

81. AMP.- Carpeta 109, ano 1874.

das protestas de veciños e autoridades municipais, o enxeñeiro Joaquín Bellido envía á Dirección Xeral de Obras Públicas un proxecto de paso provisional ou pasarela que só será aprobado en 1876 pola presión das autoridades locais, xa que as autoridades de Obras Públicas consideraban perigosa a citada pasarela. A citada pasarela consta de dous tramos de 15,80 metros cada, cunha lonxitude total de 31,6 -no proxecto definitivo serán 33 metros- e un ancho de 2,20 metros⁸². (Ver plano 3) Este paso provisional une o estribo esquerdo da ponte, próximo a Pontedeume, cos arcos que non foron afectados pola riada permitindo o paso a persoas e animais ata que se constrúa unha nova ponte provisional de madeira. Continúa, polo tanto, o servizo de barcas para o tráfico de mercados, carruaxes e animais pesados.

En decembro de 1877, firmado polo enxeñeiro Juan Vildosola, envíase á Dirección Xeral de OO.PP. o proxecto de reconstrución da ponte que, de levarse a cabo integramente, cambiaría por completo a paisaxe do contorno de Pontedeume. Consta o citado proxecto das seguintes partes: cubrir o espazo dos tres arcos caídos cun muro que prolongaría o estribo esquerdo da ponte, consolidar as estruturas non danadas pola riada de 1874, demoler parte dos muros da avenida dereita e construír entre esta e os arcos sans unha ponte de ferro con tres vans de 30 metros cada un, ampliando o oco de ponte en 90 metros⁸³. Contempla tamén o citado proxecto a construción dunha nova ponte provisional de madeira de 35 vans de sete metros cada un e un total de 245 metros (o proxecto de ponte de madeira xa fora enviado á Dirección Xeral en marzo de 1876), antes de que o proxecto final de reconstrución da ponte estivera rematado⁸⁴. Como pasara coa construción da primeira ponte, a de 1870, as obras de fábrica realízanse polo sistema de contrata namentres que a construción da ponte de madeira faise polo de administración. As primeiras fases da obra-alongamento da avenida esquerda sobre os espazos dos arcos caídos, consolidación dos arcos que resistiran a riada (tres de medio punto e 5 de carpanel) e fundacións dos novos tramos de ponte, adxúdicáronse en Madrid o 20 de novembro de 1879 a Joaquín Pla y Friges, en 280 000 ptas, despois de saír publicadas no BOP o 10 de outubro de 1879, no número 37⁸⁵.

En canto á nova ponte de madeira, en 1880 refórmase o proxecto de 1876 modificando o número de tramos e a luz dos seus ocos, quedando en 17 tramos de 12 metros cada un, o que dá un total de 204 metros. Aprobado o proxecto reformado a principios de 1880, constrúese rapidamente, entrando en funcionamento en agosto de 1881. O custo desta ponte ascende a 82527,71 ptas, ao

82.

83. A principal causa da caída dos tres primeiros arcos en 1870 foi motivada pola enorme extensión do muro da avenida dereita, que cambiou por completo as correntes na desembocadura do Ume á saída da curva de Ombre, dirixindo o brazo dereito da corrente do río cara ao extremo esquerdo da ponte, o que provoca a ruína dos tres arcos máis próximos á vila. Ao abrir oco na avenida dereita, preténdese reconducir a corrente do río evitando futuros accidentes deste tipo. Estas consideracións aparecen na xustificación do proxecto de reconstrución da ponte (AXA.-Expediente 11908, C 5725 ,sig 24/16).

84. AXA.- *Memoria del proyecto de puente de hierro sobre el río Ume*, asinado polo enxeñeiro Alfredo Alvarez Cascos e o enxeñeiro xefe Joaquín Vildosola. Expediente 11908,C 5725, sig 24/16.

85. AXA.-Expediente 11908, C 5725, Sig 24/16.No B.O da provincia de Coruña nº 37(3-VIII de 1879), ordena subastar as obras para o 10 de outubro de 1879.

que haberá que engadirlle o custo de dous tramos máis construídos en 1884 -un de 10 e outro de 12 metros- que sumou 8432,8 ptas. En total, o custo da ponte de madeira ascendeu a 90960,71 ptas.(Ver plano 4)

En 1887, coas novas estruturas a piques de rematar, debido ao estado de deterioro desta ponte, houbo que investir 10224,81 ptas en reparacións na mesma para que se puidera seguir utilizando⁸⁶.

A reconstrucción da ponte de pedra

O retraso na reconstrucción da ponte, como poderíamos esperar, provoca protestas tanto dos armadores como do propio concello que, en 1878, se dirixe ao ministro de Fomento, unha vez máis, requirindo unha rápida adxudicación das obras pendentes⁸⁷. Como no caso da ponte de madeira, o proxecto orixinal de ponte de ferro irá sufrindo modificacións a medida que pase o tempo. En 1883 redúcese de 30 a 25 os metros de cada van, seguindo criterios da xunta consultiva da Dirección Xeral de OO.PP. Pero, en febreiro do ano seguinte, en 1884, a mesma xunta consultiva rexeita o proxecto inicial de Álvarez Cascos e decide suprimir o proxecto de ponte metálica, substituído por sete arcos de pedra, de medio punto, con 10 metros de luz por oco cada un, engadidos a continuación dos 5 de carpanel e dos tres de medio punto que quedaban da obra de 1863 a 1870. Os sete arcos achegaríanlle á ponte 70 metros adicionais de luz, os mesmos que se contemplaban no proxecto de reforma inicial, de 1883, no que se contemplaba unha ponte metálica de tres vans e unha lonxitude total de 75 metros -nun principio eran 90 metros de longo- que solucionaría o problema das correntes do río antes citada⁸⁸. Os 70 metros de oco dos sete tramos engadidos, como se comprobou posteriormente, cumpren con eficacia a súa función de canalizar a corrente dereita do río evitando así accidentes coma o de 1874.

A obra foi subastada en Madrid o 24 de outubro de 1884 adxudicándolla a Hilario Fernández en 159333 ptas. Posteriormente o adxudicatario cede a contrata en favor Joaquín Pla y Frige, quen se subroga nas condicións acordadas na acta de adxudicación. Joaquín Pla xa viña traballando nas obras da ponte desde 1879, polo que Hilario Fernández parece ser un intermediario do constructor coruñés para evitar a viaxe a Madrid nun momento en que estaba traballando en Pontedeume.

As obras deberían levarse a cabo entre abril de 1884 e novembro de 1887 pero, neste último ano, o contratista Pla y Frige pide unha prórroga dun ano, que lle será concedida sen grandes

86. AXA.-Acta de recepción da ponte provisional de madeira (10-VIII-1881) e memoria explicativa da mesma. Expediente 11907,C 5725, sig 24/16.

87. AMP..-Actas de Pleno CC 398 e 399.Tamén aparecen reiteradas referencias a esta e outras peticións na documentación das obras; ver nota 82.

88. AXA- *Memoria del puente de hierro sobre la ría de Puente de Ume*. Expediente 11907,C 5725, sig 24/16.

problemas, e a recepción provisional da obra non se celebra ata agosto de 1888 mentres que a recepción definitiva non ten lugar ata un ano máis tarde⁸⁹.

En canto á segunda ponte de madeira, en abril de 1889 póñense a subhasta pública os materiais que a conforman pero, como ocorrerá coa anterior ponte de madeira, ten que ser demolida de oficio polas autoridades xa que todas as subastas quedaron desertas.

Características da ponte reformada

Como xa se comentou, dos 11 arcos da ponte de 1870 os tres primeiros desaparecen, cubrindo o seu espazo un muro de pedra que se engade ao estribo esquerdo da ponte. Mantéñense os cinco arcos de carpanel máis un tramo de tres arcos de medio punto e a estes engádese un tramo de sete arcos de medio punto no espazo que se derruba do estribo e avenida dereita da ponte.


En canto ás correspondencias coa ponte medieval, a ponte moderna, reformada como acabamos de ver, comeza no cuarto arco e remata onde estaba o arco 19 da antiga ponte, moi próxima ao espazo que ocupaba o antigo hospital do que aínda poden verse vestixios dos seus alicerces. O longo total da ponte rolda os 205 metros, contando os cinco arcos de doce metros de oco e os dez de 10 metros -todos con 0,85 metros de grosor en bóveda- ademais dos respectivos piares. Neste senso, os piares dos arcos de carpanel son de catro metros namentres que os dos arcos de medio punto son de dous setenta. Os piares teñen tallamares semicirculares polos dous lados da ponte. A anchura total da ponte é de 8,91 metros dos que 1,60 están ocupado polos peitorís, de oitenta centímetros de grosor cada un. Sen embargo, a calzada propiamente tal, con dúas capas de firme, só tiña 5,5 metros de ancho.

Por outra parte, alomenos ata finais do século pasado, a ponte remataba pola parte da vila eumesa nunha escaleira con dúas ramplas laterais moi empinadas -12% de pendente- que a unían co peirao e coa estrada de Betanzos-A Coruña⁹⁰. A construción da escaleira que enlazaba a ponte coa vila de Pontedeume estaba motivada polo desnivel existente entre a ponte e o arranque da rúa Real onde estaba o arco de Maldonado, desnivel que era de 2,70 metros, o que facía imposible en tan curto espazo unir a saída da ponte coa rúa Real mediante unha calzada. (Ver plano 5) Esta situación provocou, xa en 1863, a remodelación da rúa de S.Agustín, suprimindo os soportais de sete casas ao mesmo tempo que se renovaba o pavimento nivelándoo coa estrada que, desde a ponte, se dirixía a Betanzos⁹¹. As obras da rúa de S.Agustín indican que o paso pola rúa Real esta-

89. AXA.- *Memoria y liquidación de las obras del puente de hierro sobre la ría de Puente deume*. O documento está asinado polos distintos enxeñeiros que dirixiron a obra desde 1879 ata 1988 en que exerce de enxeñeiro xefe J.M. Hernández Yañez.(Expediente 11908,C.5725, sig 24 16).

90. *Memoria de las obras realizadas en el puente de hierro sobre la ría de Puente deume* (AXA, Expedientes 11907 e 11908, C 5725, Sig 24/16).

91. AMP.- Expediente das obras realizadas na rúa de S.Agustín en 1863 polo contratista José Varela polo importe de 15830 reais. C 111.



Plano 5. A ponte, a entrada de Pontedeume (AXA).

ba interceptado polo arco de Maldonado, como afirma o alcalde de Pontedeume, Gaspar Prego, en 1888, nun escrito dirixido ao ministro de Fomento solicitando que se expropie o citado arco para acabar co problema⁹². Sen embargo, o feito decisivo que desencadeou a demolición do arco de Maldonado foi a construción da estrada que une a estación de Ferrocarril coa saída da ponte e a estrada Betanzos-Ferrol. Esta obra realízase a partir do ano 1901 continuando as obras aínda en 1911. (Ver planos 6 e 7)


A obra da estrada da estación, que atravesa a praza do Conde, provoca á súa vez grandes transformacións na vila de Pontedeume, sobre todo na fachada marítima, agravando o desnivel existente entre o arranque da rúa Real e a estrada Ferrol-Betanzos⁹³. Estas obras non só modifican a praza do Conde demolendo edificacións anexas ao Torreón que antigamente serviran de cárcere, senón que reducen considerablemente o espacio do peirao. Por eso, en 1911, apróbase unha amplia-



Plano 6. Estrada da estación. Plano xeral (AXA).

92. AXA.- Expediente 11909, C.2143 Sig 24/16.


93. A estrada que une a estación de ferrocarril coa ponte ten 1148 metros de longo e o seu presuposto de obra ascendeu a 62751,91 ptas. (AXA.- Expediente 11909, C.2143). Tamén aparecen referencias a esta obra nas carpetas do AMP 108 e 111



Plano 7. A ponte, a entrada de Pontedeume (AXA).

ción do peirao de 984 metros cadrados, conseguidos enchendo 15 metros de ría entre o estribo da ponte e a rampla curva nun longo de 12 metros, o que nos dá unha superficie de 420 metros cadrados de recheo. Á anterior superficie de recheo hai que engadir os 564 metros cadrados procedentes do recheo do espacio que media entre a rampla curva e a rampla recta (28 metros) nunha profundidade de 20 metros. Desta maneira, habilitase un espacio de máis de mil metros cadrados de peirao para carga, descarga e almacén de mercadorías, o que facilita o tráfico marítimo desde o porto de vila. (Ver plano 8)

A última gran transformación que vai sufrir a fachada marítima con motivo das obras de acceso á nova ponte é a demolición do arco de Maldonado. Entre 1903 e 1905, con motivo das obras da estrada da Estación, instrúese o expediente de expropiación do citado arco, encostado á casa de Maldonado e cunha capela nos altos da torre. Ademais, exprópanse tamén varios alpendres situados na hoxe chamada praza de España, unha cocheira encostada á mesma casa polo lado da estrada de Ferrol-Betanzos e uns alpendres con patio incluído que pechaban a rúa dos Ferreiros



Plano 8. Superficie de recheo no peirao.

á estrada antes citada. A casa de Maldonado pertencía a José Jáudenes, que vivía en Ferrol. O expediente instrúeo o arquitecto Gabriel Vittini Alonso e apróbase en 1905 sendo alcalde José Alvarez Freire. O custo da expropiación acadou as 20.000 ptas⁹⁴. (Ver debuxos)

Polos mesmos anos, entre 1903 e 1911, lévanse a cabo obras de modificación de rasantes nas principais rúas da vila eumesa. Por exemplo, en 1911 adxudícase a Manuel Bustillo a remodelación da rúa Real e a rúa da Inmaculada. No espacio expropiado a D. José Jáudenes prolóngase a rúa real ata a estrada Ferrol-Betanzos e na parte dereita do espacio expropiado faise unha pequena praza de 200 m² cunha pequena fonte no medio. O custo destas obras de remodelación ascende a 4271,48 ptas⁹⁵.

Desta maneira, as obras de reconstrucción da ponte do Ume afectan profundamente a estrutura urbana da vila eumesa, abrindo as súas rúas as novas vías de comunicación xurdidas coas reformas da ponte ou na mesma época en que a ponte foi reformada como é o caso da estrada que leva a estación do ferrocarril que xorde como unha necesidade paralela á da propia ponte ou, en todo caso, só relacionada coas obras da ponte, no contexto socioeconómico.

Últimas modificacións da ponte do Ume

Basicamente, a ponte actual é a mesma que se rematou de levantar en 1888 pero con modificacións externas que lle dan un aspecto diferente. Neste senso, sufrirá algunhas modificacións ao longo deste século antes de chegar case íntegra aos nosos días. Así, en 1912, constrúese unha rampla, augas abaixo da ponte, xa contemplada no proxecto de obras adicionais de 1869 e que non fora realizada. Antes da realización desta obra, nos primeiros anos do século, foran suprimidas a escaleira e as rampas nas que remataba a ponte á entrada da vila, facendo así posible a conexión da ponte coa rúa Real, sobre todo despois da demolición do arco de Maldonado ao que antes fixemos referencia. A grandes trazos, a ponte non sufriu importantes modificacións ata bastante despois da Guerra Civil. Como sempre, estas transformacións veñen impostas polo contexto socioeconómico europeo posterior á segunda gran guerra europea, caracterizado por unha especie de febre de crecemento económico que tamén afecta a España. Será precisamente a década dos 50 e os primeiros anos sesenta os que afecten unha maior transformación estrutural da vila de Pontedeume e, inevitablemente, a súa ponte que, neste caso, só viu cambiar os seus perfís e o seu contorno máis que as súas estruturas, que permanecen inalterables.

En 1951 comeza o recheo da ribeira sur da ría de Pontedeume, na zona coñecida como “As Gabarras”. Entre o ano 1951 e 1952 éñchénsen 900 metros cadrados na zona antes citada, conti-

94. AMP.-Expediente de Expropiación do Arco de Maldonado. C 111.

95. AMP.-Expediente de modificación de rasantes e arranxo xeral das rúas Real e Inmaculada..C.111. O anuncio das obras foi publicado no B.O.P., nº 105,o 5 de maio de 1911.



Foto 3. Recheo da zona de “As Gabarras”.

nando o proceso nos anos seguintes ata cubrir o espacio situado na marxe esquerda da desembocadura do Eume, ocultando totalmente os muros e estribo esquerdo da ponte así como as dúas escaleiras alí existentes⁹⁶. Poucos anos máis tarde comezará a gran ampliación da vila coa urbanización do barrio de Augabar⁹⁷. Posteriormente, e en función das novas necesidades, íranse modificando, polo lado de Cabanas, as rasantes e os muros da calzada que substituíra parte da ponte antiga, nun proceso que practicamente chegou hoxe mesmo coa última remodelación debida á autoestrada e que modificou case por completo o aspecto da parte norte da ponte. (Ver foto 3)

En canto ós animais totémicos de Fernán Pérez de Andrade, o oso e o xabarín, despois dun longo desterro, por decisión do pleno municipal en 1959 decídese colocalos á entrada da ponte cunha inscrición metálica no pedestal do oso que rezaría: “Ponte de Fernán Pérez de Andrade”. Esta decisión non debeu de levarse a cabo xa que, en 1960, volve a tomarse a mesma decisión, agora sen alusión ningunha a citadas placa metálica⁹⁸. Non estarían moito tempo no lugar antes sinalado xa que, continuando coas obras que se viñan realizando na avenida da Coruña, poucos anos máis tarde ampliase o taboleiro da ponte e, para ampliar o espacio dispoñible, substitúense os grosos peitorís por unhas delgadas varandas que permiten a existencia das amplas beirarrúas actuais. Para realizar estas obras, o oso e o xabarín son de novo desprazados do seu lugar na ponte ata que, anos máis tarde, despois dunha longa peregrinaxe, sexan colocados na rotonda anterior á entrada da ponte, onde continúan a ser testemuñas mudas dos cambios do seu contorno.

96. AMP.-Expedientes de pontes, ríos, portos e afíns, C 714, anos 1951/52.


97. AMP.-Acordos de Pleno, C7.

98. AMP.-Acordos de Pleno, anos 1959 e 1960, C. 507.

Outra testemuña muda de tanto cambio é o cruceiro que durante toda a longa historia da antiga ponte gótica sinalaba o final da mesma polo lado norde. Hoxe segue ergueito non moi lonxe da súa localización orixinal, na confluencia entre a estrada de Ferrol e a rúa chamada Feira do Oito, en Cabanas, nun contexto totalmente alleo á súa historia pasada.

NOTA FINAL

Non me gustaría rematar este artigo antes de facer unha pequena reflexión sobre as dúas fotografías que se conservan da ponte provisional de madeira⁹⁹. Como xa queda dito en capítulos anteriores, houbo dúas pontes de madeira: a primeira entre 1862 e 1873 e a segunda entre 1881 e 1889. Houbo ademais unha pasarela de madeira de 31 metros de longo- en realidade 33- colocada sobre os arcos caídos en 1874, desde 1975 ata 1881 en que se abriu ao tráfico a segunda ponte de madeira. Ao meu entender as dúas fotos pertencen á primeira ponte: a primeira foto (foto 1) corresponde a un momento inmediatamente posterior á



Cruceiro.

demolición da ponte medieval sen que se aprecie nela sinal ningunha das estruturas da nova ponte ou dos muros da avenida dereita que substitúe a parte dos arcos demolidos. Ademais, polo seu estado de conservación, parece que foi revelada seguindo técnicas aínda pouco desenvolvidas, algo lóxico nun momento en que empezaban a perfeccionarse as técnicas de revelado así como os mesmos artilluxios de fotografíar. Tendo en conta estes argumentos, esta primeira fotografía (foto 1) poderíamos datala entre finais de 1863 e mediados de 1864 cando aínda non se poden apreciar os traballos de construción da nova ponte.

99. Posiblemente se conserven máis documentos gráficos sobre as dúas pontes de madeira que a final do século XIX se construíron para habilitar un paso provisional entre Pontedeume e Cabanas, mais non temos coñecemento máis que das dúas que comentamos e que poden verse expostas nalgúns establecementos públicos de Pontedeume...

En canto á segunda fotografía (foto 2), realizada desde o lado de Cabanas, parece revelada cunha técnica moito máis depurada aínda que con certas imperfeccións que tamén poderían achacarse ao fotógrafo ou ao paso do tempo. Nesta fotografía, ademais de ofrecernos unha completa panorámica da vila de Pontedeume, vese a práctica totalidade dos muros da avenida dereita da ponte. No momento en que se realizou a citada fotografía só faltaba por construír os arcos da nova ponte polo que poderíamos datala a finais do ano 1866 (a ponte remátase de construír en 1870) ou a principios de 1867.

Ningunha das dúas fotografías pode representar a segunda ponte de madeira xa que, entre outras cousas, cando se levanta esta están construídos os oito arcos que resistiron a riada de 1874 polo que terían que verse na fotografía, cousa que non acontece en ningunha das dúas fotografías comentadas.

Esperemos que os datos achegados neste artigo sirvan para para unha revisión das numerosas tradicións que na vila eumesa existen sobre a ponte así como unha visión máis obxectiva da identidade entre a historia da ponte e a historia da vila que, hoxe coma onte, continúan a súa longa relación de interdependencia.

ABREVIATURAS MÁIS USADAS AO LONGO DESTE TRABALLO

AHRG.-Arquivo Histórico do Reino de Galicia

AXA.-Arquivo Xeral da Administración Civil

AHN.-Archivo Histórico Nacional

AHDS.- Arquivo Diocesano de Santiago.

AMB.-Arquivo Municipal de Betanzos

AMP.-Arquivo Municipal de Pontedeumne

F.D.B.-Fondo documental da Biblioteca eumesa

RESTAURACIÓNS E OBRAS NA IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE PONTEDEUME DURANTE O SÉCULO XIX

Andrés López Calvo

INTRODUCCIÓN

No fondo xeral do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela atópase depositado un curioso e ilustrador atado titulado *Expediente de reparación extraordinaria de la iglesia parroquial de la Villa de Puente deume*¹. Nel contense unha documentación valiosa para o historiador en xeral e máis particularmente para o investigador da evolución da arquitectura contemporánea no noso país, dos efectos do proceso desamortizador sobre a mesma, que xugulará a capacidade de mecenado artístico da Igrexa católica e, xa máis concretamente no ámbito da historeografía local eumesa, para calibrar a calidade dun monumento cheo aínda de incógnitas e testemuño merecedor de puntuais e minuciosos estudos.

Solicitudes, minutas, orzamentos, informes técnicos, planos, correspondencia, libranzas de cobros... compoñen esta interesante colección diplomática que, con este estudio, pretendemos -na medida do posible- organizar as súas informacións en modo diacrónico, sistematizalas e ofrecelas ó lector tratando de descubrir a súa relación causa-efecto.

UN PRIMEIRO PROXECTO DE REPARACIÓN DE 1854

O 22 de maio de 1854, Domingo Ferraces, párroco da vila, eleva ó arcebispo de Santiago, daquela o cardeal Miguel García Cuesta, a seguinte petición non exenta de curiosas concesións literarias que o fan, malia a súa extensión, de interesante lectura:

"Emmo e Ilmmo. Sr.: El Ayuntamiento y Cura Párroco de esta Villa de Puente deume, Capital del Partido de su nombre, en el Arciprestazgo de Pruzos; a V.E.I. con el debido respeto exponen: que envanecidos de poseer una iglesia parroquial, cuya sumptuosidad y merito arquitectónico puede competir con la mejores de España, ven con harto sentimiento que este hermoso templo, su advocación Santiago, camina precipitadamente a su ruina y muy luego será un montón de escombros si V.E.I. no le tiende su mano protectora, Concluhida la construcción

1. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, Fondo Xeral. Serie Capelanías, Atado 386. A partir de agora citarémolo baixo as siglas AHDSA 386.

deeste elegante y grandioso edificio, que leuantó a sus expensas el Sr. Bartolomé de Rajoi y Losada digno predecesor de V.E. e hijo ilustre de esta Villa, en el año pasado de 1766, un siglo va a cumplir de duración, sin que a pesar del celo y cuidado de los exponentes pudiesen hacer en él aquellos reparos indispensables dello que el tiempo destruye, y tan solo mezquinas composiciones, únicas a que sus fondos alcanzaron, le conservan en el estado en que hoy se halla. Pero con dolor observan que, siendo ineficaces sus esfuerzos, si por mas tiempo sigue abandonado, si no se repone lo que la destructora mano de los años ha carcomido, es indispensable se desplome muy luego una obra que ha costado mas de millon y medio de reales. No es exageración, Sr. Excmo.; la maderage dela armazón del esterno tejado que cubre sus bovedas, ya devil y defectuosa en un principio, se ha podrido casi toda, y perdiendo la inclinación que debe guardar para despedir el agua, cae esta a chorros sobre aquellas y filtrando por las puntas de sus bien acabados arcos y cornisas las desune mas y mas continuamente, al paso que es tiempo de llubias hace dela Yglesia un lago, sin que apenas haya sitio donde arrodillarse: Por separado, sus paredes laterales, aunque construhidas a cal y canto y de bastante espesor, como estén sin recebar en su parte externa, las van los temporales corroyendo, pulverizando su piedra pizarra y abriendo de consiguientes grietas, que descuidadas, se aumentarán de dia en dia, hasta que por ultimo, no pudiendo soportar el peso de los arcos, de que son estribo, vengán con ellos ambos hierros a tierra. Esto se presenta a la vista de cualquiera que mire con atención dicha Yglesia y no pudo ocultarse al perspicaz ojo de V.E.Y. cuando se dignó visitarla. Es pues, indispensable y de absoluta necesidad renobar todo el maderado del tejado referido y recebar con cal y arena los lienzos laterales, si se quiere evitar su destrucción total. Otros muchos reparos necesita; mas los exponentes se concretan tan solo a los precisos para la conservación dello principal del templo; y ni aun para ello molestarían la superior atención de V.E.Y., si tubiesen fondos ó del Pueblo se pudieren sacar algunos recúrsos para obgeto tan sagrado. Empero los vecinos dela Villa; en su mayor parte miserables pescadores y jornaleros, al paso que empobrecido el resto con la escasez delas dos últimas cosechas, ningun subsidio pecuniario les es posible ofrecer; pero en compesación lo hacen por medio de la Municipalidad que representa de dos días de prestación cada uno para el peonage de la obra y conducción de materiales, cuyo servicio, siendo el número devecinos 500, poco mas ó menos, asciende a mil peones, que reducido a metalico importa tres mil rls. vn. a razon de tres rls. diarios cada uno. En esta atención, pues, confiados en el celo apostólico que caracteriza a V.E.Y. y deseo quele anima de la conservación y brillantez delas Yglesias de esta Diocesis, que tan dignamente gobierna, se atreven a representarselo y endidamente a V.E.Y. suplican se sirva disponer que por los medios que estan prescriptos en las Reales ordenes que tratan de la materia, se proceda a la composición y reparación deesta unica Yglesia de Santiago de Puente deume a la brevedad que se pueda, tomando en cuenta en el presupuesto que de la obra se forme los mil jornales de un peon, valor de 3.000

*rls.; que pra ayuda de la misma el Pueblo tiene ofrecido, Es gracia, Sr. Excmo., que los suplicantes esperan de la bien alabada piedad de V.E.Y., a quien quedan rogando a Dios conserbe dilatados años. Villa de Puente deume y Mayo 22 de 1854. Firmado*¹².

Unha actividade que se reanimará desde mediados do século XIX será a da construción de igrexas gracias á nova situación suscitada para a Igrexa católica tralo acordo do Goberno español coa Santa Sé de 25 de agosto de 1859, plasmado na Lei de 4 de abril de 1860. Por esta disposición o Goberno volvía a recoñecer o dereito da Igrexa para adquirir, reter e usufructuar toda clase de bens, co que se abría unha decisiva porta ás obras nas igrexas coa axuda estatal, superando as modestas reedificacións e reparacións que foran a tónica dominante ata entón.

Para este tipo de restauracións xa o Real decreto de 29 de novembro de 1851 establecera a formación dun fondo de reserva para obras extraordinarias, sen prexuízo de que o Goberno contribuíra con outras cantidades tal e como se acordara no artigo 36 do Concordato de 1851. Tanto para a reparación de templos como para a súa construción de nova planta o procedemento a seguir era o seguinte: unha solicitude do cura párroco, acompañada por outra do alcalde da localidade, era elevada perante o bispo diocesano, que a examinaba co auxilio da Xunta Superior de Construción e Reparación de Templos (regulada polo Real decreto de 4 de outubro de 1861). Tras considerarse oportuna a obra, remitíase o expediente ó gobernador civil que debía encargar a formación do correspondente proxecto ó arquitecto provincial, polo menos ata que as dioceses non contaron con facultativos propios, cousa que só ocorreu desde 1876. Unha vez redactado o proxecto e co visto e prace da xunta diocesana elevábase á aprobación última do Goberno central por medio dunha real orde que especificaba o libramento de cantidades, normalmente recomendando reducir a primeira estimación de custos³.

A solicitude e o orzamento das obras que nos ocupan tiveron a súa primeira aprobación no 16 de xuño de 1854. Na nota marxinal da propia instancia de 22 de maio de 1854, o cardeal Payá declaraba de necesidade e utilidade desta obra, ordenando remitir con oficio ó gobernador da provincia para que nomease arquitecto e que pasase a recoñecer o estado da igrexa e elaborase o orzamento de gastos necesarios.

O orzamento e informe pedidos foron elaborados o 8 de setembro de 1854 polo arquitecto da Real Academia de San Fernando, Faustino Domínguez Domínguez, e ascendía a 34.411 reais. As actuacións concretas que se estipulaban eran as seguintes:

"Habiendo reconocido con todo detenimiento la iglesia parroquial de la villa de Puente deume con el objeto de presupuestar lo necesario para su completa repara -

2. *Ibíd.*

3. Cf. J.A. SÁNCHEZ GARCÍA, "La arquitectura contemporánea y sus opciones en la antigua provincia de Mondoñedo", en *Estudios Mindonienses* (1999) 15, 555-617.

ción, he observado que la fachada principal, las torres y cornisas están llenas de yerbas y malezas que se crían entre las juntas de los sillares produciendo mucho daño a aquel magnífico edificio; verdadero monumento del arte y digno de ser atendido y conservado con el mayor esmero. Por haberse empleado en algunos puntos de la fachada piedra demasiado blanda ha sido carcomida por la acción tamosférica a pesar de que la reedificación de este templo se verificó a principios del último tercio del siglo pasado: en donde principalmente se nota esta acción destructora es en uno de los pedestales que sostienen la columna de la fachada; en las jambas de la puerta principal y una de las laterales y detrás de la estatua de Apóstol en el segundo cuerpo de la fachada"⁴.

Para acometer estas e outras actuacións Faustino Domínguez prevía a necesidade de dispor de: mil seiscentas varas cadradas de recibos e lucidos para os muros exteriores da igrexa; novecentos trinta e seis metros cúbicos de morteiro para construír de novo a escaleira de acceso ó adro, mil duascenas corenta e sete varas cadradas de madeira de castiñeiro para cubrir as naves, cúpula e teito da sancristía; doce mil tellas para repoñer as danadas das cubertas, etc., así ata a cantidade total xa referida.

Pasaron os dous anos e daquelas primeiras actuacións non se obtivera resultado ningún. O Concello constitucional de Pontedeume, por medio do seu alcalde Adriano Francisco de Paz, preocupado por esta situación, diríxese de novo ó arcebispado compostelán mediante un oficio escrito de data 14 de outubro de 1856, urxindo a que se leven ó cabo as obras xa orzadas polo arquitecto Domínguez. A resposta chega no mesmo mes, xustificándose o gobernador eclesiástico ó informar que o dito expediente se acha en fase de revisión previa á súa posterior aprobación nos negociados do Ministerio de Gracia e Xustiza.

O subsecretario dese ministerio, Fernando Álvarez, remite de novo o expediente ó arcebispado de Santiago en data 6 de xaneiro de 1857 para que se valore por parte da curia diocesana a oferta da veciñanza polo arquitecto para abaratar os xornais, unha vez realizado este trámite o expediente debería reiniciar de novo todo o proceso administrativo. O 22 de xaneiro do mesmo ano o arquitecto provincial valora os expresados xornais en tres mil reais entrando o expediente de novo na máquina burocrática do Estado no Goberno Civil en febreiro de 1857, e por fin o 27 de marzo do mesmo ano o negociado segundo do Ministerio de Gracia e Xustiza comunica a aprobación das obras e do citado orzamento.

EXPEDIENTE DE OBRAS ADICIONAIS DE 1862

O noso atado non informa do ritmo da execución das obras, para esta verificación será necesario acudir a outras fontes, fundamentalmente ós libros de fábrica da parroquia de Santiago

4. AHDS, 368

de Pontedeume. O que si é certo é que de novo o párroco Domingo Ferraces, con data 18 de xaneiro de 1862, eleva unha nova petición ó arcebispo de Santiago para que inicie a tramitación dun novo expediente de aprobación de provisión de fondos por parte da Administración para unhas novas obras de restauración no templo, concretamente para mellorar a disposición do prebisterio, construír o bautisterio, fundir uns eixes de bronce para as campás e colocar un lousado no firme do templo parroquial:

"Dn. Domingo Ferraces cura Párroco de la iglesia de Santiago de Puentedeume, en esta Villa cabeza de Partido del mismo nombre, y el Ayuntamiento de ella, con la mas atenta y debida consideración esponen a V.E.Y: que en la urgente necesidad de proveer a la mejor conserbación de esta iglesia parroquial, una de las mas concurridas por los fieles de toda la comarca, asi en las principales y solemnes funciones religiosas del año como en las de cuaresma y semana santa, que con el posible decoro se han venido sosteniendo, es indispensable levantar y hacer de nuevo el embaldosado del pavimento de dicha iglesia con piedra de cantería por el ruinoso estado en que actualmente se halla. Indispensable es tambien un Prebisterio que de algún modo corresponda a este Magestuoso templo [...] Estas obras a juicio de los esponentes deben ascender a mas de cincuenta mil rrs., y para que puedan efecto en vista de la necesidad que las reclama encarecida y atenta - mente [...] Puentedeume Enero 18 de 1862. Firma"⁵.

De novo o arquitecto F. Domínguez elabora un orzamento que ascende a 57.000 reais, aplicándolle as oportunas deducións polo labor altruísta da veciñanza que faría os labores de peonaxe resultando a cantidade final de 51.900 reais. Da inspección que fai do edificio certifica o seguinte:

"Su pavimento está muy deteriorado siendo indispensable construirlo de nuevo, aprovechando sin embargo las losas que resulten útiles, que serán después de relabradas las suficientes para cubrir una cuarta parte de su arca. Carece esta importante iglesia de capilla bautismal y es preciso formarla en la nave lateral de la derecha, cubriendo con techo el espacio comprendido entre el primer arco y la fachada cerrando dicho espacio exteriormente, con una verja de madera pintada. No es menos necesario cerrar el prebisterio con una reja de hierro para separar esta parte del templo consagrada a los oficios divinos, del resto de la iglesia que deben ocupar los fieles en las funciones religiosas. Con estas obras, la construcción de nuevas tarimas que sustituyan a las actuales, ya muy gastadas, y algunas otras reparaciones menos importantes que se detallaran en el presupuesto quedará este templo perfectamente restaurado"⁶.

5. *Ibíd.*

6. *Ibíd.*

Os materiais necesarios para a acometida destas obras, segundo os cálculos do orzamento do arquitecto Domínguez, eran: catrocentos sesenta e un metros cadrados de lousado de cantería de dezaoto centímetros de grosor e cincuenta metros cadrados de sollado. Construír a pía bautismal de pedra caliza de Moeche co seu pé e base da mesma pedra o arquitecto precisaba tres mil reais, e polo enreixado de ferro de setenta e cinco cm. de altura e oito metros cincuenta cm. de lonxitude para pechar o prebisterio 3.900 reás. Tamén se orzaba a construción dos púlpitos de madeira de castiñeiro nos extremos do arco total do presbiterio por valor de 5000 reais. Os honorarios do arquitecto ascendían a 2.500 reais.

- FÁBREGAS VALCARCE, R.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; RAMIL REGO, P.(1997): “La adopción de la economía productora en el noroeste ibérico.” En: Rodríguez Casal A.A. (Ed.). *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo*: Actas do Coloquio Internacional. Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, págs.463-484.
- FIGUEIRAL, I.(1991): “Buraco da Pala: um meio-ambiente vegetal explorado pelo homem. Resultados da análise antracológica.”En: Queiroga, F y Dinis, A.P. (Eds.). *Paleoecologia e Arqueologia*, II Vila Nova de Famalicão, págs.13-29.

IVERSON, J.(1975): "La deforestación en la Edad de Piedra." En: *El Hombre y la Ecosfera*.
Selecciones de Scientific American: (C.S.I.C.) Editorial Blume. Madrid, págs.30-36.

LÓPEZ, P.; LÓPEZ, J.A.(1993a): "Estudio polínico de cuatro túmulos megalíticos en la cuenca del
Río Ladra (Lugo, Galicia)." *Trabajos de Prehistoria*, nº50, págs. 235-247.

LÓPEZ, P.; LÓPEZ, J.A.; AIRA, M^a. J.; SAA, P.(1993b): "Análisis paleobotánico de cinco yaci-
mientos de la Sierra del Bocelo (La Coruña, Galicia)." *Anuario de la Asociación
Palinológica en Lengua Española*, vol.6, págs.59-73.

LLANA RODRÍGUEZ, C.; MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; RAMIL REGO, P.(1991-1992):
"Algunas consideraciones acerca de la estratigrafía y del marco temporal para los yaci-
mientos al aire libre del Paleolítico Final-Epipaleolítico de Galicia." *Zephyrus*, XLIV-XLV.
Ediciones Universidad de Salamanca, págs.155-166.

— (1993): "Contribución al conocimiento de los procesos postdeposicionales en yacimientos al
aire libre con secuencia edáfica de Galicia." *Arqueología Espacial*, 16-17. Seminario de
Arqueología y Etnología Turolense. Teruel, págs.95-104.

LLANA RODRÍGUEZ, C.; VILLAR QUINTEIRO, R.; LÓPEZ-FELPETO, M.A.(1996): "El
yacimiento de A Pena Xiboi (Guitiriz, Lugo): primer informe de la intervención arqueoló-
gica realizada en 1994." En: Rodríguez Casal, A.A.(Ed). *Humanitas: estudios en homena -
xe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, vol.1. Servicio de Publicacións e Intercambio
Científico. Santiago de Compostela, págs.109-124.

MARINVAL, Ph.(1988): *L'alimentation végétale en France du Mésolithique jusqu'à l'âge du Fer*.
Editions du Centre National de la Recherche Scientifique. Archéologie. Paris. 192 págs.

— (1992): "Approche carpologique de la néolithisation du sud de la France." En: Patricia C.
Anderson (Dir.). *Préhistoire de l'agriculture: nouvelles approches expérimentales et ethno -
graphiques*. Monographie du CRA, nº6.CNRS, págs.255-263.

MARTÍNEZ CORTIZAS, A.(1990): "Val do Inferno y Xestido III (Abadín, Lugo): datos edáficos
aplicados." *Gallaecia*, nº12. Edicións do Castro. Sada. A Coruña, págs.65-80.

— (1995): "Evolución de los suelos durante el cuaternario reciente en las Sierras Septentrionales
de Galicia (N.W. España)." En: Pérez Alberti, A. y Martínez Cortizas, A. (Coords.).
Avances en la reconstrucción paleoambiental de las áreas de montaña lucenses.
Monografías G.E.P. 1. Lugo, págs. 137-161.

MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; MOARES DOMÍNGUEZ, C.(1995): *Edafología y Arqueología: aplicaciones al estudio de yacimientos arqueológicos al aire libre en Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. 199 págs.

— (1996): “Estratigrafías de yacimientos arqueológicos gallegos: procesos formativos y postdeposicionales.” En: R. Fábregas Valcarce (Ed.). *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro. Sada. A Coruña, págs.193-215.

MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; y LLANA RODRÍGUEZ, C.(1997): “Conceptos estratigráficos y edáficos en contextos tumulares.” En: Rodríguez Casal A.A. (Ed.). *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo*: Actas do Coloquio Internacional. Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, págs.73-91.

MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; RAMIL REGO, P.; LLANA RODRÍGUEZ, C.(1993): “Edafología y Palinología: aplicación al estudio de yacimientos al aire libre en Galicia.” *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol.33 (1-2). Sociedade Portuguesa de Antropología E Etnología. Porto, págs. 449-469.

MUÑOZ SOBRINO, C.(1996): *Aportación a la historia de la vegetación de la Sierra de Ancares y Montes de Cebreiro* (Lugo-León) a partir del análisis polínico de sedimentos turbosos. Memoria de Licenciatura. Departamento de Bioloxía Vexetal. Facultad de Bioloxía. Santiago de Compostela, 109 págs.(Inédita).

MUÑOZ SOBRINO, C.; RAMIL REGO, P.; GÓMEZ ORELLANA, L.; RODRÍGUEZ GUITIÁN, M.(1996): “Modificaciones del paisaje vegetal durante el cuaternario en el NW de la Península Ibérica. Contextualización con las secuencias del SW de Europa”. En: Ramil Rego, P y Fernández Rodríguez, C.(Coords.). *Arqueometría y paleoecología del Norte de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas*. Férvedes, nº3, págs.117-150.

PATIÑO GÓMEZ, R.(1984): “Excavación de la Mámoa I de As Rozas (Campo Lameiro).” *Pontevedra Arqueológica I*, págs. 43-74.

PEÑA SANTOS, A. de la (1985-1986): “La Mámoa de As Pereiras (Mos-Pontevedra).” *Pontevedra Arqueológica II*, págs.7-16.

PINTO DA SILVA, A.R.(1988): “A paleoetnobotánica na arqueología portuguesa. Resultados desde 1931 a 1987”. En: Queiroga F.; Sousa, I.M.; Oliveira C.M. (Eds.). *Actas do encontro Palaeoecologia e Arqueologia*. Cámara Municipal de Vila Nova de Famalicão, págs. 5-49.

RAMIL REGO, P.(1992): *La vegetación cuaternaria de las Sierras Septentrionales de Lugo a través del análisis polínico*. Tesis Doctoral. Departamento de Biología Vegetal. Facultad de Biología. Universidad de Santiago, 356 págs.

— (1993a): “Paleoetnobotánica de yacimientos arqueológicos holocenos de Galicia (N.O. Cantábrico).” *Munibe (Antropología-Arkeología)*, nº45. San Sebastián, págs.165-174.

— (1993b): “Evolución climática e historia de la vegetación durante el Pleistoceno Superior y el Holoceno en las regiones montañosas del Noroeste ibérico. En: Pérez Alberti, A.; Guitián, L.; Ramil Rego, P.(Eds.). *La evolución del paisaje en las montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*. Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno. Xunta de Galicia, págs.25-60.

RAMIL REGO, P.; AIRA RODRÍGUEZ, M^a J.(1992): “Contribución al conocimiento de la vegetación Tardiglacial y Holocena en el extremo norte de la Terra Chá (Galicia, España).” *Nova Acta Científica Compostelana (N.A.C.C.)*, vol. 3. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. Santiago de Compostela, págs. 49-58.

— (1993a): “Análisis polínico de los niveles Tardiglaciares y Holocenos del yacimiento de Prado do Inferno (Lugo).” *Folia Botánica Miscellanea*, vol. 9. *Departamento de Biología Vegetal (Botánica)*. Facultad de Biología. Universitat de Barcelona, págs. 137-152.

— (1993b): “A palaeocarpological study of Neolithic and Bronze Age levels of the Buraco da Pala rock-shelter (Bragança, Portugal).” *Vegetation History and Archaeobotany*, 2, págs.163-172.

— (1993c): “Estudio palinológico de la turbera de Pena Veira (Lugo).” *Anales del Jardín Botánico de Madrid*. Vol.51 (1). Madrid, págs. 111-122.

— (1993d): “Análisis polínico de la turbera de la Charca do Chan Da Cruz (Ferreira do Valadouro, Lugo. N.O. de España).” *Ecología mediterránea*, tomo XIX, fasc.3/4. Marsella, págs.71-78.

RAMIL REGO, P. y FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.(1996): “Referencias paleoecológicas en torno al fenómeno megalítico en el NW Ibérico.” En: Ramil Rego E. (Ed.). *El fenómeno megalítico en Galicia*. Monografías, nº2. Servicio de Publicacións do Museo de Vilalba (Lugo), págs. 39-53.

— (1996a): “Marco cronológico y paleoambiental de la ocupación paleolítica en el NW Ibérico.” En: R. Fábregas Valcarce (Ed.). *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro. Sada. A Coruña, págs.165-191.

- RAMIL REGO, P. y GÓMEZ ORELLANA, L.(1996b): “Dinámica climática y biogeográfica del área litoral-sublitoral de Galicia durante el Pleistoceno Superior-Holoceno.” En: Ramil Rego, P. et al. (Coords.). *Biogeografía Pleistocena-Holocena de la Península Ibérica*. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, págs.43-71.
- RAMIL REGO, P; AIRA RODRÍGUEZ, M^a J; GONZÁLEZ MÉNDEZ, M.(1990): “Donnes paleobotaniques sur la presence de graines de Brassicaceae au N.O. de la Peninsule Iberique.” *Revue de Paléobiologie*, vol. 9, n^o2, 263-272.
- RAMIL REGO, P.; AIRA RODRÍGUEZ, M^a J.; TABOADA CASTRO, M^a T.(1994): “Análisis polínico y sedimentológico de dos turberas en las Sierras Septentrionales de Galicia (N.O. de España).” *Revue de Paléobiologie*, vol.13,n^o1, págs. 9-28.
- RAMIL REGO, P.; DOPAZO MARTÍNEZ, A; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.(1996c): “Cambios en las estrategias de explotación de los recursos vegetales en el Norte de la Península Ibérica”. En: Ramil Rego, P y Fernández Rodríguez, C.(Coords.). *Arqueometría y paleoecología del Norte de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas*. Férvedes, n^o3, págs.9-31.
- RAMIL REGO, P.; MUÑOZ SOBRINO, C.; GÓMEZ ORELLANA, L; RODRÍGUEZ GUTIÁN, M.(1996d): “Cambios globales del clima y de los hábitats terrestres”. En: Ramil Rego, P y Fernández Rodríguez, C.(Coords.). *Arqueometría y paleoecología del Norte de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas*. Férvedes, n^o3, págs.9-31.
- (1996e): “Valoración de las secuencias polínicas del Norte de la Península Ibérica para el último ciclo Glaciar-Interglaciar”. En: Ramil Rego, P y Fernández Rodríguez, C.(Coords.). *Arqueometría y paleoecología del Norte de la Península Ibérica. Cambios naturales y perturbaciones antrópicas*. Férvedes, n^o3, págs.33-116.
- RAMIL SONEIRA, J.M^a.(1973): “Paradero de Reiro”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXVIII, fasc.84, págs.23-31.
- RAMIL SONEIRA, J. M^a; RAMIL REGO, P.; RAMIL REGO, E.(1990-1991): “Nuevos datos sobre el paleoambiente de las ocupaciones epipaleolíticas de la Sierra del Xistral (Lugo): análisis polínico del abrigo de Valdoinferno-I y del yacimiento de la Charca do Chan da Cruz.” *Boletín Auriense*, tomo XX-XXI, págs. 91-103.
- RASILLA, M. de la; LLANA RODRÍGUEZ, C.(1993): “Procesos post-deposicionales documentados en el norte y noroeste de España durante el Pleistoceno Superior e inicios del

- Holoceno. Sus implicaciones arqueológicas.” *Arqueología Espacial*, 16-17. Seminario de Arqueología y Etnología Turolese. Teruel, págs. 157-167.
- RENFREW, J.(1973): *Paleoethnobotany. The Prehistoric Foods Plants of the Near East and Europe*. Methuen. London. 270 págs.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.(1989): *La necrópolis megalítica de Parxubeira (San Fins de Eirón, Galicia). Campañas arqueológicas de 1977 a 1984*. Monografías urxentes do museu, nº 4. Museo arqueolóxico e histórico provincial “Castelo de San Antón”. A Coruña, 102 págs.
- SAA OTERO, M^a. P.(1985): *Contribución a la datación de sedimentos costeros por análisis polí - nico*. Tesis Doctoral (extracto). Facultad de Santiago de Compostela, 72 págs.
- TABOADA CASTRO, M^a T.; AIRA RODRÍGUEZ, M^a. J.; DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F.(1996): “Reconstrucción del paisaje de la Sierra del Bocelo (A Coruña) desde el período Atlántico. ”En: Ramil Rego, P. et al. (Coords.). *Biogeografía Pleistocena-Holocena de la Península Ibérica*. Consellería de Cultura. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, págs.173-182.
- VAN MOURIK, J.M.(1986): *Pollen Profiles of Slope Deposits in the Galician Area (N.W. Spain)*. Nederlandse Geografische Studies, 12. Amsterdam, 171 págs.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M.(1988): “El Neolítico en Galicia.” En: López, P (Coord.). *El Neolítico en España*. Editorial Cátedra. Madrid, págs. 329-335.
- (1992): *Las más viejas raíces de Galicia*. Edicións El Correo Gallego (Biblioteca 114). Vigo, 94 págs.
- VILLAR QUINTEIRO, R.(1997): *El paleolítico Superior y Epipaleolítico en Galicia*. Tesis Doctoral. Departamento de Historia I. Facultad de Xeografía e Historia. Santiago de Compostela, 439 págs.

“BANDOS” E POLÍTICA NO PONTEDEUME DA SEGUNDA REPÚBLICA

Bernardo Máiz Vázquez.

A todos os meus parentes eumeses.

Aínda hoxe é preciso anotar que non é doado investigar con éxito o período que nos ocupa: hai dificultades e ausencias, provocadas en parte pola carencia de estudos estruturais e por saqueos de certos arquivos, pero tamén porque -pasadas xa case sete décadas- a lembranza daquel tempo segue a ser incómoda para moitos, e para as xeracións máis novas a Segunda República, a Guerra Civil e mesmo o franquismo -a conta dos medos e dos intereses dos seus maiores- pouco máis son que un eco cada día máis afastado.

Polo sinalado, e como adianto dun estudio máis extenso que estou a elaborar, cínrome aquí só a Pontedeume, ofrecendo pouco máis que unha lembranza, un comentario enfiado, unha reflexión máis ideolóxica que política, a relación de sindicatos e cargos municipais daquela etapa e a nómina dalgúns veciños de Pontedeume asasinados despois da sublevación de xullo do mil novecentos trinta e seis. Dese xeito calquera eumés (nativo ou oriundo) con memoria familiar poderá facer doada reconstrucción, ampliación e identificación certa.

Á hora de titular esta entrega coido axeitado usar unha expresión extraída do volume que no 1972 publicara J.A. Durán: *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*, pois son moitas as semellanzas entre o Rianxo que el estudiou e o Pontedeume ao que eu me aproximo.

SOCIEDADE E PODER LOCAL

Coa proclamación da Segunda República en abril do 1931 nada naceu “ex novo” no territorio configurado por Pontedeume e o seu partido xudicial. O gran cacique do período da Restauración foran o marqués de Figueroa e/ou o deputado Wais, derrotando a *Solidaridad Gallega* de Rodrigo Sanz que no 1909 tiña aberto en Pontedeume un *Centro Solidario* presidido por Nicolás Vizoso Estrella e unha boa implantación en Fene, Ares, A Capela e Monfero. Dende as eleccións do 1919 e canda a “*dictablanda*” de Primo de Rivera, era o médico don Constantino Amado Cagiao quen marcaba e dispuña a política local por si ou por persoas interpostas, pero, máis aló do nivel estritamente político, na sociedade eumesa había dous “bandos” -as “banderías” son outra cousa- tan enfrontados como paralelos e complementarios, “bandos” con diferentes concep-

cións ideolóxicas, ben caracterizados e constituídos dende os últimos anos do século XIX e aos que ían incorporándose as novas xeracións e os novos profesionais (médicos, rexistrador, cregos, mestres, xuíz,...) que se establecían na vila e na súa zona de influencia. Na xeira que nos ocupa as “élites locais” (expresión de Emilio Grandío no nº 1 de “*Cátedra*”) eran os García, os Goyanes, os Rosado, os Tenreiro, os Villanueva,..., e con eles os que vou decoulando máis abaixo, en conxunto unha minoría de “notables” que tiñan como cabezaleiros a persoas moi caracterizadas pola súa fortuna, relacións, influencia, titulacións académicas: avogados (p.ex. Carlos Pardo no “*bando del progreso*”), notarios (p.ex. Ramiro Prego no “*bando del orden*”), boticarios (Leonardo Díaz no “*bando del progreso*”), cregos (Antonio Sierto no “*bando del orden*”), mestres (Couceiro Freijomil, Salgado,...), rexistrador (Angel García), comerciantes (Salvadores), secretarios dos concellos do partido xudicial (Ramón Álvarez Placer en Pontedeume, Eugenio Cabana en Cabanas, Rodrigo Álvarez Pardo en Ares, varios Tenreiro noutros concellos), secretario do Pósito de Pescadores (Miguel Montero), propietarios agrícolas (p.ex. os irmáns Amado, Emilio Alba, Ramiro Barro,...), e un etcétera de persoeiros que mantiñan relacións consanguíneas, sociais, económicas, profesionais e políticas - canto menos paternalistas cando non dun forte caciquismo, ben perceptible en ambos os dous “bandos”- coa súa “*clientela*” en todos os concellos da volta, adherentes uns dos outros por interdependencia económica, afinidades ideolóxicas e favores mutuos, asemade dunha endogamia apreciable tanto nas páxinas de *Ecos del Eume* antes do 1918 como daquela e despois no cancioneiro, nas comparsas e no anecdotario local.

Nunha sociedade como a eumesa de hai setenta anos cadaquen tiña ben definido o seu papel e había unha fenda que separaba aos “notables” dos demais, de xeito que uns e outros mantiñan diferencias no tratamento (Don/a ou Señor/a, tu ou Usted), no idioma de uso (galego/español) e nos hábitos, cun grupo “medio” que tentaba identificarse/mimetizarse cos “notables” sobre todo na vestimenta, actividades asociativas e no seguimento de ideas sociais e políticas. E máis “abaixo” estaban os labradores, peóns, artesáns e mariñeiros, próximos maioritariamente ao “*bando del progreso*” e con forte afiliación ás Sociedades Agrarias das parroquias rurais e aos sindicatos de clase (ver CADRO I), maioritariamente na CNT os traballadores do mar e na UGT os de terra.

CADRO I - SINDICATOS	
Constitución do “Sindicato de Marineros y Pescadores de Pontedeume”. 1914. CNT. 26 afiliados. Preside Francisco Carballo	Constitución da “Cooperativa del Pósito de Pescadores”. 1925. Sen adscripción definida pero próxima á UGT.
Constitución do “Sindicato de Pontedeume” 1920. CNT. Preside Raimundo Martínez, secretario Francisco Salgado.	Constitución da “Sociedad de Oficios y Profesiones Varias”. 1931. UGT. Preside Luís Nodar Castro.
Constitución do “Sindicato Único”. CNT 1931. Preside Angel Abeledo. Tiña 425 afiliados en febreiro do 1933.	Constitución da “Sociedad de Oficios Varios”. 1933. UGT. Preside Luís Calvo. Tiña aprox. 250 afiliados en abril do 1934.

(Elaboración propia)

Cada “bando” ía agrupándose na disputa do poder local, e cada “bando” ía arredándose nas respectivas posicións ideolóxicas, cunha fenda tanto máis perceptible no eido social que no políti-

co. Quen estaba ou no “*partido del orden*” ou no “*partido del progreso*” (denominacións que recollo de *Ecos del Eume*) íase encadrando como agrarios/foristas, clericais/leigos, conservadores/liberais, monárquicos/republicanos, galeguistas/centralistas,..., diverxencias acentuadas dende a proclamación da Segunda República entre as xenericamente chamadas “*esquerdas*” agrupadas na ORGA-*Organización Republicana Gallega Autónoma/Partido Republicano Gallego/Izquierda Republicana* (p. ex. Ramón Sardiña Navarro, Angel García Toribio), no *Partido Socialista* (p. ex. Manuel López Seijo) e nos sindicatos (p. ex. Angel Acebedo ou José Viñas na CNT, Luís Nodar ou Ramón Agras na UGT), e as “*dereitas*” acubilladas no *Partido Radical* (p. ex. José Prado Rivas, Miguel Montero), na *Derecha Regional Gallega/Confederación Española de Derechas Autónomas* (a CEDA, con Constantino Amado, José Ameneiro, Jesús Calvo Patiño), en organizacións católicas integristas, e posteriormente na *Falange Española*.

“BANDOS” E POLÍTICA LOCAL

Nos dous últimos anos do reinado de Alfonso XIII (1929-1931: finais da dictadura de Primo de Rivera, gobernos de Berenguer e Aznar) desempeñaron a alcaldía de Pontedeume o mentado Constantino Amado, Laureano Roberes, José Paz, Manuel Salgado e José Prado, todos eles loxicamente do “*partido del orden*”. Cando as eleccións municipais do 1931 (non está de máis recordar que non houbo outras eleccións municipais democráticas até o ano 1979) constituíuse a primeira corporación do novo tempo político de Pontedeume o día 19 de abril, pero as notorias irregularidades dos monárquicos en varias mesas (o “*pucherazo*” máis notable foi en Nogueirosa, con cambio de urna incluído) levaron ao gobernador civil a designar a Francisco Balsa Antón como delegado gubernativo para todos os concellos do partido xudicial, e instalar no Concello de Pontedeume unha comisión xestora o día 30, tomando posesión definitiva o alcalde e os concelleiros o 26 de xuño (ver CADRO II), con dez representantes dos partidos nidiamente republicanos (ORGA, PSOE) e cinco do “*partido del orden*”, nese momento o *Partido Radical*. Entre as medidas que foi tomando esta corporación municipal -preparadas máis nunha rebotica e nun bufete que na propia casa do concello- destacan a recualificación dos contribuíntes aos “consumos” con rebaixas ou eliminación de taxas aos veciños de poucos ingresos, a ampliación do que hoxe denominamos Servicios Sociais, a redución a oito horas da xornada laboral dos




Acto político, 1929

empregados do Concello, a compra da primeira máquina de escribir -marca *Underwood*- para as oficinas municipais, a dotación de escolas e demanda da construción dun grupo escolar, a instalación de iluminación pública e o saneamento de fontes, o apoio ás folgas de pescadores nos anos 1932 e 1933, o comezo de obras para combater o “*paro obrero*” local, a adhesión ao Estatuto de autonomía de Galicia,... Houbo neses anos constantes enfrontamentos da institución municipal cunha activísima dereita confesional (o crego Antonio Sierto, “*Acción Católica Femenina*”, o médico Ildefonso López Quiveu coa súa “*Juventud Católica*”,...) que pasou a ser especialmente belicosa dende a consolidación da CEDA no paso do ano 1933 ao 1934.

Teño desenvolvido noutros lugares os feitos de outubro do 1934, “revolución” das organizacións obreiras contra a dereitización governamental e que -fóra de Asturias e Cataluña- foi en Galicia onde tivo maior repercusión, especialmente nas bisbarrias do Eume e de Ferrolterra; a prensa recolleu parcialmente os feitos, anotando que houbera dous mortos en enfrontamento, varias sabotaxes (unha delas -fallida- contra a ponte do tren para impedir dese xeito o paso de convois con tropas), tiroteos, e a detención de máis de douscentos cincuenta veciños da volta, entre eles Ramón Ares, Eduardo Fonte, Manuel Feal e Nicolás Villar, os catro concelleiros de Pontedeume.

Informe sobre situación política. I-1936.



O goberno do Partido Radical/CEDA nomeou como delegado gubernativo en Pontedeume a Higinio Fernández Prieto e este cesou o 10 de novembro á corporación e designou outra progubernamental (ver CADRO II) que continuou coa instalación da iluminación, despediu por esquerdistas a tres dos peóns ocupados en obras municipais e suspendeu as cativas subvencións que o Concello concedera aos sindicatos locais.

Coa victoria da Frente Popular en febreiro do 1936 o novo goberno dispuxo que foran repostos moitos dos cargos públicos municipais cesados no 1934, completando as corporacións con persoas designadas polos partidos políticos. Celestino Sardiña Navarro, como delegado do gobernador civil, foi quen deu posesión ás corporacións de Cabanas, A Capela, e dende o día 9 de marzo el mesmo presidiu a Comisión Xestora de Pontedeume (Ver CADRO II), que ben pouco tempo tivo para gobernar....

CADRO II - CORPORACIÓNS REPUBLICANAS			
19 - Abril - 1931	26 - Xuño - 1931	24 - Novembro - 1934	9 - Marzo - 1936
Elías Calvo Díaz (Alcalde)	Miguel Regueira (Alcalde)	José Prado Rivas (Alcalde)	Celestino Sardiña (Pres. Xestora)
Ramón Goyanes	Ramón Ares	Jesús Calvo Patiño	Manuel López Seijo
Pablo Díaz	Eduardo Fonte	Luís Allegue Santos	Juán Ares López
Jesús Paz	Nicolás Villar	Luciano López Pita	Robustiano Freire
Marcelino Saavedra	Vicente Porto	Eusebio Martínez	Ramón Ares
Antonio Leira	José Mª Varela	Miguel Montero	Nicolás López
Juán A. Regueiro	Manuel Feal	Jesús Paz Espada	Salvio Vázquez
Francisco Abeledo	Manuel Blanco	Manuel Vázquez	José Mª Silvestre
Celestino Garabana	José Viñas	Manuel Blanco	Luís Nodar
Celestino Regueiro	Miguel Montero	Santiago Filgueiras	Eduardo Rodríguez
Manuel Fonte	Jesús Paz	Juán A. Regueiro	Anselmo Vazquez
Santiago Filgueiras	José A. Criado	Francisco Cardesín	José Allegue
Eulogio Guntúriz	Eusebio Martínez	José A. Criado	Eugenio García Díaz
Manuel Vázquez	Manuel Vázquez	José Mª Varela	Jesús Esteiro Bello
José Ramón Amado	Santiago Filgueiras	José Viñas Brage	José Manuel Manso

(Elaboración propia)

A SUBLEVACIÓN DE XULLO DO 1936

O mesmo 17 de xullo do 1936 souberon en Pontedeume da sublevación militar fascista, e o día 18 - seguindo as indicacións do gobernador civil- constituíron un Comité da Frente Popular con persoas (Ramón Ares, Angel García Toribio, Luís Nodar, Celestino Sardiña Navarro) das organizacións fieis ao goberno democrático; este comité xuntou en Pontedeume algúns carabineiros e paisanos mal armados na defensa da República, ordenou levantar unha barricada na ponte e un control en Campolongo; agardando inutilmente qué dispuñan as autoridades (Goberno Civil, Casares Quiroga en Madrid) o Comité de Pontedeume mantiña contactos cos semellantes de Ares, Mugar dos, Cabanas, A Capela, Limodre, Miño, Monfero e coa Coruña mediante comunicacións

intensas en automóbiles e polos *telefonémas* da época, e asemade coa dotación do “Torpedeiro nº 2” que, sen carbón para a súa máquina despois de fuxir de Ferrol e navegar até A Coruña, estivo fondeado diante do castelo de Redes ata que foi apresado o día 21 polo barco sublevado Uad-Martín. Os sublevados -triumfantes en Ferrol- querían achegarse cara a Pontedeume, pero un primeiro intento o día 21 fracasou nos altos de Laraxe; ás 8 da mañá do día 23 unha columna mandada polo comandante Iglesias e o capitán Gallego (con el cinco tenentes, oitenta soldados, quince gardias civís, dez falanxistas e un camión blindado con tres ametralladoras), avanzou pola estrada de Sillobre e Lavandeira, chegando á vista de Pontedeume ás once: houbo un



Camión Blindado, 1936.

pequeno tiroteo na barricada da ponte, un parlamento, e contra o mediodía a columna sobrepasou a barricada e entrou na vila, asumindo toda a responsabilidade do Comité da Frente Popular e da resistencia o rexistrador da propiedade e membro de *Izquierda Republicana* Ángel García Toribio. O día 26 de xullo as novas autoridades designaron unha comisión xestora municipal, modificada o 26 de setembro e ampliada o 21 de novembro (ver CADRO III), que se mantivo ata que o 10 de agosto do 1937 foi designado alcalde Ildefonso López Quiveu.

Dende os últimos días de xullo ao quince de agosto do 1936 houbo en Pontedeume trinta e nove detidos, encadeados nas celas do xulgado e nos baixos na casa do concello; con eles, veciños de Ares, Cabanas, Mugardos, Monfero,... sucedéndose as sacas e os paseos (ver LISTA, parcial); outros conseguiron sobrevivir. Dende esas datas, cos “del orden” outra vez no poder -como podemos comprobar cunha sinxela comparación de nomes-, en Pontedeume houbo moito máis que liortas sociais entre “bandos”: a división foi dramática entre a dereita, vencedora case sempre inmisericorde; e a esquerda, vencida e martirizada.

CADRO III - PRIMEIRAS CORPORACIÓNS FRANQUISTAS		
28 - Xullo - 1936	26 - Setembro - 1936	19 - Abril - 1931
Jesús Calvo Patiño (Pres. Xestora)	Jesús Calvo Patiño (Pres. Consello Municipal)	Jesús Calvo Patiño (Alcalde)
Benigno Piñeiro	Marcelino Saavedra Paadín	Marcelino Saavedra Paadín
Germán Pérez Baamonde	Manuel Regueiro	Manuel Regueiro
Vicente Porto Gómez	Saturnino Feal Deibe	Juán Caramés Vieites
José Calvo Fonte	Vicente Pérez Regueiro	Dimas Tenreiro del Río
	Juán Caramés Vieites	Jesús Silva Salgado
	Ismael Iglesias	Ramiro Prego
	Celestino Veiga	Miguel Montero
	Dimas Tenreiro del Río	José Pazos
		Ildelfonso López Quiveu

(Elaboración propia)

NÓMINA DALGÚNS VECIÑOS DE PONTEDEUME ASASIÑADOS. ANOS 1936-1937

(Omito os casos dúbidosos, aqueles asasiñados posteriormente, e os que non eran veciños de Pontedeume)

-Ramón Agras Fernández
-José Allegue del Río
-Rodrigo Álvarez Pardo
-Ramón Ares
-José Brage
-Antonio Calvo Fernández
-Leonardo Díaz Zamorano
-José M^a. Fernández Calvo
-Juán García
-Ángel García Toribio
-Luís Gómez Rodríguez
-Luís Nodar Castro
-Rodrigo Pena Ponte

-Gonzalo Pantín Tenreiro
-Juán Pico
-Manuel Prado Allegue
-Manuel Regueiro González
-P. Pico
-José Tenreiro López
-Manuel Tenreiro Mosquera
-Celestino Sardiña Navarro
-Ramón Sardiña Navarro
-Enrique Vázquez Gómez
-José M^a. Varela
-Manuel Vilar

(Elaboración propia)

FONTES

- Arquivo do Ateneu Libertário “Ricardo Mella”, A Coruña: co meu agradecemento a Eliseo Fernández.
- Arquivo Municipal de Pontedeume: libros de actas 1909-1937.
- Arquivo do Reino de Galicia, fondo do Goberno Civil da Coruña: L. 2271, 2762, 2777, 2872, 5092, 5125.
- Varias Causas de Consellos de Guerra do ano 1937.
- Coleccións privadas.

FONTES, LAVADOIROS E PREDIOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Francisco Xabier Allegue Torre

Este artigo resume o “Inventario de Bens Municipais de Natureza Rústica e Urbana do Ilmo. Concello de Pontedeume” que confeccionei para a dita institución na tempada 97-98. Traballo no que inventariei as seguintes unidades: as fontes, os lavadoiros, os predios, as fontes-lavadoiros. Unidades que son bens de propiedade pública das parroquias S. Cosme de Nogueirosa, Sta. María de Ombre e San Martiño de Andrade; pertencentes ao Concello de Pontedeume. Neste artigo só estudio a parroquia de Nogueirosa.

INTRODUCCION:

O Patrimonio Etnográfico (as fontes, os lavadoiros, os hórreos, os cruceiros...) integra as nosas paisaxes pero tamén é testemuña do pasado e protagonista á hora de reescribir a nosa Historia local; labor encamiñado, na nosa comarca, pola revista *Cátedra*.


Existe a complexidade dos dereitos da auga dentro do noso carácter de galegos. E neste caso concreto, no estudio de propiedades públicas, a dobre moral que temos respecto destas; aínda que sexa tabú falar deste tema.


Estado de conservación do patrimonio:

É obvio que a permanencia do bo estado de conservación dun ben público radica na súa utilidade real. A obsolescencia dos inmobles estudados débese a que o seu uso xa non é prioritario. As traídas de auga comunitarias e as lavadoras relegan a un segundo plano as fontes e os lavadoiros públicos; existe unha estratexia educacional na que as escolas unitarias se están abandonando, etc.

Patrimonio importante como ben etnográfico, tamén a ter en conta a rendibilidade do xa imparable boom do turismo rural; sendo inevitable o abandono de certas unidades e terá que primarse a rehabilitación doutras.

Na actualidade, no estado de conservación deste patrimonio público impera o descoido e o abandono. Os problemas das edificacións parten da falta de planificación constructiva e de mante-





mento, é dicir, inexistencia de proxectos e asistencia técnica. A maioría das construcións non cumpren os mínimos de integración paisaxística e estética. Impera o parcheo de formigón, o desencadre e o non atallar os problemas de fondo. Mais é certo que existen exemplares fermosos e integrados medioambientalmente, dignos de futura rehabilitación.

ESTUDIO DAS UNIDADES:

Xa comentamos que as unidades estudias son as fontes, os lavadoiros, os predios e as fontes-lavadoiros. En cada unidade analizamos : a identificación, a localización, de onde provén a auga, o aproveitamento, a súa historia, o estado de conservación, a descrición da construción e un comentario.

PARROQUIA DE NOGUEIROSA

Fonte do Empedrado:

Esta fonte localízase no Barral de Arriba (O Empedrado), á beira do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro.



O manancial nace uns 100 m. arriba da fonte, entre o medio da estrada e o lado do couto.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa. Da fonte parte unha canalización a unha arqueta sita na estrada, e desta aproveitan a auga seis usuarios. As augas sobrantes da fonte van a un lavadoiro privado e ao lavadoiro do lugar de Aradas (O Barral do Medio). As sobrantes dos lavadoiros

regan os prados das Abelás ou van ao regato de Cabría Vella, augas que se funden no río Covés.

Contan os vellos que o antecedente histórico desta fonte foi un cano rudimentario na beira do couto, onde tamén agromaba o manancial. A data de construción da fonte é do 1931 (segundo inscrición), construída por D. Domingo Dopico, canteiro, pai dun dos usuarios actuais da traída. O valor constructivo e artístico non é relevante.

A conservación da fonte mantéñena os usuarios da traída, coa colaboración do Concello de Pontedeume. Na actualidade só require algunha limpeza de cando en vez. No verán a auga resulta insuficiente para tanto usuario.

Constructivamente é de planta rectangular en tres módulos: fonte propiamente dita, pía e sumidoiro. Dentro da fonte propiamente dita existe unha arqueta, que conta cun respiro, é dicir, a auga reverte da arqueta e cae polo medio da fonte á cuneta cando se tapan os canos ; da arqueta parte unha canalización ós dous canos que verten na pía; outra canalización leva auga a unha arqueta sita na estrada subministrando auga aos usuarios. A pía é de pedra de cantería. O sumidoiro de tubos galvanizados ancorados no formigón.

Fonte do Lugarciño:

Esta fonte localízase no Barral de Arriba (Lugarciño ou Mandras do Cardal), á beira da variante do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro.

O manancial nace a uns metros do predio lindante.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca à casa. Esta auga tamén se reparte nunha traída de tres propietarios. As augas sobrantes regan os prados do Cardal (As Curuxeiras).



O seu estado de conservación é aceptable. Require o mantemento pertinente. A auga da traída escasea no verán.

Constructivamente a fonte é un muro de contención que sostén o valado. O muro é sólido, no linde norte sitúase un poste de baixa tensión que distribúe electricidade ás casas. A fonte propiamente dita localízase no centro do muro, diferénciase claramente por ser de pedra de cantería; no centro desta destaca o relevo dunha cruz. O cano, incrustado no muro, verte nunha pía de

pedra de cantería e de aquí vai a un sumidoiro; mediante canalización atravesa a variante do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro.

Tanto espacial como paisaxisticamente é unha fonte totalmente integrada.

Fonte do Ouro:

Esta fonte localízase no lugar de Cabría Vella ou Fontañña; no ángulo de dous camiños: o que vai de San Cibrao a Cabría Vella e o camiño a casa de Encarnación.

O manancial nace noutro predio, que é propiedade pública (tamén estudado neste artigo).

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa. As augas sobrantes regan unha propiedade.

O antecedente histórico desta fonte é que existía no predio público anteriormente mencionado. Cambiou-se de lugar porque na parcela pública o cano se situaba moi baixo, imprimindo unha posición incómoda aos usuarios. O Concello de Pontedeume mercou a propiedade da fonte actual a cambio de que se lle fixesen unhas escaleiras de acceso ao lindante. Esta fonte ten unha pedra na que se inscribe o ano de construción: 1990, o nome da fonte e as iniciais P.M. (Pablo Martínez, “Pablito”), quen debeu elaborar esta pedra.



O muro da fonte presenta un estado de conservación deplorable, é dicir, as gretas do muro verten constantemente auga.

O recinto da fonte está totalmente limitado polos dous camiños e o lindante. Constructivamente, a maior parte dos muros son de pedra de agradable estética, os canos sobresaen do muro vertendo nunha pía que está baixo a horizontal do piso. No habitáculo da fonte hai unhas escaleiras de acceso á propiedade do lindante.

Tanto espacial como paisaxisticamente é unha fonte integrada.

Fonte da Graña:

Esta fonte localízase no lugar da Graña, á beira do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro, pero aquí hai un cruce de estradas: o xa nomeado, o camiño que vai ás Telleiras, camiño



que vai a Figueirido, camiño do Conde e camiño a Cabría Vella.

O manancial nace no Espiño.

A auga do manancial divídese entre a que vai para a fonte e a que vai como traída para as casas (son sete usuarios). A auga bébese na fonte ou lévase fresca á casa.

A hitoria desta fonte parte do ano 1933 cando a auga se canalizou do Espiño á actual fonte da Graña, segundo as declaracións dun veciño. Os veciños de Goive desprazábanse á Graña a buscar a auga e entre todos acordaron construír outra fonte en Goive, na propiedade dun dos usuarios. Esta fonte non existe porque acordaron meter a auga nas casas.

Para asegurar o fluxo de auga necesita limpeza periódicas.

Constructivamente presenta un alzado de forma rectangular en dous volumes, e o remate da fonte son dúas semicircunferencias que se tocan. O material empregado é o formigón. É unha fonte constructivamente modesta.

O lugar tivo certo valor estratéxico dentro da zona: Cruce de estradas, pasa o río da Graña, a fonte e o lavadoiro están a metros e hai restos dun muíño. Cando se andaba a pé esta fonte representaba un descanso necesario antes de encararse á subida da Costa do Cal. Pasaban os lugareños de Figueirido, dos Barrales, do Lugarcíño, do lugar da Viña e do Castelo. Hai uns sete anos, despois da miña primeira lectura da *Historia de Pontedeume*, comenteille a meu pai que existira unha granxa de monxes en Nogueirosa, pero non falaba do lugar; comentoume que na casa da súa nai, a dos Brochas, na Graña, lembraba escudos de pedra; busquei no diccionario Franco Grande: “Graña: Granja”.

Fonte do Campo de Cosme:

Esta fonte localízase no Campo de Cosme, preto da estrada que vai da Capela (en Esteiro) a Vilar.

O manancial nace uns metros arriba da fonte, na propiedade lindante.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa.

Aparentemente existe unha solidez constructiva dos muros de contención. O seu estado de conservación é deficiente. O linde norte ten dúas fisuras que verten constantemente auga.

Constructivamente está deseñada mediante chanzos e vestíbulos de acceso, a baixada abismal débese á busca do nivel da auga de saída do manancial. O cano da fonte sitúase a unha altura de 42 cm, sendo impracticable beber; este cano é unha manguera de rega de 42 cm. de longo, e esta, ás veces, cae. A fonte propiamente dita está construída de bloques de cantería, pero derriba do cano ten varios bloques de formigón, que non é máis que un rexistro que permite acceder con facilidade ao interior da fonte: limpeza, amañños, etc.



Hai que saber da fonte para acceder a ela. Esta fonte cumpre requisitos para que fose unha fonte ignorada: difícil acceso, cano moi baixo, pouca auga. Un lugareño faloume da frescura da súa auga, nesta apreciación existe un ton afectivo que se repite respecto de moitas fontes.

Fonte de Esteiro:

Esta fonte localízase na praza do Fondo de Esteiro.

O manancial nace na propiedade dun veciño do Fondo de Esteiro, e esta auga vai canalizada até un depósito sito na propiedade dunha veciña.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa. Tamén existe unha traída dos veciños de Esteiro.

O estado de conservación é aceptable. As pranchas de mármore están rotas nalgún sitio, esto como condicionante estético.

Constructivamente. A fonte propiamente dita é de ferro fundido, aséntase nunha basa de formigón e está recuberta de pranchas de mármore. O chorro de auga da fonte cae nun sumidoiro de ferro fundido, inserido na dita base. A carón da base hai outro sumidoiro que recolle as augas de choiva. Tamén a carón da fonte existe un rexistro que é unha chave de paso. Esta fonte ten un pulsador que verte auga nun tempo determinado, é necesario polo excesivo consumo de auga debido ao elevado número de usuarios da traída.



Lavadoiro do lugar de Aradas:

Este lavadoiro localízase no lugar de Aradas ou O Barral do Medio, á beira da outra variante do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro.

A auga deste lavadoiro procede do manancial sito no couto e no Camiño Real, que é a auga sobrance da fonte do Empedrado. Auga que vai mediante un entubado ao lavadoiro dun dos usuarios da traída, mediante outra canalización ao lavadoiro do lugar de Aradas

Lavadoiro público. Utilizado polos veciños do lugar. As súas augas regan os prados das Abelás.



Da súa historia sabemos pouco: Que os veciños adecentaron e arraxaron os desperfectos no lavadoiro e cubrírono con placa de fibrocemento. O Concello de Pontedeume pagou os materiais.

O estado de conservación e limpeza cumpren mínimos con dificultade.

Constructivamente, a zona de lavar é de cantería, o resto da

construcción é de formigón cun remate pouco coidado. Catro columnas de formigón armado sopor-
tan a cuberta, cuberta de fibrocemento asentada en traveseiros de madeira.

A guía *Os Catro Castelos* comenta que aínda quedan pequenas corredeiras, fotografando o camiño do lugar de Aradas. Está claro que perdimos o tren da modernidade. Camiño enlamado do ancho dun carro, cos accesos ao Camiño Real (pista asfaltada) onde vira un turismo con dificultade, non sabe o que é a iluminación pública aínda que ten os postes.

Lavadoiro da Graña:

Este lavadoiro localízase no lugar da Graña, á beira do Camiño Real que vai de Esteiro ao Sueiro, pero aquí hai un cruce de estradas: o xa nomeado, o camiño que vai ás Telleiras, camiño que vai a Figueirido, camiño do Conde e camiño a Cabría Vella.

A maioría destas augas veñen das Chancelas. Tamén se chama río da Graña, augas que se funden coas do río Covés, ou río Covés.

Lavadoiro público. Na actualidade para pouco máis se utiliza que para lavar buzos, sacos, etc.

Podemos intuír que as súas augas se desviaron do seu cauce natural co fin de subministrar auga ao muíño. Hai uns 15 ou 20 anos aínda lembro dúas grandes lousas de pizarra á beira do río, que eran o lavadoiro. Hoxe en día o lavadoiro é unha construción de formigón armado.



Da súa conservación podemos dicir que presenta carencias en limpeza e exceso de acumulación de terra na zona de lavar.

O material empregado constructivamente é o formigón armado. O linde sur do lavadoiro ten un muro de contención entre o río e a pista sen asfaltar (acceso ás Telleiras). O lavadoiro está cuberto por unha placa de formigón armado, sustentada por 5 columnas. A zona de lavar é de formigón armado.

A cuberta do lavadoiro, unha placa de formigón armado, constitúe un derroche constructivo. Esta construción non cumpre os mínimos de integración paisaxística e estética.

Lavadoiro de Esteiro:

Este lavadoiro localízase no Fondo de Esteiro, á beira da pista formigonada que vai dende a comarcal (AC-144) á Capela .

As augas deste lavadoiro son as do río Covés, que principalmente proveñen das Chancelas; augas que van parar ao esteiro do río Eume.

Lavadoiro público. Lávanse buzos, fundas de sacos, etc.

Da súa historia sabemos que o lavadoiro actual é resultado da última reforma constructiva que data do ano 1951, segundo proxecto de reformas de fontes e lavadoiros das parroquias de Pontedeume, proxecto asinado polo aparelador municipal.



A súa conservación é deficiente. A tella plana da cuberta aséntase en traveseiros de madeira de castiñeiro, estes en mal estado de conservación. Entre as zonas de lavar hai exceso de lama.

Constructivamente. Lavadoiro de planta rectangular. No plano orixinal contemplouse a simetría na disposición das columnas, executouse unha simetría aproximada. Columnas robustas. A cuberta é de tella plana sobre entramado de madeira, unha viga de formigón armado serve de cargadoiro ós ocos entre piares e ao mesmo tempo recibe as madeiras da cuberta. O río encauzouse co fin de darlle maior capacidade de desaugue na súa saída e evitar o asolagamento do lavadoiro e terreos lindantes. O pavimento dos corredores está formigonado con caneta de drenaxe.

Predio da Fonte do Ouro (trasladada):

Este predio localízase en Cabría Vella ou Fontaiña, limitándoo un predio particular e dous camiños: o que vai de San Cibrao a Cabría Vella e o camiño de Tenzaslongas.



Predio inculto. Hai un contedor do lixo.

Da súa historia sabemos que hai uns 10 anos a fonte do Ouro estivo situada nesta parcela, trasladándose a outro predio (xa estudiamos a fonte deste predio).

Polo predio pasa o regato (canalizado) da fonte do Maio (parroquia de Ombre), estas augas máis abaixo converxen co río das Chancelas, que serán as augas do río Covés. Existe unha arqueta tapada, baixo terra, e de aquí vai unha canalización á actual fonte do Ouro.

Na descrición deste predio resaltar que está limitado polos catro ventos, muro e pista asfaltada.

Predio da Escola Unitaria:

Este predio localízase no Seixo; á beira da estrada comarcal, AC-144, de Pontedeume a Montesalgueiro.

Consérvase o edificio da Escola Unitaria. Na actualidade non se imparte escola. As dependencias desta utilízanse para reunión da asociación de veciños, votacións, para a Biblioteca Itinerante, etc.

A Asociación de Veciños mercoulle parte do predio ao Concello de Pontedeume. Escola Unitaria que constructivamente responde ao patrón tipo que naquela época difundiu o Ministerio de Educación e Ciencia. Existe unha zona de expropiación da estrada comarcal sobre o predio, que son unhas beirarrúas que construíu o Concello de Pontedeume.



O estado de conservación do predio é deficiente. A auga mal canalizada erosionou parte da area e grava da superficie.

Fonte-lavadoiro do Barral:

Localízase no Barral (ou O Barral de Abaixo), lindando coas estradas que van: da Cruz á comarcal (AC-144) e do Barral a Cabría Vella.



O manancial nace a metros na estrada que vai do Barral a Cabría Vella.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa. Lavadoiro público. A augas regan a propiedade do lindante e as que sobran van ao río da Graña.

Da súa historia sabemos que se reformou xeralmente a comezos do ano 98. Antes desta reforma o muro do lavadoiro presentaba unha greta considerable provocada polo movemento de terras na ampliación da pista a Cabría Vella.

Constructivamente. A cova e as dúas estradas son os lindes a ter en conta. Parcela de forma semirectangular adaptada ao ángulo de cruce das dúas pistas. A fonte e o lavadoiro forman unha unidade indivisible; a fonte nutre de auga mediante unha caneta de auga o lavadoiro. Consérvase un erguedoiro, e a zona de lavar é de pedra de cantería de agradable estética. A reforma consistiu en formigonar as escaleiras e o vestíbulo de acceso, o muro de contención crebado selouse de formigón armado, e un adecentamento xeral.

Na última reforma desta fonte-lavadoiro penso que se debeu coidar máis a integración paisaxística e estética, xa que é un fermoso exemplar.

Fonte-lavadoiro da Cruz do Cabildo:

Localízase na Cruz do Cabildo, no cruce de estradas: Camiño Real a Cabría Nova, camiño ás Pontellas e camiño que vai á comarcal (AC-144)

O manancial nace nun predio dun dos veciños da Lameira.

A súa auga bébese alí ou lévase fresca á casa. Lavadoiro público. A auga vai ao lavadoiro mediante unha caneta, augas que van parar ao camiño das Pontellas.

A data de construción é de 1927 (segundo inscrición).

Consérvase en bo estado. Construción funcional, sólida.

Constructivamente. Existe unha arqueta no medio do Camiño Real antes da fonte-lavadoiro que se asfaltou por encima, tamén existe outra arqueta na cuneta. A fonte e o lavadoiro dispóñense paralelos ao eixo lonxitudinal do Camiño Real a Cabría Nova. A fonte-lavadoiro linda cun veciño mediante un muro de contención. Construción de formigón armado.

Cando chove, o caudal da fonte incrementase sospeitosamente; pode haber filtracións á arqueta. Tamén hai un cruceiro neste lugar.



PATRIMONIO DESAPARECIDO

Parroquia de Nogueirosa:

- Fonte en Cabría Vella:

Documentación antiga do Concello rexistra unha fonte en Cabría Vella, pero non se refire á fonte do Ouro (esta estudiámola aquí). Os lugareños lembran a fonte de Cabría Vella, que na actualidade non existe.

- Fonte en Figueirido:

Fisicamente non existe.

Parroquia de Ombre:

- Fonte-lavadoiro en Gunturiz:

Administrativamente aínda se considera o lugar de Gunturiz pertencente á (extinta) parroquia de S. Miguel de Breamo.

Esta fonte fisicamente non existe.

- Fonte de Lugo:

Localizada no Lugar de Mediña. Comentan os veciños que hai uns seis anos o Concello de Pontedeume anelou o nacemento do manancial. E estes son os únicos restos visibles da edificación.

Parroquia de Andrade:

- Fonte de Covés:

Fisicamente non existe. Lembro esta fonte hai uns 10 anos. Sorprendeume que na documentación do Concello se localiza na Parroquia de Nogueirosa, estando claramente na de Andrade.

- Fonte-lavadoiro nos Castros:

Coméntase que lle botaron lixo derriba.

- Fonte-lavadoiro na Regueira

En estado de total abandono.

VOCABULARIO

- **Arqueta:** pequeno depósito para distribuír a auga.
- **Clareo:** (de claro). Acción de poñer a roupa enxaboada ao sol, ou as meadas de liño
- **Erguedoiro:** pequena edificación ao lado da fonte que permite erguer a sella ou as tinas de roupa á cabeza
- **Fonte:** lugar onde brota auga procedente dunha corrente subterránea natural ou conducida artificialmente.
- **Fonte-lavadoiro:** é aquela fonte que nutre de auga a un lavadoiro, e estes dous inmobles complementáanse nun recinto con identidade propia.
- **Lavadoiro:** lugar utilizado habitualmente para lavar. Sitio especialmente disposto para lavar a roupa.
- **Molido,-a:** (lat. molle: mol, brando). adx. Rosca de palla ou trapo que se coloca encol da cabeza para poder levar nela con comodidade un cesto ou calquera peso
- **Pía:** (lat. pila) Recipiente grande de pedra ou madeira para conter auga
- **Sella:** (lat. situla: caldeiro). Recipiente de forma troncocónica, feito con duelas de madeira suxeitas con aros de metal; emprégase para transportar e conter auga. Var. Senlla.
- **Xabón:** produto deterxente obtido pola acción química dun álcali sobre unha graxa, que se emprega para calquera operación de limpeza que se realice con auga. Var. Xabón

BIBLIOGRAFIA:

Revista *Cátedra*. Varios números

Historia de Pontedeume y su comarca. Antonio Couceiro Freijomil. 1981

Arquivo Municipal de Pontedeume

Guía de Balnearios e fontes de Galicia. Tomás Ares Gumil e M^a Xesús Vila González. Editorial Galaxia. 1996

Diversas fonte orais do Concello de Pontedeume.

Diccionario de Uso del Español. M^a Moliner. Editorial Gredos. 1983.

Diccionario Xerais da Lingua. Varios. Edicións Xerais de Galicia S.A. 1987.

Diccionario de la Lengua Española. Editorial Espasa Calpe. 1970. Pontedeume, a 28-3-2000.

ARQUEOLOXÍA E PAISAXE. O ARCO ÁRTABRO DESDE A PREHISTORIA RECENTE ATA O MEDIEVO.

Juan A. Carneiro Rey
Javier Serrano Otero

*No se si estoy en lo cierto
lo cierto es que estoy aquí.
"Maneras de vivir". Leño.*

INTRODUCCIÓN

Os estudos arqueolóxicos de tipo territorial multiplícanse desde os anos oitenta do século XX a partir das correntes arqueolóxicas que xorden na década anterior: procesualismo (New Archaeology)¹ e postprocesualismo (Hodder).

A arqueoloxía da paisaxe terá múltiples enfoques: morfoloxistas, ambientalistas, economicistas e visións sintéticas. Para Orejas (1.998) son estas últimas as que se poden considerar realmente arqueoloxía da paisaxe, pois a través delas pódense trascender e abstraer os datos proporcionados polo rexistro material e realizar unha síntese que terá que ser necesariamente diacrónica. E é a través desta diacronía polo que nos acercamos ao coñecemento das sociedades antigas atendendo á súa dinámica e cambios de ritmos e escalas.

A arqueoloxía da paisaxe serviranos para intentar facer unha reconstrución histórica e configurar o espacio no que se desenvolveron as distintas sociedades humanas a través do tempo.

A paisaxe non se entenderá no seu senso físico, senón que será a resultante dunha serie de distintos tipos de accións antrópicas de carácter cultural, económico, simbólico, etc. (Criado, dir. 1991).

Galiza non será allea a todas estas teorías. En efecto, desde principios dos anos oitenta vai haber importantes innovacións na dinámica investigadora: son de salientar os abundantes traballos de catalogación e inventario realizados ao abeiro dos organismos competentes dependentes da Xunta.

Todos estes factores influirán no desenvolvemento de estudos territoriais nos que se integrarán distintas variables que analizarán as distintas etapas da prehistoria e protohistoria galegas.

1. Desta estratexia de investigación xurdirá a chamada arqueoloxía espacial, que se irá desenvolvendo e enfocando desde numerosos puntos de vista, derivando no que logo se denominará arqueoloxía da paisaxe.

Estas variables abranguen facies ecolóxicas, culturais, simbólicas, etc., que darán como resultado traballos interdisciplinares e servirán para que o investigador chegue a evidencias de distinto tipo para entender a ocupación do territorio por parte das comunidades que habitaron o noroeste peninsular e lograr un maior coñecemento destas.

ANÁLISE DO ESPACIO XEOGRÁFICO

O Arco Ártabro conforma unha unidade física á que non foron alleos os antigos. Efectivamente, foron os historiadores grecolatinos quen deron nome a esta rexión costeira tomando como referencia un dos pobos prerromanos que vivían nela: os ártabros ou arrotrebas. Esta comarca natural coñécese tamén hoxe como As Mariñas.

1. Situación

A zona de estudio, que se atopa encadrada dentro dunha unidade xeográfica maior denominada Golfo Ártabro cunhas peculiaridades climatolóxicas e morfolóxicas comúns dentro do noroeste da Galiza, conta cunha superficie aproximada de 268,4 quilómetros cadrados (Torres Luna, M.P., 1994) e abrangue os concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Ares, Mugardos e Cabanas. Unha poboación en conxunto de 151.485 habitantes (censo 1991), sendo Ferrol con 85.132 habitantes a que concentra o maior número de poboación, séguelle Narón con 31.306 habitantes, Fene con 14.759 habitantes, Mugardos con 6.478 hab., Neda con 6.289 hab., Ares con 4.447 hab. e Cabanas con 3.074 hab. Unha densidade media de 564,4 hab./Km², sendo o concello de Ferrol con 977,4 hab./Km² a de maior densidade e Cabanas con 99,5 hab./Km² a de menor densidade. O maior número de poboación concéntrase nos núcleos urbanos (Ferrol, Narón, Fene), moitos deles ao longo das grandes vías de comunicación. A restante encóntrase dispersa en pequenas aldeas ao longo de toda a zona. Sitúase Ferrol como epicentro da zona de influencia.

2. Xeoloxía

Os materiais que forman a zona de estudio presentan unha disposición en bandas con dirección predominante norte-sur. Así, a zona máis oriental corresponde ó dominio *Ollo de Sapo* que está en contacto mecánico co macizo granítico do Forgoselo. Son materiais do Ordovícico compostos por filitas negras, cuarcitas e cuarxositos. O silúrico é máis extenso cara ao norte.

Seguindo cara ao oeste, unha potente banda de rochas graníticas interrompida, xa no concello de Narón, por materiais do terciario (areas, arxilas). E na parte oeste aparecen, en banda e en contacto coas anteriores, rochas metabásicas.

Ao oeste das rochas básicas agroman os materiais da Serie de Ordes compostos por xistos e cuarxozistos, de idade precámbrica e silúrica. E no sector máis occidental aparecen de novo os granitos con dirección SO-NE.

3. Relevo

Se analizamos as formas do relevo da zona podemos ollar 3 sectores diferenciados. Unha cara ao interior, arredada da costa, onde se dan as maiores altitudes. Estas descendem do sur cara ao norte chegando a estar por debaixo do nivel dos 100 m. onde se instala o río Grande de Xubia, para logo acadar o nivel dos 300 m. no nordés do concello de Narón. Estas formacións presentan unha dirección predominante N-S. Un sector máis baixo e de maior amplitude que presenta unha dirección NE-SO e onde se concentran os máis importantes núcleos de poboación. Para acadar no sector occidental e en contacto coa costa onde se instalan cumios ao nivel dos 100-200 m.

Se facemos un percorrido de leste ao oeste imos descendendo para atoparmos cunha serie de cumios a diferentes altitudes. Estes cumios non dan relevos escarpados senón que presentan a forma de penechaira máis ou menos amplas con pendentes suaves (Pérez Alberti, 1982), sendo estas maiores nos sectores onde os ríos van encaixados debido ao seu labor erosivo, chegando a acadar pendentes do 50% como no caso do río Eume.

Sobre os materiais xeolóxicos existentes actuaron, ao longo do tempo, os diferentes axentes modeladores, tanto endóxenos coma exóxenos, que configuraron as formas do relevo actual. Para comprendermos esta morfoloxía do relevo da zona temos que nos referir ao conxunto da Galiza. Así, segundo os estudos levados a cabo por Pérez Alberti (1991) "Os procesos tectónicos foron claves na configuración do relevo no noroeste peninsular (.....). En Galicia, alomenos a partir de mediados do terciario, puxéronse en marcha movementos tectónicos que desmembraron o antigo relevo caracterizado, como deciamos, pola súa suavidade. Un conxunto de bloques comenaron a bascular. Uns erguéronse mentres que outros se afundiron. A rede fluvial, instalada previamente, foise introducindo moi lentamente nos que ascendían mentres que a penas o fixeron nos bloques que se afundían...". Así pódese explicar o encaixamento do río Eume preto da súa desembocadura, como a sucesión cara ao oeste das diferentes penechairs a distintos niveis en forma graduada.

Estes procesos tectónicos actuaron de diferente xeito sobre os materiais existentes, producindo diferentes fases de tectonización, e asociados a eles desenvóléronse distintos procesos metamórficos que afectaron, sobre todo, os xistos, producíndolles un alto grao de alteración. O sistema de fallas existente dislocou e reorganizou a morfoloxía anterior, así a oroxenia hercínica durante o Paleozoico produciu a formación de fracturas con dirección predominante NNE-SSO e N-S, que posibilitaron a intrusión de magma que constituirá os macizos graníticos (Lois González,

R., Pérez Alberti, A., 1992). Outras de dirección L-O e de idade máis tardía intercálanse entre as anteriores. Todas elas se verán revitalizadas pola oroxenia alpina.

Sobre esta nova morfoloxía actuou a erosión diferencial. O Terciario, cun clima de carácter semitropical co que supón de alto grao de alteración da rocha, os procesos periglaciares que se produciron durante o Cuaternario, xunto coa instalación da rede fluvial, van modelar as formas ata chegar aos nosos días. Así en rochas máis resistentes á erosión como as rochas graníticas, metabásicas e filitas negras dan lugar a relevos máis potentes. Superficies como as de Marraxón (Coto do Rei-358m.), Monte de Nenos (364m.), Punxeiro (389m.), Penas Louseiras (465m.), son claros exemplos. Sobre os xistos e os materiais do Silúrico a erosión actuou de forma máis acusada dando lugar a formas máis achairadas e planas.

O sector litoral conta cuns 77 quilómetros. Presenta formas acantiladas e praias. A forma de cantís coincide coas zonas de afloramentos graníticos, moito máis resistentes aos procesos erosivos. A costa de acumulación (praias) fórmase sobre os xistos da serie de Ordes, materiais máis desgregables. Tamén interviron os procesos tectónicos e a dinámica mariña (transgresións e regresións) que actuando sobre a litoloxía modelaron o seu contorno.

Unha forma peculiar de costa aparece nestas latitudes: as rías. A ría de Ferrol cunha entrada estreita que vai ancheando no sector central, para ir estreitándose cara á desembocadura do río Grande de Xubia. A ría de Ares, máis aberta pero de parecidas características. Non hai, entre os estudiosos, un criterio unánime sobre a orixe e formación das rías. Nonn clasificaría estas como "Rías-alveolo: son anchas cubetas de alteración terciaria inundadas, producidas baixo condiciones de clima subtropical húmedo del Mioceno. El estrechamiento en cuello de botella se explica por un afloramiento resistente transversal" (Max Derruau, 1991).

4. Solos

Unha das definicións de solo máis completa, científica e xeralmente aceptada é a de USDA Soil Yearbook (1957): «... lleva a definir el suelo como una masa natural de la superficie terrestre con una serie de propiedades debidas al efecto integrado del clima y de la materia viva (plantas y animales) actuando sobre un material geológico determinado, condicionado por el relieve y durante un período de tiempo»².

Os solos máis representativos que aparecen na zona son os inceptisols, sobre rochas ácidas, alternando nalgúñas zonas con entisols. Son solos ricos en materia orgánica, con boa drenaxe e unha textura franco-arxila-limosa que facilita o réxime hidromorfo. Nalgúñas zonas existen solos da orde dos spodosols asociados cos inceptisols. Sobre materiais máis alterables, coma os xistos,

2. Cita recollida da obra de Casildo Ferreras e Concepción Fidalgo (1991): *Biogeografía y Edafogeografía*. pp.117.

dan lugar a solos máis profundos, e soen estar favorecidos por unha topografía suave. Tradicionalmente nos solos máis profundos e chans foron aproveitados para o laboreo sistemático e pradería, deixando para repoboación de piñeiros e eucaliptos aqueles solos menos profundos e de topografía máis abrupta. Un dos problemas destes solos é o da acidez alcanzando valores de pH entre 4,4 e 5,8 (Ministerio de Agricultura, 1978).

5. Hidroloxía

A rede hidrográfica presente na zona podémola dividir en tres concas (Nárdiz, 1992), dúas de elas de certa entidade e outra menor. Os ríos por orde de importancia son: o Eume que fai fronteira natural polo sur, séguelle o río Grande de Xubia polo norte, e entre eles instálase o río Beelle. Complétase esta rede cunha serie de pequenos regatos, moitos deles de réxime hídrico irregular, que alimentan os ríos principais ou que verten directamente as súas augas ao mar. A dirección predominante de todos eles é leste-oeste. Presentan a particularidade de ir encaixados no seu tramo final, máis acusado no río Eume e menos no río Grande de Xubia. Outra característica é a regularidade do seu caudal cun máximo na estación invernal. Son ríos de réxime pluvial, os cumios onde nacen non son zonas de regularidade de neve, debido á súa moderada-baixa altitude.

O máis importante é o Eume, que fai de fronteira polo sur entre os concellos de Cabanas e de Pontedeume. Nace nas ladeiras do Xeixobranco (vertente sudoriental do Xistral) a uns 880 metros de altitude. Percorre unha distancia de 80 quilómetros salvando unha pendente media do 1,1%. No seu primeiro quilómetro a pendente chega a un 12% descendendo bruscamente dos 880 m. aos 760 m. (Río Barja, F.J., et al., 1992). Presenta un forte encaixamento ata a súa desembocadura na ría de Ares. Conserva nas súas vertentes unhas das máis importantes fragas, hoxe en día en franco retroceso, de especies arbóreas autóctonas de Galiza. Cara arriba no concello das Pontes está represado para o seu aproveitamento hidroeléctrico.

O río Grande de Xubia baña o concello de Narón polo sur, e polo norte o concello de Neda. Nace nos montes de Serra (concello de Somozas) a uns 460 m. de altitude. Percorre uns 31 quilómetros salvando unha pendente media do 1,48%, sendo esta do 5% nos seus primeiros 6 quilómetros. Discorre por vales amplos e a penas presenta encaixamento. Verte as súas augas na ría de Ferrol.

O Beelle, que rega os concellos de Cabanas, Neda e Fene, nace na Serra do Forgoselo (concello da Capela) a unha altitude de 500 metros. Percorre uns 25 quilómetros salvando unha pendente media do 2%. Presenta encaixamento preto da súa desembocadura na ría de Ferrol e salva unha ferverza de orixe tectónica que é aproveitada para uso hidroeléctrico.

6. O Clima

A zona de estudio está comprendida no dominio do clima "Templado frío-oceánico" (Capel Molina, 1981), caracterizado por temperaturas suaves e unhas precipitacións abundosas e uniformes ao longo do ano.

As precipitacións son prolíficas, roldan os 1.300mm anuais, cun aumento no intervalo outono-inverno e un mínimo nos meses de verán. Estas precipitacións, xeralmente, veñen asociadas a depresións ciclónicas adventicias do oeste, que son as de maior capacidade pluviométrica.

A temperatura media anual oscila entre os 13° C - 14° C. Xaneiro, cunha media de 9,8° C, é o mes máis frío e agosto o mes máis cálido cunha media de 18,9° C. A baixa oscilación térmica anual sobre os 10° C reflicte a clara influencia oceánica como moderador térmico ao longo do ano.

Os ventos que afectan son, en xeral, predominantemente de dirección norte. Na estación invernal dominan os ventos do oeste (noroeste-suroeste) e sur (suroeste-sursuroeste)³.

A orografía que presenta a costa vai influír no reparto das temperaturas e na distribución das precipitacións. Hai que ter en conta as características morfolóxicas do golfo Ártabro e moi especialmente a forma das súas rías, que fan de corredor natural facilitando a influencia do clima oceánico cara ao interior.

7. Características xeográficas das zonas de necrópoles tumulares

As necrópoles estudadas localízanse nos cumios, que constitúen os sectores máis altos da zona, dos rochedos cristalinos. Estes cumios, sobre unha altitude media sobre os 300 m., presentan unha morfoloxía en penechaira con pendentes suaves. Sobre estas penechairs aparecen ás veces os afloramentos graníticos formando a paisaxe típica de bolos.

Os solos soen ser pouco profundos e presentan certa pedregosidade. Hoxe en día dedícanse a repoboación de eucaliptos e piñeiros.

O grupo Cha-Aucaral e Campaíñas-Pedroso sitúanse no sector máis occidental dentro do concello de Ferrol. Presentan ampla penechaira sobre os 200 m. A primeira ten forma circular cunha concavidade que bascula cara ao leste froito dun sistema de fallas e onde nace un pequeno regato. Están cubertas de matogueira e repoboación de eucaliptos.

3. Os datos de precipitacións, temperaturas e ventos, están recollidos do traballo realizado por Francisco Castillo Rodríguez "Condicionamientos climáticos de la costa noroccidental gallega" (1993).

As necrópoles de Nenos, Marraxón e Punxeiro-Golpes, están asentadas sobre a mesma unidade xeolóxica de rochas graníticas con dirección N-S, e unha penechaira sobre os 300 m. A de Punxeiro-Golpes, máis ampla, de pendentes máis suaves e solos máis profundos con menor pedregosidade. En todas hai matogueira e repoboación de piñeiros e eucaliptos

METODOLOXÍA

Recorremos a diversos aspectos metodolóxicos para a elaboración deste estudio. En primeiro lugar o *traballo de campo* ou prospección⁴. Esta foi de tipo superficial intensiva e de carácter selectivo, examinando o terreo de forma extensiva en determinadas zonas (Villoch, 1995). A información recollida no traballo de campo non só se refire aos xacementos en si mesmos, senón que tamén se asimilan datos xeográficos, ecolóxicos, etnográficos, etc., referentes á paisaxe ou contorno no que se sitúan os depósitos, o que noutros estudos se denomina prospección ambiental (Criado, dir. op.cit.). Todo isto se reflectirá nun intento de reconstrución da paisaxe nas diferentes etapas culturais que se tratan neste traballo.

Nun segundo lugar, consideramos fundamental unha *análise cartográfica* para entender e posuír unha referencia da zona obxecto de estudio. Para facilitar o devandito estudio dividimos o territorio en rexións fisiográficas delimitadas por formas de relevo fundamentais: zonas de cumes, proídas... (Villoch, 1.999). Valóranse ademais diversos factores que nos axudarán a un mellor coñecemento do terreo: ríos, divisorias, bacías, aldeas tradicionais, etc. Con todos estes datos definiremos as concas hidrográficas máis salientables e diferenciaremos as unidades fisiográficas.

En terceiro lugar, utilizamos varios tipos de *cartografía básica*: A) Levantamentos Fotogramétricos, escala 1:10.000 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia, reducido a escala 1:20.000. B) Mapa Topográfico Nacional, de escala 1:25.000. C) Mapas 1:50.000 do Instituto Geográfico y Catastral e do Servicio Geográfico del Ejército. D) Mapas 1:50.000 do Instituto Geográfico Nacional. E) Mapa 1:200.000 do Instituto Geográfico Nacional.

Por último, manexamos diversos tipos de *documentación tanto medieval como moderna*⁵. Entre as fontes documentais utilizadas na nosa investigación salientáanse cinco: 1/ Tumbo de

4. Un inicial punto de partida para os concellos de Ferrol e Narón foi revisar a catalogación exposta en: A. Pena: *Narón*. Un concello con historia de seu. Narón 1991. Inda que na catalogación do fenómeno tumular no concello de Ferrol deixa amplas zonas sen examinar e non sitúa as mámoas dos concellos estudados nas coordenadas xeográficas ou nas U.T.M., non deixa de ser un traballo pioneiro. A localización de xacementos deberá basearse en criterios distintos aos exclusivamente toponímicos, pois un mesmo punto pode ter distintos nomes, en función da fonte consultada, e incluso existir contradicións na mesma fonte: mapas, informantes directos, etc. (Burillo et al., 1993).

5. A documentación medieval e moderna permítenos localizar xacementos arqueolóxicos que en moitos casos xa están desaparecidos. Ditos xacementos cumprían unha función delimitatoria de coutos, freguesías, concellos, etc; polo que están rexistrados nos apeos, tumbo e coleccións diplomáticas dos mosteiros medievais. Dentro da documentación moderna, a máis importante é a que se rexistra no Catastro do Marqués de la Ensenada (1752).

Caaveiro, que abrangue os séculos VIII-IX-X-XI-XII-XIII. 2/ Colección Diplomática do mosteiro de San Martiño de Xubia, que abrangue os séculos XI-XII-XIV-XV-XVI. 3/ Tumbo II do mosteiro de Sobrado dos Monxes, que recolle documentación dos séculos XI, XII e XIII. 4/ Colección Diplomática do mosteiro de San Salvador de Pedroso, con documentos dos séculos XII e XIII. 5/ Catastro do Marqués de la Ensenada, de mediados do século XVIII (1752).

Para rematar este apartado metodolóxico, debemos dicir que tamén recorremos ao factor etnográfico no referente á localización de vías de tránsito e camiños tradicionais.

ANÁLISE ESPACIAL DO FENÓMENO TUMULAR

Distribución Xeral (Mapas 1, 2 e 3)

Distribuímos a nosa zona de estudio a partir de elementos xeográficos ben definidos (rexións fisiográficas) que conforman unha comarca natural. Dentro desta existen dúas ba-cías representativas formadas pola do río Grande de Xubia e a do Eume, que servirá para trazar o ámbito sur da nosa análise. Deste xeito o estudio queda dividido en grupos de túmulos e/ou necrópoles claramente delimitadas que constitúen unha subdivisión en unidades fisiográficas menores⁶. Estes grupos son cinco, a saber: 1) Grupo Cha-Aucaral, 2) Grupo Cam-paiñas-Pedroso, 3) Grupo do Monte de Nenos, 4) Grupo de Marraxón; 5) Grupo Punxeiro-Golpes.

Grupo Cha-Aucaral, (Mapa 6). Chamado así por ser estes montes os que limitan a necrópole principal, inda que fóra desta atópanse marxinalmente catro mámoas. Os túmulos 1, 2 e 3 están situados nunha portela na Cheira, que limita a necrópole polo seu lado leste. Unha estrada que vai de Brión a Cariño rodea por media ladeira os montes de Cha-Aucaral. Pouco antes de chegar a Cariño, na baixada a San Cristovo, atopamos a mámoa nº 4, no lugar de Teixugueiras.

A necrópole está formada por vinte túmulos⁷ e ten unha superficie aproximada de 2,4 km². As mámoas están situadas a unha altitude sobre o nivel do mar entre 220 m. (mámoa nº 6) e 254 m. (mámoa nº 16). En xeral son mámoas de reducido tamaño: unha media de 15,3 m. de eixo leste-oeste, que soe ser maior que o eixo norte-sur. Esta circunstancia é tamén salientada por outros autores noutras zonas de Galiza (Eguileta, 1993-94). A mámoa de maior diámetro é a nº 24, con 22,70 m. de eixo maior; a de menor diámetro é a nº 23, con 12 m. A altura media das mámoas da necrópole non alcanza o metro, sendo a máis alta a nº 6, con 1,30 m. e a máis baixa a nº 19 con

6. A diferenza entre “grupo de túmulos” e “necrópoles” é que estas manteñen unha intervisibilidade intratumular, mentres que o primeiro termo fai referencia a unha ou varias necrópoles. (Criado et al., 1990-91).

7. Non desbotamos que houbera máis mámoas, pois todo o terreo está alterado pola acción antrópica desde hai séculos. Esta alteración acelerouse sobre todo desde o primeiro tercio do século XVIII, en que se extrae pedra da zona para a construción dos arsenais, por parte da recién entronizada dinastía Borbón. De feito temos datos de tradición oral referidos a un túmulo tipo *cairn*.

0,35 m. Os volumes varían entre os 252 m³ da mámoa nº 6 e os 23 m³ do túmulo nº 25. As pendentes onde se localizan os túmulos son suaves: clase 3 (6%-13%).

A necrópole está situada ao norte da ría ferrolá, nun complexo orográfico delimitado polo monte da Cha ao norte, o monte Aucaral ao sur e no centro facendo de divisoria o monte do Coto. As mámoas dispóense arredor dunha gran braña, con terreos pesados e encharcados. Nesta zona están as fontes que forman numerosos regatos que van dar á ría de Ferrol.

A disposición dos túmulos é circular, limitando a zona de braña dos terreos de cultivo que se dispoñen a me-nor altitude, unha vez que se suaviza a pendente e se sitúan as aldeas tradicionais.

Grupo Campaíñas-Pedroso⁸ (Mapa 7). Está formado por 19 túmulos. Sitúase ao norte do grupo anterior, unha vez que se pasa o encaixado val de Doniños. Hai unha relación visual zonal entre ambos grupos de túmulos. Tanto o monte Campaíñas como o Pedroso sitúanse en paralelo, separados por un talweg polo que discorre o río Roxadoiro e forma unha portela. Seguen un sentido SW-NE, formando parte da cordilleira litoral que vai paralela á costa. A necrópole de Campaíñas está formada por nove túmulos e ocupa unha superficie aproximada de 0,3 Km². A necrópole de Pedroso está formada tamén por nove túmulos, nunha superficie de 0,15 Km². Aproximadamente a 500 m. ao sur seguindo a dorsal de estribación aparece unha solitaria mámoa (nº 1), que domina unha portela onde existe un cruce de camiños que enlazan o val de Serantes co de Doniños e A Mariña. A altitude na que se sitúa este grupo oscila entre os 201 m. (mámoa 14) e 273 m. sobre o mar (mámoa 10). O tamaño das mámoas, en xeral, non é grande. O diámetro E-W medio está arredor dos 16,7 m.; sendo a máis extensa, a máis alta e a máis voluminosa a nº 11, con 30,20 m. de eixo E-W, 1,30 m. de altura e 463 m³ de volume. As pendentes onde se sitúan os túmulos son predominantemente suaves (clase 3). As zonas onde se sitúan as necrópoles están moi alteradas debido a construcións militares e repoboacións de eucaliptos. As mámoas de Campaíñas dispóñense en ladeira, en liña cara a un rechán onde se forma unha portela e onde se agrupan a maior parte delas (mámoas 2, 3, 5, 6, 7). Os túmulos de Pedroso sitúanse en ladeira e van ascendendo pola dorsal dominando o talweg que discorre entre este monte e o de Campaíñas.

Grupo do monte de Nenos (Mapas 8-9). Entre Campaíñas-Pedroso e seguindo cara ao leste, está o val de Trasancos, que separa a cordilleira litoral das terras altas que enmarcan o golfo Ártabro, comenzando polo monte de Nenos. No val de Trasancos consérvanse varias mámoas dispersas das que falaremos máis adiante. No monte de Nenos existe unha necrópole formada por trece túmulos, nunha superficie aproximada de 0,45 Km². As altitudes sobre o nivel do mar oscilan entre os 295 m., onde están as mámoas 5, 6, 7 e 8 e os 332 m., onde se atopa o túmulo nº 2. As mámoas sitúanse nunha penechaira. Teñen unha media de 16 m. de diámetro, e unha altura arredor dun metro. A mámoa meirande da necrópole é a nº 2, de 34 m. de eixo E-W e 2,50 m. de altura, e

8. Campaíñas = sepulturas, no Nomenclator de 1860.

un volume de 1.069 m³, que salienta sobre o resto dos túmulos. O de menor volume é o nº 4, con 31 m³. As pendentes onde están situados os túmulos son de clase 2 (2%-6%). A necrópole está disposta ao longo da corda e vinculada a vías de tránsito que enlazan as terras altas co val.

Grupo de Marraxón (Mapa 11). Está formado por 19 túmulos. Os montes de Marraxón sitúanse ao SE do monte de Nenos, unha vez pasado o río Grande de Xubia. Separan o litoral ártabro das terras altas do interior ao leste (Louseiras, Forgoselo). Entre estes e Marraxón vai encaixada a bacía do Belelle.

As mámoas sitúanse na corda do monte, en estreitas proídas que teñen unha dirección NW-SE, nunha superficie de 1,61 Km². A altitude máxima está en Coto do Rei, con 358 m.s.m e onde se localiza a mámoa nº 14. O túmulo que se atopa a menor altitude é o nº 12, a 324 m.s.m. As medonñas son de menor monumentalidade que as dos grupos vistos anteriormente. A media do seu eixo maior non chega aos 12 m. As alturas medias están arredor dos 0,60 m., sendo a maior a nº 14, con 1,15 m., sendo esta tamén a de maior volume: 198 m³. A maioría das medorras (12) están en pendentes de clase 2.

En xeral as mámoas están moi alteradas debido ás repoboacións de piñeiros e eucaliptos, extracción de pedra, vertedoiro municipal...

Grupo Punxeiro-Golpes (Mapa 12). Forma a continuación cara ao sur dos montes de Marraxón. Esta continuidade está interrompida pola depresión de San Marcos, que fai de vía de tránsito natural entre as terras altas do interior e o litoral. O grupo Punxeiro-Golpes está formado por dúas necrópoles vinculadas a unha pequena zona deprimida situada entre estes dous montes. Por ela discorre unha vía de tránsito que vai paralela ao antigo Camiño Real en dirección ás Pontes. A necrópole consta de 18 mámoas distribuídas nun espazo de 0,8 Km².⁹

Localización dos túmulos

Analizaremos neste apartado as distintas variables que inciden na localización tumular e que parecen ser unhas constantes dentro da análise espacial do fenómeno tumular en Galiza, como son: o tránsito, a visibilidade, os elementos naturais e a tradición (Criado, 1993 a, b; Villoch, 1993, 1995). Ao igual que fixemos no apartado anterior, analizaremos a localización dos túmulos a partir dos grupos de mámoas nos que dividimos a nosa zona de estudio, baseándonos en rexións fisiográficas.

9. Non tivemos en conta aquí as seis mámoas que, inda que pertencen ao concello de Cabanas, están na serra e forman unha prolongación do conxunto tumular da Capela, polo que non entran dentro da nosa zona de estudio. Revisamos a excelente catalogación realizada por Toscano et al. (1998). Esta catalogación foi realizada en 1985, e xa daquela se indicaba que 11 das mámoas catalogadas estaban arrasadas e outras tres en regular estado de conservación. Actualmente confirmamos esa indicación e, desgraciadamente, temos que dar de baixa tres mámoas máis. A catalogación tumular de Cabanas pódese ver tamén en C. Toscano Novella e J. Luaces Anca: "Cabanas. Historia y Patrimonio Cultural". 1999. Concello de Cabanas.

Grupo Cha-Aucaral (Mapa 6, Gráfico 1)

O grupo Cha-Aucaral distribúese arredor dunha gran braña, limitando esta e conformando un espacio cóncavo, similar ao estudiado noutras zonas de Galiza (Criado, 1991 e 1993). Os túmulos delimitan o espacio que separa o monte (agricultura extensiva/pastoreo) do espacio ocupado polas aldeas tradicionais (agricultura intensiva). En ningún caso os túmulos baixan da curva de nivel dos 200 m.s.m. O tránsito entre as zonas baixas, onde están os lugares de hábitat (Doniños ao oeste e Brión e outros lugares ao leste, que miran cara á ría de Ferrol) artículase por medio de tres vías naturais. A primeira delas aproveita o límite sur da braña, por unha aba suave que vai ascendendo ata chegar á mámoa nº 6, que marca o punto de inflexión. A partir de aquí a vía de tránsito vai descendendo paseniño e desviándose cara ao norte para facer máis doada a baixada cara ao val de Doniños.

Unha segunda vía aproveita a aba formada pola divisoria que marca o monte do Coto, que divide a braña en dúas partes practicamente iguais e ten a súa entrada sinalada pola mámoa nº 24, unha das meirandes da necrópole. Unha terceira vía transcorre polo norte, onde está a maior concentración de mámoas.

Trátase de rutas transversais que comunican os núcleos habitados situados nas abas leste e oeste do monte. Estas vías teñen que ser obrigadamente por pendentes suaves, algo lóxico, posto que o desprazamento por zonas máis baixas e de menor pendente sería de gran dificultade e moitas veces imposible debido ao encharcamento de grandes zonas desta área a maior parte do ano. Os accesos á braña están balizados polas mámoas de maior monumentalidade (nº 24 e nº 6). Pensamos que a distribución e localización tumular nesta zona responde a un control visual da braña, que viría dado por un dominio dunha importante zona de pastos para o gando e/ou bebedeiro, e que na actualidade se segue a efectuar (Infante et al. 1990; Cerqueiro, 1991).

O control das brañas efectúase pola divisoria central formada polo monte do Coto. Desde aquí domínanse as dúas concas e artículase a situación dos túmulos. En efecto, se efectuamos o tránsito polo sur, en sentido E-W, atopámonos cunha aba de suave pendente que é do monte Aucaral e onde se localiza a mámoa 5. Paralelamente ao camiño vai un regato. O tránsito artículase arredor desta ladeira, desde a que se visibiliza o afloramento que forma a cota 254,5 m.s.m. e onde se sitúa o túmulo nº 10. Seguindo esta ruta atopamos o túmulo 6 que marca o límite da braña e inicia a pendente cara ao val. Este túmulo está orientado cara ao interior da conca. A visibilidade desde aquí cara ao norte está interrompida por un afloramento (cota 229) que impide ver a mámoa nº 7, que está detrás, nun pequeno rechán. Esta mámoa só é visible cando se está a carón dela, pero compensa esta visibilidade puntual co afloramento á que está vinculada. Un camiño tradicional rodea esta mámoa polo leste. Se continuamos o ascenso cara ao norte atopamos a mámoa nº 8, de pequenas dimensións, pero que posúe unha ampla visibilidade de toda a conca. Agora accedemos a unha pequena chaira pola que atravesa o camiño cara ao norte, entre dous grandes afloramentos graníticos (cotas 259 m. e 254,5 m., respectivamente). A carón deste último afloramento sitúase a mámoa nº 10, que non é de grandes dimensións. Este afloramento marca a divisoria entre

as dúas concas e é visible tanto desde o monte Aucaral ao sur, como desde o monte da Cha ao norte, e arredor del artículase toda a visibilidade da necrópole. Limitando a conca polo norte está o monte da Cha e no seu somonte atopamos un conxunto de túmulos (nº 11, 12, 13, 14 e 15), vinculados a unha vía de tránsito que accede desde as terras baixas do este ata o val de Doniños ao oeste. No cumio do monte localízanse sete mámoas (nº 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22) cunha orientación cara á conca. Desde elas visibilízase o afloramento onde se atopa a mámoa nº 10 que marca a divisoria entre as dúas áreas deprimidas.

En resumo, a necrópole de Cha-Aucaral estrutúrase arredor de dúas concas e mantén unha panorámica circular. Os túmulos oríentanse ás zonas de brañas e cando non teñen visibilidade directa con estas nunca perden de vista o gran afloramento da mámoa nº 10. Esta circunstancia xa foi observada noutros lugares salientando que o afloramento potencia a monumentalidade do túmulo e fai destacar este sobre o contorno inmediato (Vaquero, 1991; Criado, 1991 e 1993; Villoch, 1995 e 1999¹⁰). Deste xeito artículase a necrópole, combinando elementos fisiográficos (naturais) e túmulos (artificiais) para conformar un territorio que responde a patróns circulares de organización do espazo (Criado e Villoch, 1998).

As mámoas sitúanse arredor das concas en zonas ben drenadas que contrastan co encharcamento permanente daquelas (Villoch, 1998). Cando facemos o estudio de intervisibilidades temos en conta os resultados de análises paleoambientais efectuadas noutras zonas, que afirman que desde a prehistoria recente as especies vexetais non variaron significativamente nos lugares onde maioritariamente se construían os túmulos debido ás extremas condicións climáticas destas zonas (VV.AA., 1986; Ramil e Fernández, 1996). Esta intervisibilidade na nosa zona de estudio non quere dicir que todas as mámoas se visualicen directamente senón que o contacto visual pode ser entre subgrupos da necrópole, non existindo ningún elemento illado. Esta vinculación de monumentos a vías de tránsito, brañas, etc. fixo que nun determinado momento se situaran máis túmulos en lugares onde xa existían anteriormente, dando lugar deste xeito a unha tradición e consecuentemente á formación das necrópoles.

Grupo Campaiñas-Pedroso (Mapa 7, Gráfico 2)

Este grupo distribúese nos dous montes que lle dan nome e que discorren paralelos no sentido SW-NE formando parte da cordilleira litoral. Entre Campaiñas e Pedroso existe un talweg que da acceso ao val de Esmelle. Os túmulos de Campaiñas sitúanse en cotas medias, entre 240 m. e 280 m.s.m. e os de Pedroso están entre os 200 m. e 250 m.s.m. Teñen visibilidade zonal entre eles e tamén coa parte norte do monte da Cha. As principais vías de tránsito unen o val de Serantes co litoral da Mariña, a través da portela de Balón. Unha primeira vía natural aproveita a dorsal de estribación onde se atopa a mámoa nº 1. Esta vía de tránsito divídese nun pequeno rechán que da acce-

10. Agradecemos as facilidades dadas por V. Villoch para a utilización da súa Tese de Doutoramento titulada: "La configuración social del espacio entre las sociedades constructoras de túmulos en Galicia: Estudios de emplazamiento tumular". Foi lida na Universidade de Santiago de Compostela en febreiro de 2000.

so a unha portela que abre o desprazamento cara ao val de Esmelle. Outra ruta segue ascendendo pola dorsal ata chegar a unha cruz onde se agrupan os túmulos 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17, que non só controlan este acceso, senón que marcan tamén a ruta a seguir pola ladeira cara ás zonas altas do monte: mámoas 18 e 19.

Un camiño antigo cruzaba transversalmente o Pedroso por unha pequena portela e enlazaba as terras do val de Serantes co de Esmelle¹¹.

As dúas necrópoles teñen unha clara vinculación co tránsito, controlando lugares onde a configuración fisiográfica facilita o paso entre zonas altas e baixas. No Campaiñas a intervisibilidade entre túmulos é directa. Todos os túmulos están orientados cara á cruz, conformando un espazo cóncavo que ten como límite polo oeste a mámoa nº 4, que sinala o acceso ao litoral pero que nunca perde de vista o resto da necrópole. No outro límite sitúase a mámoa nº 8, a meirande da necrópole, que se recorta contra o ceo na aba da divisoria. Este túmulo marca o eixo visual entre os túmulos da cruz (nº 2, 3, 5, 6 e 7) e o da divisoria que dá acceso ao litoral (nº 4) cos túmulos nº 9 e 10 que sinalan o tránsito cara ás zonas altas e que van paralelos a un camiño antigo. A visibilidade dos túmulos 3, 4 e 8 é ampla, existindo contacto visual co monte da Cha, situado dous quilómetros ao sur, val de Doniños polo medio.

Os túmulos de Pedroso teñen todos unha visibilidade directa entre eles. O máis monumental é o nº 11, desde o que se visibilizan os túmulos nº 16, 17, 12 e 15, ademais dun afloramento a rentes do chan, a carón da mámoa nº 13, que limita unha pequena divisoria e que fai de conexión visual entre os túmulos anteriores e o nº 14, que está situado na parte baixa da ladeira. Os túmulos 18 e 19 son límite de divisoria entre a necrópole ao sur e a proída ao norte, onde xa non atopamos máis túmulos, posiblemente debido ás causas comentadas na nota 8.

Grupo do Monte de Nenos¹² (Mapas 8, 9 e 10, Gráfico 3)

Entre o grupo de túmulos de Campaiñas-Pedroso e o do monte de Nenos sitúase o val de Trasancos, que en sentido S.SW-N.NE divide a cordilleira litoral das terras altas que van cara ao interior de Galiza e que enlazan coas estribacións das serras da Capelada e do Forgoso.

11. En documentos medievais cítanse camiños antigos nesta zona vinculados a túmulos. Estes servían como referencia e orientación ao camiñante: “... *per antas de super pontem usque ad vestram grangiam de Brion...*” (Loscertales, 1978). Estes camiños partían da granxa de Reparada, pertencente ao mosteiro de Sobrado, e pasaban por Doniños e Balón. O camiño principal ía por Buil, e Serantes, de onde saía unha desviación polo val cara ao norte. (Ferreira, 1988). Datos etnográficos confirmáronnos este feito, pois antes da construción do recinto militar de Pedroso alá polos anos 50, esta zona era o paso natural para acceder desde o val de Serantes á Mariña. Posiblemente a construción dos edificios militares coa conseguinte remoción de terras ao longo de toda a proída se levara consigo as mámoas que controlaban o tránsito transversal entre vales.

12. Este apartado é o resumo dun capítulo da tese de licenciatura, realizada por un dos autores deste artigo (J.C.R.) Titulada : “O fenómeno tumular en Narón desde unha perspectiva espacial”, lida na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela en 1998.

Ao longo deste val existen varios túmulos de pequeno tamaño (Mapa 8). Están moi arrasados debido á acción antrópica. Algúns están no límite de concellos (14, 15, 18 e 19). Outro está afectado pola construción do muro dun predio (nº 16)¹³. A mámoa nº 17 está preto dun regato, o Vespasante, nunha zona na que éste fai un pequeno meandro e cambia de dirección. Podería falar-se da súa vinculación ao río, pois ten unha visibilidade puntual (Vaquero, 1990).

Todos estes túmulos están preto de ríos e de vías naturais de tránsito¹⁴. O sustrato xeolóxico é granítico, con solos profundos e gran sedimentación¹⁵.

Na penechira onde se sitúan os túmulos do grupo de Nenos, as mámoas están situadas ao longo da corda¹⁶. Esta vía natural de tránsito está preto dun Camiño Real que accedía polas terras do interior cara aos portos do norte. Un antigo camiño de peregrinación a San Andrés de Teixido forma unha cruz co cordal.

A intervisibilidade entre túmulos é moi complexa xa que se pode falar de dous sectores: un primeiro sector formado polas mámoas 1, 2, 3 e 9 e un segundo sector integrado polos túmulos 9, 10, 11, 12 e 13, que manteñen entre eles unha visibilidade lineal. O elemento integrador que unifica os dous sectores é a mámoa nº 9, que posúe unha visibilidade zonal e fai de eixo vertebrador, o que nos pode falar quizais de dúas necrópoles. A mámoa nº 2 é a máis monumental. Posúe unha visibilidade circular e desde ela visualízanse de forma directa os túmulos 1, 3 e 9. O túmulo 10 fica oculto por detrás do nº 9. Tódolos túmulos teñen visibilidade lineal entre eles e directa coa mámoa nº 2.

Singular importancia dentro da distribución zonal do grupo ten a mámoa nº 3, tamén de considerables dimensións. Está situada no límite da divisoria e enlaza visualmente coa nº 4, unificando así as dúas necrópoles.

13. Segundo Pena (op. cit) este túmulo servía como límite de señorío xurisdiccional e esa é unha das causas de que se conservara. A documentación medieval alude a "arcas" como elementos definitorios de límites nos vales e a "medoñas" tanto en vales como en penechiras (Montero, 1935; Loscertales (op. cit.); Cal, 1984). Para o val de Trasancos temos referencias a "arcas" en numerosos documentos (Cameiro, 1995). A "arca" máis citada é a chamada de Vespasante. Aparece mencionada por primeira vez no Tumbo de Caaveiro, nun documento no que se alude a unha delimitación dun terreo. O devandito documento está datado o 17 de xuño, entre os anos 1102 e 1109: " (...) ad terminum de Listidu usque ad archam de Voado Spassandi; deinde per aquam de rivulo Covelo; deinde per portu de Ferrion; deinde per aquam de Corrago (...)" (cit. Fdez. de Viana et al. 1996). Posteriormente citárase esta "arca" nun documento do Tumbo II de Sobrado, datado en decembro de 1173 e por último no Catastro de Ensenada (1752).

14. O camiño citado nas fontes medievais que viña de Reparada, Doniños e Balón chegaba a San Pedro de Leixa e cruzaba a ponte de río Seco, preto das mámoas, para se unir ao camiño a Cedeira. Inda hoxe se conservan topónimos viarios nesta zona: A Carreira, Pousada...

15. Só unha actuación arqueolóxica podería fornecer datos para elaborar unha cronoloxía destes túmulos, de pequeno tamaño e situados en val, para saber se existen evidencias do Calcolítico Final ou do mesmo Bronce Inicial (de la Iglesia, 1907; Fábregas, 1995; Fábregas e Vilaseco, 1998).

16. Existían algunhas mámoas máis, hoxe desaparecidas por mor dos labores de aplanamento do terreo para facer praderías.

O Catastro de Ensenada (1752) refire que na penechaira existían terreos de sementeira de cereal. O método de cultivo predominante baseábase no sistema de rozas e/ou estivadas¹⁷. A maior parte das terras da zona eran de terceira calidade: case o 50% da superficie.

Os túmulos delimitan o espacio adicado ao monte e os lugares onde se asentan as aldeas tradicionais, situadas a media ladeira e cunha adicación á agricultura intensiva.

Grupo de Marraxón (Mapa 11, Gráfico 4)

Estrutúrase arredor dun cordal montañoso que discorre en sentido N.NW-S.SE, paralelo á profunda conca do río Beelle. A altura máxima está en Coto do Rei, con 358 m.s.m. e onde se sitúa a mámoa nº 14. A partir de aí e continuando o cordal sitúase unha proída cunha altitude máxima de 336 m.s.m. e onde se sitúa a mámoa nº 1. Nesta proída localízanse 13 túmulos ao longo da divisoria. O túmulo nº 1 é o que vertebra a necrópole da penechaira inferior. Efectivamente, desde o túmulo nº 1 visibilízanse o resto de túmulos que conforman a necrópole. Nun afloramento na base da masa tumular localízanse dúas coviñas (Foto 2)¹⁸.

A mámoa nº 1 é a referencia visual dos dous grupos (nº 2 a 6 e nº 7 a 12). Ao norte está o Coto do Rei cunha mámoa no seu cume que ten unha visibilidade circular e así mesmo é visible desde varios quilómetros. Entre a penechaira e a subida ao Coto do Rei pola estribación sur o tránsito bifúrcase na cruz, baixando cara aos vales. O Coto do Rei marca a divisoria entre o núcleo de túmulos da penechaira superior e a inferior. O desprazamento pola corda segue cara ao norte, onde atopamos tres túmulos máis (nº 15, 16 e 17) moi alterados polos labores de repoboación. Seguindo esta vía atopámonos cunha pequena valgada pola que discorre un camiño antigo en sentido transversal E-W e que une a bacía do Beelle co litoral. Este camiño sinala o límites entre os concellos de Fene e Neda. Pasada esta valgada o terreo ascende cara a outra cota onde se sitúa outro túmulo que marca un vértice xeodésico e que é límite de divisoria. Ten visibilidade co gran túmulo de Coto do Rei e á súa vez indica o desprazamento cara ao val pola dorsal de estribación, visualizando outra mámoa (nº 19), que está tamén a carón do camiño. Outras vías de tránsito están documentadas desde época medieval (Ferreira op. cit.) e seguían a orientación dos montes de Marraxón pero pasando por altitudes medias, onde existe poboamento e onde aínda se conservan topónimos viairos como A Brea, A Rúa, A Revolta, Cruceiro...

17. Inda na actualidade localizamos xente desa zona que lembraba cómo os seus maiores cultivaban da maneira que refire o Catastro.

18. Non podemos afirmar que sexan da mesma época da construción do túmulo. Este tipo de gravados son frecuentes non só na prehistoria, senón tamén no medievo e na idade moderna, utilizándose como demarcadores de predios, coutos, etc. Tampouco a situación destas coviñas responde á localización de gravados rupestres estudados por Villoch (1995). Temos localizado coviñas illadas nas abas de Brión (Ferrol), fóra de todo contexto tumular. Así mesmo, preto da nosa zona de estudo, existen coviñas en afloramentos na base de túmulos da Capela, en soporte de xisto. Esta última prospección, na que tivemos oportunidade de participar, foi levada a cabo por Emilio Ramil e Víctor Tomás para a catalogación arqueolóxica do concello da Capela. Por último e como veremos máis adiante temos localizadas coviñas no termo municipal de Cabanas, no monte dos Golpes.

Grupo Punxeiro-Golpes (Mapa 12)

Este grupo de mámoas toma o nome dos dous montes nos que están situadas e que son unha continuación dos montes de Marraxón, interrompida esta continuidade pola depresión de San Marcos. O tránsito artículase pola dorsal de estribación que vai desde o litoral ata as terras altas do interior. Arredor desta ruta sitúanse os túmulos, agrupándose nunha pe-quena penechaira¹⁹. Existen datos para afirmar que xa existía un camiño por esta zona no s. XII, que subía desde Pontedeume a Caa-veiro, pasando por Irís e Fonfría (de Castro, 1996)²⁰. Este camiño é citado tamén por Ferreira (op. cit.) referíndose sen dúbida ao Camiño Real que ía en dirección ás Pontes, Viveiro e Ortigueira e que tiña un trazado parecido ao medieval. Este camiño saía de Cabanas, pasando por Irís e Lavandeira e chegaba ás Neves de onde saía outro por Pousadoiro ata o mosteiro de Caaveiro. Está clara, xa que logo, a vinculación das necrópoles ás vías de acceso: litoral /terras baixas e interior/terras altas. Os túmulos con maior visibilidade son os nº 4 e 5. teñen unha visibilidade circular, están no cume do monte e contactan coas de Punxeiro e cos túmulos 1 e 2, que están na aba do monte a 450 m. ao sur. O túmulo nº 1 (foto 6) é de gran monumentalidade e está orientado cara ao norte, é dicir cara a onde están o resto das mámoas, pechando así o límite visual da necrópole.

A mámoa que marca a referencia da necrópole de Punxeiro é a nº 8, a máis monumental. Inda que está actualmente moi aplanada, ten unha masa de 327 m³. e arredor dela artículanse todas as demais, pois ten visibilidade directa con todas e desde todas se visualiza. A fronteira da necrópole péchana as mámoas 10 e 11, que se orientan cara ás demais: detrás delas a aba do monte faise cunha pendente máis acusada. Todo o grupo sitúase nunha zona de braña, pero preto dos poboados de ladeira.

Os Petroglifos (Gráfico 5. Fotos 3-4-5). A 200 m. ao norte dos túmulos 4 e 5 de Cabanas atópanse dous afloramentos graníticos de grao medio, dunha mica (moscovita) e cunha alta porcentaxe de seixo. Trátase de dúas rochas moi superficiais orientadas cara ao norte e que teñen gravadas unhas insculpturas consistentes en coviñas e cruciformes. A rocha meirande conserva un afondamento coa curiosa forma dun podomorfo cos cinco dedos detallados.

O primeiro afloramento ten unha lonxitude N-S de 5,70 m. e E-W de 5,30 m. e unha altura sobre o terreo circundante que non sobrepasa os corenta centímetros. Ten unha cruz latina incisa: o brazo maior mide 17 cms. e está orientado de leste a oeste; o brazo menor mide 15 cms. Polo resto da superficie repártense seis coviñas.

A 4 m. ao norte existe outro afloramento máis pequeno e superficial que mide 2,60 m. (N-S) e 2,70 m. (E-W). Esta rocha contén máis insculpturas cá anterior: dúas coviñas e varios crucifor-

19. Son citados por Maciñeira (1947). Esta alusión é recollida por Toscano et al. (1998)

20. Cabanas é un dos nomes que se lle dá á cámara dolménica (Filgueira e G^a. Alén, 1977). Maciñeira (1943) tamén alude a este termo para nomear as antas existentes na Serra, entre Cabanas e A Capela. Mesmo en Ferrol, en San Antonio da Cabana, falábase dun gran túmulo xa desaparecido situado nun pequeno outeiro.

mes. Unha das cruces está superposta a outra inscrita nun rectángulo de esquinas redondeadas e aproveita o lado menor deste para facer o brazo pequeno da cruz.

Os cruciformes son insculturas abundantes en todo o noroeste peninsular e poden ser de moi diversos tipos: cruz de aspa, de ramais, con foxos, etc. Son frecuentes como sinais de termo, xa que a cruz é o signo máis repetido nas sinaturas dos documentos medievais. A referencia máis antiga é do s. IX e aparece nun texto pertencente á diocese de Dumio (Ferro, 1.952). As cruces marcábanse nas rochas que delimitaban predios, terreos, coutos, freguesías, etc. Ás visitas de termo acudían as testemuñas para confirmar os límites e engadíanse outras cruces. Estas visitas de confirmación de límites de territorios facíanse en caso de venda dalgún deses terreos ou en caso de cambio de demarcación de couto, por ampliación ou doazón. Inda que tamén ás veces facíanse cada tres anos e incluso anualmente.

Estes afloramentos nos que se marcaban os signos soían estar en recháns ou abas suaves²¹. Os signos realizábanse por percusión con instrumentos de punta fina: "hechos al pico" ou "con pico de hierro" (Ferro, op. cit.). Esta circunstancia fai que o perfil do suco destas insculturas sexa en "V", que os distingue do perfil das insculturas prehistóricas, máis esvaído e realizadas con outro tipo de instrumentos e técnicas. Estes gravados teñen unha cronoloxía moi ampla, pois danse ao longo de toda a idade media e mesmo existen algunhas cruces realizadas no s. XIX (G^a. Alén e de la Peña, 1981). En canto ás coviñas, son gravados máis antigos e engádense ás rochas nos diversos apeos e demarcacións sucesivas. Hai que ter en conta tamén que moitas coviñas poden ser prehistóricas e que xa daquela servirían como sinaladores de espazos especialmente significativos. Ás veces os cadrados con cruces inscritas sinxelas ou con múltiples combinacións refírense a soportes de xogos, que están documentados desde época romana ata o medievo (Costas e Hidalgo, 1998); pero pensamos que non ten ese significado no caso que nos ocupa. Outros gravados (algún similar ao descrito aquí) foron localizados en zonas próximas e publicados por Sobrino e Correa (1999).

A IDADE DO BRONCE

Posiblemente algúns túmulos da nosa zona de estudio puideran corresponder a esta época como xa dixemos. Pero sen dúbida as manifestacións máis evidentes desta etapa son as que se manifestan como insculturas ao aire libre. Non contamos con moitos exemplos de petroglifos no golfo Ártabro, ao contrario do que ocorre noutras zonas costeiras (Rías Baixas). Isto é debido á súa situación de área marxinal ou de límite con respecto á distribución do Grupo Galaico de Arte Rupestre (Bradley e Fábregas, 1999). Os gravados limítanse ás coviñas e combinacións circulares simples e sitúanse en localizacións con amplas panorámicas situados en altitudes medias. Este é o

21. Esta circunstancia dáse tamén no noso caso. Ademais o seu significado demarcatorio é claro, pois inda hoxe pasa a carón dos afloramentos un extenso valo en dirección N-S. Os afloramentos están danados por mor dos labores de reboación. Poida que os gravados teñan continuidade por debaixo da capa vexetal que cobre a rocha.

caso do petroglifo de Chamorro, en Ferrol²². Consta de varias covañas e de dúas combinacións circulares de 37 cms. e 32 cms. de diámetro respectivamente, con covaña central. Nunha das combinacións sae un pedúnculo de 12 cms. Todo o conxunto está moi esvaído. (Foto 1). O afloramento granítico está situado no inicio da pendente dun rechán onde se erixe a ermida da Virxe de Chamorro. A repisa onde está o petroglifo ten unha orientación NW-SE e mide 3,37 m. e ten de altura máxima 2,10 m. A altitude sobre o nivel do mar é de 110 m. Unha localización semellante con similares motivos témola no monte Pedroso, preto de Compostela²³. (Foto 7)

A IDADE DO FERRO

A partir do s. VIII a.C prodúcese en todo o NW peninsular un cambio no sistema económico de explotación do medio e un modo distinto de asentamento que en épocas anteriores. Por primeira vez podemos falar na historia de Galiza de asentamentos permanentes: son os castros. A densidade máis alta de castros sitúase en zonas de vales e ladeiras de suaves pendentes (Agrafoxo, 1992; Carballo, 1990, 1996.). Entre as causas desta predilección podemos falar da evolución tecnolóxica destas sociedades, cun sistema agrario complexo que contaría con arado, drenaxe (sucos) e que facilitaría unha economía de base agrícola diversificada entre un cereal de inverno e outro de verán. (Criado, 1989, 1991; Agrafoxo, 1992; Carballo, 1990, 1996).

A maioría dos castros da nosa zona de estudio atópanse nesas coordenadas. Naturalmente existen excepcións como por exemplo o castro de Ancos (Neda), Magalofes (Fene), Piñeiros e monte Castro (Cabanas) que están vinculados aos pasos naturais entre as terras altas do interior e as baixas do litoral. A maioría dos castros desta zona están arredor dos 50m.-100m. de altitude sobre o nivel do mar. Os castros que teñen defensas máis complexas son os máis grandes (Romero e Pose, 1985). Está clara a vinculación dos castros ás áreas de cultivo, cunha orientación xeral cara ás partes interiores das concas e un rexeitamento das zonas potencialmente de baixa produtividade agrícola (Parcero, 1995)²⁴.

22. Unha primeira nota sobre este petroglifo atopámola no xornal La Voz de Galicia, con data 7-VII-1989 e asinada por A. Pena e F. Dopico.

23. En ambos os dous casos os petroglifos se achan en lugares de dominio de amplas panorámicas para controlar zonas de paso. Así mesmo se sitúan nunha zona de transición entre as áreas de ocupación dos túmulos e as terras baixas. Esta circunstancia podería responder ás características dunha poboación que explota o medio de xeito máis intenso que en etapas precedentes, algo que se produciría a partir do III milenio a. C. (Fábregas, 1998).

24. O noso agradecemento a César Parcero por facilitarnos a súa Memoria de Licenciatura, presentada en 1.993 na Universidade de Santiago de Compostela, titulada: "Estudio del emplazamiento y distribución de castros en la provincia de A Coruña: el caso de la zona de Ferrol". Sendo este traballo a única análise feita ata o de agora do mundo castrexo da zona desde o punto de vista da arqueoloxía da paisaxe.

A ROMANIZACIÓN

Cara ao cambio de era o mundo castrexo mestúrase co romano formando unha nova cultura: a galaico-romana. Nesta zona existen restos de asentamentos romanos de difícil interpretación, na maioría dos casos, a falta de escavacións arqueolóxicas que confirmen ou definan un determinado xacemento. En moitas ocasións coñécense os asentamentos a raíz de achados casuais e fortuítos. Tamén desde antigo temos noticias doutros achados descontextualizados²⁵. Outras veces sábese deles unicamente por fragmentadas noticias da tradición oral (Carneiro, 1999).

Unicamente foi escavada de xeito científico en dúas campañas e utilizando métodos pioneiros na arqueoloxía galega (prospección xeofísica) a villa de Noville (Franza, Mugar dos). (Pérez Losada, 1997)²⁶.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

A nosa zona de estudo está formada por sete concellos (Mapa 2). Existen restos arqueolóxicos que van desde a prehistoria recente ata o medievo, o que indica unha gran riqueza e densidade de xacementos. Malia que a gran maioría estean sen estudar axeitadamente.

Podemos dicir que a característica máis salientable do estudo e análise da paisaxe ao longo da prehistoria e idade antiga nesta área (ao igual que noutras zonas estudadas en Galiza) é que o home sempre se vai ver atraído polos vales. Esta conquista das zonas baixas será posible na medida en que as técnicas agrícolas melloren ao longo do tempo. En efecto, a gran maioría das mámoas (94%) están situadas nas penechairs. Será con hábitats como os castros e xa na cultura galaico-romana cando os asentamentos se instalen definitivamente nos vales: villae, vici, loci, casais, etc. Isto significará a conquista definitiva do espacio e o dominio do medio natural por parte do home.

Na realización deste traballo temos moito que agradecer ás seguintes institucións e persoas:
Cuartel xeral da Zona Marítima del Cantábrico. Estado Mayor. (Organización).
Dra. Victoria Villoch (Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe).
Ao Catedrático de Prehistoria Ramón Fábregas (U.S.C.).
Sen as súas facilidades, axuda e confianza non sería posible este artigo.
Todos teñen a súa parte nel.

25. No primeiro tercio do século XX, Maciñeira (1930) falaba dunha “lanza o punzón de bronce hallado en el cabo Prior cerca de una ara romana en forma de pila bautismal con una peana cuadrada”.

26. A escavación de urxencia levada a cabo noutro xacemento da zona: Lóngaras (Narón) por A. Pena e L. Monteagudo non aclarou a natureza do depósito. A correspondente Memoria “pasa por alto los materiales más interesantes, según sus autores, por extravió de los mismos” (Naveiro, 1997, p.27). Vid. A. Pena: “A importancia de Lóngaras”, in Ferrolterra Galaico-romana; pp. 69-83, 1997.

CATALOGO DE XACEMENTOS

Grupo: Cha-Aucaral. (Fig. 6)

Parroquia: Sta. Mª de Brión.

Concello: Ferrol.

01. Túmulo 1

Coordenadas: U.T.M. X: 558540 U.T.M. Y: 4814370.

Altitude: 197 m. Pendente: 6% Localización: Rechán

Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos.

Mensuras: Eixos:N-S: 12,30 m. E-W: 21,20 m. Altura: 1,10 m. Volume: 122 m³

Características: Cortada pola estrada en dirección N-S. Alterada por traballos de retobato. Plantaron eucaliptos na masa tumular. Pedras da coiraza espalladas.

02. Túmulo 2

Coordenadas: U.T.M. X: 558510 U.T.M. Y: 4814350.

Altitude: 198 m. Pendente: 7% Localización: Rechán

Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos.

Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. E-W: 17 m. Altura: 0,90 m.

Cráter: diámetro- 3,10 m.

Características: Cortada pola estrada en dirección N-S. Eucaliptos na masa tumular.

03. Túmulo 3

Coordenadas: U.T.M. X: 558590 U.T.M. Y: 4814300.

Altitude: 199 m. Pendente: 5% Localización: Rechán

Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos. Afloramentos graníticos con marcas de traballos de cantería. Aproveítase un destes para erixir a mámoa.

Mensuras: Eixos:N-S: 15,30 m. E-W: 13 m. Altura: 1,20 m. Volume: 93 m³

Características: Conserva pedras da coiraza espalladas polo túmulo. Está a 50 m. ao sur da estrada. A 30 m. polo oeste pasa un camiño de carro.

04. Túmulo 4

Coordenadas: U.T.M. X: 557485 U.T.M. Y: 4813450.

Altitude: 172 m. Pendente: 6% Localización: Principio de ladeira.

Contorno: Monte baixo. Está orientada ao poñente. Ten unha ampla visibilidade sobre o golfo Ártabro.

Mensuras: Eixos:N-S: 19,60 m. E-W: 18,80 m. Altura: 0,75 m. Volume: 108 m³

Cráter: diámetro- 3,45 m.

05. Túmulo 5

Coordenadas: U.T.M. X: 556970 U.T.M. Y: 4814110.

Altitude: 222 m. Pendente: 20% Localización: Ladeira.

Contorno: Monte baixo. Afloramentos graníticos con marcas de canteiro. A 50 m. ao norte vai un camiño paralelo a un regato.

Mensuras: Eixos:N-S: 10,70 m. E-W: 12,90 m. Altura: 0,40 m.

Cráter: diámetro- 2,80 m.

06. Túmulo 6

Coordenadas: U.T.M. X: 556335, U.T.M. Y: 4814000.

Altitude: 220 m. Pendente: 6% Localización: Ladeira de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Un camiño rodea o túmulo polo norte. Hai presenza de afloramentos graníticos ao norte. Visibilidade ampla cara ao sur e leste.

Mensuras: Eixos:N-S: 23,75 m. E-W: 20,70 m. Altura: 1,30 m. Volume: 252 m³

Cráter: diámetro- 4,70 m.

Características: Gran cantidade de pedras da coiraza, de tamaño grande. Está furada por madrigueiras.

07. Túmulo 7

Coordenadas: U.T.M. X: 556380 U.T.M. Y: 4814160.

Altitude: 231 m. Pendente: 5% Localización: Pequeno rechán.

Contorno: Monte baixo. Boa drenaxe. Afloramentos graníticos que impiden vela dende o sur. Hai un camiño rodeándoa polo leste. Visibilidade cara ao norte-leste-sur.

Mensuras: Eixos:N-S: 9,80 m. E-W: 12,30 m. Altura: 0,60 m.

Características: Moi deteriorada. Pedras da coiraza espalladas pola masa tumular.

08. Túmulo 8

Coordenadas: U.T.M. X: 556430 U.T.M. Y: 4814290.

Altitude: 243 m. Pendente: 7% Localización: Principio de ladeira.

Contorno: Monte baixo.

Mensuras: Eixos:N-S: 11,40 m. E-W: 12,80 m. Altura: 0,55 m.

Cráter: diámetro- 2,5 m. profundidade- 0,45 m.

Características: Visibilidade ampla co interior da bacía. Un afloramento granítico oculta a mámoa nº 7. Hai pedras da coiraza espalladas pola zona e fai función de marco delimitatorio de terreos.

09. Túmulo 9

Practicamente arrasada debido á apertura de pistas cortalumes. Pedras da coiraza dispersas pola zona achairada.

10. Túmulo 10

Coordenadas: U.T.M. X: 556670 U.T.M. Y: 4814630.

Altitude: 251 m. Pendente: 7% Localización: Principio de ladeira.

Contorno: Monte baixo. Grandes afloramentos graníticos. Visibilidade total con toda a zona.

Mensuras: Eixos:N-S: 14,40 m. E-W: 14 m. Altura: 0,70 m.

Cráter: diámetro- 2,80 m.

Características: Está a 50 m. da cota formada por un gran afloramento na divisoria do territorio que conforma a necrópole. O devandito afloramento é visibilizado dende practicamente toda a necrópole da Cha.

11. Túmulo 11

Coordenadas: U.T.M. X: 557000 U.T.M. Y: 4815025.

Altitude: 232 m. Localización: Chaira de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Afloramentos graníticos. Ampla visibilidade cos montes de Mougá ao norte; val de Doniños ao noroeste. Ao norte cae o monte en acusada pendente cara o val de Doniños. Está entre dúas cotas.

Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 17,10 m. Altura: 1,20 m. Volume: 130 m³

Cráter: diámetro- 3,50 m.

Características: Vense poucas pedras da coiraza espalladas pola masa tumular.

12. Túmulo 12

Coordenadas: U.T.M. X: 557180 U.T.M. Y: 4815000.

Altitude: 231 m. Localización: Chaira de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Toxo. Afloramentos graníticos por todo o seu contorno. Visibilidade circular. Visibilízase a mámoa nº 11 e o afloramento xunto á mámoa nº 10.

Mensuras: Eixos:N-S: 18,60 m. E-W: 21,20 m. Altura: 1 m. Volume: 157 m³

Cráter: diámetro- 3 m. Colmatado. Algunhas pedras dispersas.

Características: Conserva unha chanta que sobrepasa 20 cm.

13. Túmulo 13

Coordenadas: U.T.M. X: 557250 U.T.M. Y: 4815050.

Altitude: 231 m. Localización: Chaira de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Boa drenaxe. Afloramentos graníticos con marcas de canteiro. Visibilidade ampla: leste-sur-oeste. Cara ao norte hai afloramentos graníticos con incrustacións de seixo moi alterados pola erosión. Visibilidade con Doniños, Mougá...

Mensuras: Eixos:N-S: 13 m. E-W: 12,30 m. Altura: 0,60 m.

Cráter: 5 m. de diámetro e 0,60 m. de profundidade.

Características: Moi aplanada e revolta. Numerosas pedras da coiraza espalladas.

14. Túmulo 14

Coordenadas: U.T.M. X: 557420 U.T.M. Y: 4815050.

Altitude: 230 m. Localización: Chaira de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Repoboación eucaliptos 20 m. ao leste. Un camiño antigo a 50 m. ao sur. Visibilidade leste-sur-oeste. Visibilízanse as mámoas nº 11,12 e 13, e tamén o afloramento onde está a nº 10.

Mensuras: Eixos:N-S: 17,20 m. E-W: 18 m. Altura: 1,10 m. Volume: 140 m³
Cráter: 5 m. de diámetro.

Características: Pedras revoltas por todo o túmulo, de tamaño medio e grande. Posible chanta fragmentada por canteiros, de forma subtriangular de 0,90 m. de altura e 0,60 m. de base.

15. Túmulo 15

Coordenadas: U.T.M. X: 557520 U.T.M. Y: 4815280.

Altitude: 241 m. Pendente: 16% Localización: Ladeira.

Contorno: Monte baixo. Gran cantidade de afloramentos graníticos con sinais de ter sido traballados por canteiros. A 30 m. ao norte hai un camiño en dirección leste-oeste.

Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 17,90 m. Altura: 0,95 m. Volume: 108 m³
Cráter: diámetro 4,90 m.,e profundidade 0,60 m.

Características: Ten pedras da coiraza pola masa tumular.

16. Túmulo 16

Coordenadas: U.T.M. X: 557640 U.T.M. Y: 4815050.

Altitude: 254 m. Pendente: 10% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Visibilidade co afloramento da mámoa nº 10 e coas mámoas nº 11, 12, 13, 14. A 40 m. ao leste hai un muro de pedra en sentido NE-SO. Ampla visibilidade leste-sur-oeste.

Mensuras: Eixos:N-S: 16,40 m. E-W: 17,70 m. Altura: 0,70 m. Volume: 80 m³
Cráter: Diámetro- 5,65 m. Profundidade- 0,60 m.

Características: Vense algunhas pedras da coiraza.

17. Túmulo 17

Coordenadas: U.T.M. X: 557710 U.T.M. Y: 4815030.

Altitude: 253 m. Pendente: 10% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Eucaliptos a 50 m. ao leste. Afloramentos graníticos con marcas de canteiro.

Mensuras: Eixos:N-S: 13,60 m. E-W: 15,40 m. Altura: 0,60 m.
Cráter: diámetro 3 m.

Características: Moi alterada e revolta. Vese algunha pedra da coiraza. Partida por un camiño polo norte.

18. Túmulo 18

Coordenadas: U.T.M. X: 557300 U.T.M. Y: 4815020.

Altitude: 253 m. Pendente: 7% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Monte baixo. Repoboación eucaliptos. Está no medio de tres cotas. Na cota de 254 está instalada unha antena anemométrica.

Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 13 m. Altura: 0,40 m.

Características: Practicamente destruída.

19. Túmulo 19

Coordenadas: U.T.M. X: 557810 U.T.M. Y: 4814980.

Altitude: 253 m. Pendente: 3% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Preto dun afloramento onde está instalada unha antena anemométrica.

Visibilidade cara ao oeste e a divisoria formada polos afloramentos onde está a mámoa nº 10.

Mensuras: Eixos:N-S: 14,40 m. E-W: 16,50 m. Altura: 0,35 m.

Características: Pedras revoltas pola masa tumular. Un camiño de carro pasa entre esta mámoa e a nº 20.

20. Túmulo 20

Coordenadas: U.T.M. X: 557850 U.T.M. Y: 4814980.

Altitude: 253 m. Pendente: 3% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Igual có da mámoa nº 19. Visibilidade ao norte.

Mensuras: Eixos:N-S: 14,50 m. E-W: 20 m. Altura: 1 m. Volume: 119 m³

Cráter: diámetro- 4,70m. Profundidade- 0,40 m.

Características: Pedras pola masa tumular. Cortada ao norte polo retobato e ao sur por un camiño.

21. Túmulo 21

Coordenadas: U.T.M. X: 557900 U.T.M. Y: 4814940.

Altitude: 253 m. Pendente: 3% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: A 4 m. ao norte hai un camiño de carro que pasa entre as mámoas nº 19 e 20. A cota da antena está ao oeste. Ao norte hai afloramentos graníticos que fan de divisoria e non deixan ver as mámoas nº 19 e 20.

Mensuras: Eixos:N-S: 10 m. E-W: 14,60 m. Altura: 0,65 m.

Características: Pedras dispersas por todo o túmulo.

22. Túmulo 22

Coordenadas: U.T.M. X: 557950 U.T.M. Y: 4814950.

Altitude: 252 m. Pendente: 7% Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Un muro pasa ao sur da mámoa. Visibilidade leste-sur-oeste.

Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. E-W: 13 m. Altura: 0,50 m.

Características: Un valado de pedras pasa a rentes da mámoa.

23. Túmulo 23

Coordenadas: U.T.M. X: 557850 U.T.M. Y: 4814800.
Altitude: 242 m. Pendente: 12% Localización: Ladeira.
Contorno: Gran visibilidade leste-oeste-sur. Monte baixo. Polo leste pasa un valado. Nunha lousa granítica dese valado hai unha cruz gravada.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 12 m. Altura: 0,50 m.
Cráter: diámetro- 3,10 m. Profundidade: 0,40 m.
Características: Algunha pedra da coiraza pódese ver na parte sur do túmulo.

24. Túmulo 24

Coordenadas: U.T.M. X: 557330 U.T.M. Y: 4814610.
Altitude: 200 m. Pendente: 12% Localización: Lingua de ladeira.
Contorno: Monte baixo. Eucaliptos e piñeiros a 100 m. ao oeste e sur. Afloramentos graníticos nos arredores con marcas de canteiro. Braña ao oeste. Ao sur pasa un regato en sentido oeste-leste. Visibilidade co afloramento que fai de divisoria de bacías e onde está a mámoa nº 10.
Mensuras: Eixos:N-S: 20,50 m. E-W: 22,70 m. Altura: 1,10 m. Volume: 209 m³
Cráter: Diámetro- 5,40 m. Profundidade- 1,15 m.
Características: Un camiño pasa a 5 m. da mámoa polo sur, en dirección leste-oeste.

Grupo: Campaíñas- Pedroso. (Fig. 7)

Parroquias: San Román de Doniños-San Xoán de Esmelle-San Salvador de Serantes.

Concello: Ferrol.

25. Túmulo 1

Coordenadas: U.T.M. X: 558615 U.T.M. Y: 4816625.
Altitude: 162 m. Pendente: 12% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos. A 25 m. ao leste pasa unha estrada que vai a Campaíñas e Esmelle
Mensuras: Eixos:N-S: 10,20 m. E-W: 12,50 m. Altura: 0,45 m.
Cráter: Diámetro- 4,60 m.
Características: A 10 m. ao norte da mámoa discorre un valo en sentido leste-oeste. Hai marcos delimitatorios de fincas na zona, un deles no cráter de violación da mámoa, que está moi arrasada.

26. Túmulo 2

Coordenadas: U.T.M. X: 557760 U.T.M. Y: 4817215.
Altitude: 243 m. Pendente: 3% Localización: Rechán
Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos. Os traballos de roturación para repoboar deixan ao descuberto cúmulos de pedras de tamaño pequeno-medio revoltas pola terra, que puideron pertencer a algún monumento tumular.

Mensuras: Eixos:N-S: 20,40m. E-W: 22,80 m. Altura: 0,96 m. Volume: 165 m³.
Cráter: diámetro- 3,40 m.

Características: Totalmente cuberta de toxo alto. Un valo vai en dirección norte-sur, a carón do túmulo. Sitúase nun cruce de pistas xunto coas mámoas nº 3 e 5. Os traballos de repoboación fan perigar a súa conservación, ao igual que a das mámoas nº 3 e 5.

27. Túmulo 3

Coordenadas: U.T.M. X: 557760 U.T.M. Y: 4817160.

Altitude: 243 m. Pendente: 3% Localización: Rechán

Contorno: Repoboación de eucaliptos. Visibilidade coas mámoas do contorno.

Mensuras: Eixos:N-S: 20 m. E-W: 22 m. Altura: 0,80 m. Volume: 139 m³

Cráter: Diámetro- 5 m.

28. Túmulo 4

Coordenadas: U.T.M. X: 557530 U.T.M. Y: 4817020.

Altitude: 252 m. Pendente: 4% Localización: Chaira de divisoria.

Contorno: Ampla visibilidade cara o val de Doniños e as mámoas de Campaiñas.

Mensuras: Eixos:N-S: 15,60 m. E-W: 18,20 m. Altura: 0,75 m. Volume: 85 m³

Cráter: Diámetro- 2 m.

Características: Pedras da coiraza de tamaño medio.

29. Túmulo 5

Coordenadas: U.T.M. X: 557735 U.T.M. Y: 4817195.

Altitude: 243 m. Pendente: 3% Localización: Rechán

Contorno: Repoboación de eucaliptos. Cruce de camiños. Visibilidade con todas as mámoas de Campaiñas.

Mensuras: Eixos:N-S: 15 m. E-W: 16,60 m. Altura: 0,90 m. Volume: 89 m³

Cráter: Diámetro- 3,60 m.

Características: A mámoa está deformada polos labores de repoboación. Pedras da coiraza espalladas pola zona.

30. Túmulo 6

Coordenadas: U.T.M. X: 557740 U.T.M. Y: 4817270.

Altitude: 246 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira.

Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos.

Mensuras: Eixos:N-S: 13,80 m. E-W: 14,80 m. Altura: 0,85 m. Volume: 81 m³.

Cráter: diámetro- 3,80 m.

Características: Algunhas pedras sobresaen no cráter de violación. Moi revolta e alterada a masa tumular. Utilizouse como marco divisorio de terreos da repoboación. Hai 50 anos collían pedras das mámoas desta zona para a construción de edificacións militares que se localizan no contorno.

31. Túmulo 7

Coordenadas: U.T.M. X: 557735 U.T.M. Y: 4817300.
Altitude: 247 m. Pendente: 15% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo e eucaliptos.
Mensuras: Eixos:N-S: 17,40 m. E-W: 20 m. Altura: 0,85 m. Volume: 117 m³.
Cráter: Diámetro- 3 m.
Características: Pedras removidas por retobato. As marcas do paso desta máquina de achairar o terreo atravesou a mámoa de norte a sur.

32. Túmulo 8

Coordenadas: U.T.M. X: 557815 U.T.M. Y: 4817480.
Altitude: 270 m. Pendente: 7% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo. Afloramentos graníticos por toda a zona con marcas de traballos de cantería. Visibilidade ampla coa mariña ao oeste, e ría de Ferrol e Ares ao sur.
Mensuras: Eixos:N-S: 20 m. E-W: 22 m. Altura: 1,10 m. Volume: 191 m³.
Cráter: Diámetro- 1,50 m.
Características: Un camiño circunda a base do túmulo. Fai de unión visual entre as mámoas nº 9 e 10 e as demais da necrópole. A masa tumular está alterada pola extracción de terra e pedras. Estas están todas espalladas pola zona.

33. Túmulo 9

Coordenadas: U.T.M. X: 557835 U.T.M. Y: 4817500.
Altitude: 272 m. Pendente: 8% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos.
Mensuras: Eixos:N-S: 14,40 m. E-W: 13 m. Altura: 0,25 m. Volume: 19 m³
Características: Moi arrasada. Existe un valado leste-oeste entre esta mámoa e a nº 8.

34. Túmulo 10

Coordenadas: U.T.M. X: 557860 U.T.M. Y: 4817530.
Altitude: 273 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo. Repoboación de eucaliptos.
Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 15 m. Altura: 0,40 m.
Características: Practicamente destruída debido aos labores de repoboación de eucaliptos.

Necrópole de Pedroso

35. Túmulo 11

Coordenadas: U.T.M. X: 558620 U.T.M. Y: 4817150.
Altitude: 207 m. Pendente: 2% Localización: Rechán
Contorno: Monte baixo e eucaliptos. Visibilidade circular. Unha pista ascende á penechaira en dirección SW-NE a carón da mámoa. Pedras de tamaño medio na coiraza.

Mensuras: Eixos:N-S: 30 m. E-W: 30,20 m. Altura: 1,30 m. Volume: 463 m³.

Cráter: Diámetro- 7,40 m.

Características: Toda esta necrópole está situada na actualidade dentro dunha zona militar e moi alterada pola acción antrópica. Moitos dos afloramentos teñen marcas da extracción de pedras polos canteiros.

36. Túmulo 12

Coordenadas: U.T.M. X: 558570 U.T.M. Y: 4817150.

Altitude: 202 m. Pendente: 6% Localización: Rechán

Mensuras: Eixos:N-S: 7,80 m. E-W: 7,70 m. Altura: 0,30 m.

Características: Moi arrasada por aplanamento para facer un campo de fútbol. Pedras da coiraza moi revoltas. Visibilidade coa nº 11 e o afloramento existente a carón da nº 13.

37. Túmulo 13

Coordenadas: U.T.M. X: 558515 U.T.M. Y: 4817160.

Altitude: 202 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira.

Mensuras: Eixos:N-S: 8,60 m. E-W: 8,90 m. Altura: 0,50 m. Volume: 15 m³

Características: Moi arrasada por labores de retobato. Existe un afloramento granítico a ventos do chan que fai de divisoria e visualiza as mámoas nº 11, 12 e a 14. Conserva dúas chantas: unha sae pouco da terra e a outra está tirada e ten forma subcuadrangular de 25 cm. de ancho e 10 cm. de grosor.

38. Túmulo 14

Coordenadas: U.T.M. X: 558495 U.T.M. Y: 4817150.

Altitude: 201 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira.

Mensuras: Eixos:N-S: 11,70 m. E-W:

Características: Arrasada en parte pola pista que sube ata a penechaira.

39. Túmulo 15

Coordenadas: U.T.M. X: 558605 U.T.M. Y: 4817170.

Altitude: 202 m. Pendente: 12% Localización: Ladeira.

Características: Arrasada polo campo de fútbol. Vense pedras da coiraza revoltas coa terra.

40. Túmulo 16

Coordenadas: U.T.M. X: 558695 U.T.M. Y: 4817180.

Altitude: 206 m. Pendente: 2% Localización: Rechán

Mensuras: Eixos:N-S: 19,50 m. E-W: 21 m. Altura: 0,90 m. Volume: 145 m³.

Características: Cortada parcialmente pola pista. Cráter colmatado. Ten visibilidade directa coa nº 11, 15 e 12.

41. Túmulo 17

Coordenadas: U.T.M. X: 558680 U.T.M. Y: 4817240.

Altitude: 211 m. Pendente: 7% Localización: Ladeira.

Características: Situada xunto a un afloramento granítico. Prácticamente arrasada. Ten visibilidade coas mámoas nº 11, 12, 15 e 16. Restos da coiraza. Sobresae unha chanta 20 cm. do chan. Hai outro posible esteo, de forma rectangular de 60 x 35 cm.

42. Túmulo 18

Coordenadas: U.T.M. X: 559065 U.T.M. Y: 4817430.

Altitude: 251 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira de divisoria.

Mensuras: Eixos:N-S: 24 m. E-W: 25,5 m. Altura: 1,10 m. Volume: 266 m³.

Cráter: Diámetro- 6 m.

Características: Visibilidade circular. Pedras de tipo medio forman a coiraza.

43. Túmulo 19

Coordenadas: U.T.M. X: 558650 U.T.M. Y: 4817435.

Altitude: 210 m. Pendente: 2% Localización: Ladeira.

Mensuras: Eixos:N-S: 15 m. Altura: 0,30 m.

Características: En liña coa nº 18. Fan límite de divisoria entre a necrópole que está ao sur, na ladeira, e a penechira ao norte.

Grupo: Necrópole de Nenos (Figs. 9-10)

Parroquia: San Estevo de Sedes.

Concello: Narón.

44. Túmulo 1

Coordenadas: U.T.M. X: 571165 U.T.M. Y: 4823745.

Altitude: 320 m. Pendente: 3%. Localización: Chan.

Contorno: Prados. Monte baixo. Repoboación de eucaliptos. Igual características teñen todas as mámoas da necrópole, xa que están todas moi próximas entre si.

Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 14 m. Altura: 0,50 m. Volume: 33 m³.

45. Túmulo 2

Coordenadas: U.T.M. X: 570925 U.T.M. Y: 4823735.

Altitude: 332 m. Pendente: 3%. Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 32 m. E-W: 34 m. Altura: 2,50 m. Volume: 1069 m³.

Cráter: Diámetro- 5,5 m. Profundidade- 2 m.

Características: Este é o túmulo meirande da necrópole. Posúe unha visibilidade circular. No fondo do cráter pódese ver unha gran lousa granítica, posiblemente forma parte da cámara. Destaca máis porque está construído sobre unha pequena cota.

46. Túmulo 3

Coordenadas: U.T.M. X: 570775 U.T.M. Y: 4823870.

Altitude: 320 m. Pendente: 9% Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 25 m. E-W: 28 m. Altura: 2 m. Volume: 551 m³.

Cráter: Diámetro- 5 m. Profundidade- 2 m.

Características: Está situado no tramo superior da pendente. Polo norte está cortada por unha estrada que discorre en dirección leste-oeste. Pedras de tamaño medio na coiraza. Visualiza os grandes túmulos nº 2 e 9, e a zona de rechán onde se atopan os túmulos nº 4, 5, 6, 7 e 8, xa que está no tramo superior da pendente e fai de límite entre necrópoles.

47. Túmulo 4

Coordenadas: U.T.M. X: 570715 U.T.M. Y: 4823825.

Altitude: 305 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira.

Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 13 m. Altura: 0,50 m. Volume: 31 m³.

48. Túmulo 5

Coordenadas: U.T.M. X: 570595 U.T.M. Y: 4823760.

Altitude: 295 m. Pendente: 3% Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. E-W: 22 m. Altura: 0,50 m. Volume: 54 m³.

Características: A repoboación destrizou parte da mámoa, e polo centro desta pasa unha fileira de cipreses.

49. Túmulo 6

Coordenadas: U.T.M. X: 570575 U.T.M. Y: 4823730.

Altitude: 295 m. Pendente: 3% Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 13 m. Altura: 0,40 m.

50. Túmulo 7

Coordenadas: U.T.M. X: 570550 U.T.M. Y: 4823710.

Altitude: 295 m. Pendente: 3% Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 19 m. E-W: 22 m. Altura: 0,60 m. Volume: 99 m³.

51. Túmulo 8

Coordenadas: U.T.M. X: 570610 U.T.M. Y: 4823790.

Altitude: 295 m. Pendente: 3% Localización: Rechán.

Mensuras: Eixos:N-S: 15 m. E-W: 21 m. Altura: 0,50 m.

52. Túmulo 9

Coordenadas: U.T.M. X: 570820 U.T.M. Y: 4823970.

Altitude: 315 m. Pendente: 5% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 22 m. E-W: 20 m. Altura: 2 m. Volume: 346 m³.
Cráter: Diámetro- 2,50 m. Profundidade- 1,60 m.
Características: Atopáronse dous machados de pedra puída e unha punta de seta pedunculada, de seixo. Este tipo de punta aparece en túmulos situados no litoral e que teñen construción interior (Fábregas, 1992).

53. Túmulo 10

Coordenadas: U.T.M. X: 570825 U.T.M. Y: 4824015.
Altitude: 311 m. Pendente: 3% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 14 m. Altura: 1 m.

54. Túmulo 11

Coordenadas: U.T.M. X: 570845 U.T.M. Y: 4824085.
Altitude: 312 m. Pendente: 3% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 13 m. E-W: 15 m. Altura: 1 m.

55. Túmulo 12

Coordenadas: U.T.M. X: 570945 U.T.M. Y: 4824110.
Altitude: 310 m. Pendente: 3% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 11 m. Altura: 0,40 m.

56. Túmulo 13

Coordenadas: U.T.M. X: 571030 U.T.M. Y: 4824200.
Altitude: 313 m. Pendente: 3% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. E-W: 15 m. Altura: 0,60 m.

Grupo: Val de Trasancos (Fig. 8)

Parroquias: Santa Mariña a Maior do Val-San Mateo de Trasancos-San Pedro de Leixa.

Concellos: Narón e Ferrol.

57. Túmulo 14

Coordenadas: U.T.M. X: 564610 U.T.M. Y: 4824905.
Altitude: 67 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Contorno: Repoboación de eucaliptos, ao igual que os túmulos nº 15 e 17.
Mensuras: Eixos:N-S: 20 m. E-W: 23 m. Altura: 1 m. Volume: 181 m³.
Características: Túmulo situado a carón da estrada Ferrol-Cedeira, limítrofe cos concellos de Narón e Valdoviño, ao igual que a nº 15. Presenta cráter de violación colmatado cun marco de pedra coas letras "MT" gravadas (Marco de Término).

58. Túmulo 15

Coordenadas: U.T.M. X: 564685 U.T.M. Y: 4824915.
Altitude: 66 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 15 m. Altura: 0,50 m.

59. Túmulo 16

Coordenadas: U.T.M. X: 564325 U.T.M. Y: 4822020.
Altitude: 82 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Contorno: Campo e repoboación de eucaliptos.
Mensuras: Eixos:N-S: 23 m. E-W: 11 m. Altura: 1,70 m. Volume: 193 m³.
Características: Está a carón dunha casa. Parte da masa tumular destrozouse ao ampliarse parte do curral da casa. O cráter de violación está cheo de toxos e xestas.

60. Túmulo 17

Coordenadas: U.T.M. X: 563485 U.T.M. Y: 4821780.
Altitude: 70 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Mensuras: Eixos:N-S: 15 m. E-W: 11 m. Altura: 0,50 m.
Características: Controla un pequeno meandro dun regato. Está vinculación respecto a vados ten sido estudiada por Vaquero (1990 a; 1993-94).

61. Túmulo 18

Coordenadas: U.T.M. X: 564880 U.T.M. Y: 4819330.
Altitude: 20 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Contorno: Pradería e as veces cereal. O continuo traballo da terra vai reducindo a altura da mámoa. Están entre dous regatos a uns 150 m.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 15 m. Altura: 0,20 m.
Características: Este túmulo así como a nº 19, están no límite entre os concellos de Ferrol e Narón.

62. Túmulo 19

Coordenadas: U.T.M. X: 564870 U.T.M. Y: 4819410.
Altitude: 22 m. Pendente: 3% Localización: Chan.
Mensuras: Eixos:N-S: 14 m. E-W: 14 m. Altura: 0,30 m.

Grupo: Marraxón. (Fig. 11)

Parroquias: Santa Mariña de Sillobre-San Nicolás de Neda.

Concello: Fene-Neda.

63. TÍTULO 1

Coordenadas: U.T.M. X: 570650 U.T.M. Y: 4813900.

Altitude: 336 m. Localización: Cume de divisoria.

Contorno: Monte baixo e repoboación de eucaliptos e piñeiros. Unha pista discorre á beira da necrópole en dirección NW-SE. O vertedoiro de lixo do concello de Fene está a carón da necrópole. O terreo está moi alterado pola acción antrópica: remoción de terras polo vertedoiro e polos traballos de repoboación.

Mensuras: Eixos:N-S: 9,50 m. E-W: 11,40 m. Altura: 0,75 m. Volume: 33 m³.

Cráter: Diámetro- 2,30 m.

Características: A mámoa ten visibilidade circular e está na divisoria da penechaira.

Visibiliza ao sur as mámoas nº 2, 3, 4, 5, 6 e ao norte as mámoas nº 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14. Ten afloramentos graníticos na base, no que destacan dúas covañas.

Pedras da coiraza espalladas.

64. TÍTULO 2

Coordenadas: U.T.M. X: 570655 U.T.M. Y: 4813800.

Altitude: 335 m. Pendente: 2% Localización: Ladeira de divisoria.

Mensuras: Eixos:N-S: 18,45 m. E-W: 14,60 m. Altura: 0,90 m. Volume: 97 m³.

Cráter: Diámetro- 2,45 m.

65. TÍTULO 3

Coordenadas: U.T.M. X: 557670 U.T.M. Y: 4813770.

Altitude: 334 m. Pendente: 2% Localización: Ladeira de divisoria.

Mensuras: Eixos:N-S: 9,70 m. E-W: 11,10 m. Altura: 0,45 m.

66. TÍTULO 4

Coordenadas: U.T.M. X: 557680 U.T.M. Y: 4813750.

Altitude: 333 m. Pendente: 3% Localización: Ladeira de divisoria.

Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. E-W: 10 m. Altura: 0,60 m.

67. TÍTULO 5

Coordenadas: U.T.M. X: 557700 U.T.M. Y: 4813745.

Altitude: 332 m. Pendente: 3% Localización: Ladeira de divisoria.

Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. E-W: 13 m. Altura: 0,55 m.

Características: Pedras da coiraza revoltas.

68. Túmulo 6

Coordenadas: U.T.M. X: 557715 U.T.M. Y: 4813765.
Altitude: 332 m. Pendente: 4% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 10,5 m. E-W: 9 m. Altura: 0,35 m.
Características: Aplanada e revolta.

69. Túmulo 7

Coordenadas: U.T.M. X: 570615 U.T.M. Y: 4813950.
Altitude: 333 m. Pendente: 3% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 13,5 m. E-W: 19,5 m. Altura: 0,80 m.
Características: Visibles pedras da coiraza. Un aramado e un camiño pasan a carón da mámoa polo norte.

70. Túmulo 8

Coordenadas: U.T.M. X: 570585 U.T.M. Y: 4813950.
Altitude: 332 m. Pendente: 4% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 14 m. Altura: 0,70 m.
Cráter: Diámetro- 2 m.

71. Túmulo 9

Coordenadas: U.T.M. X: 570575 U.T.M. Y: 4813940.
Altitude: 331 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 14,30 m. E-W: 15,20 m. Altura: 0,95 m. Volume: 82 m³.
Cráter: Diámetro- 4,30 m.

72. Túmulo 10

Coordenadas: U.T.M. X: 570560 U.T.M. Y: 4813980.
Altitude: 328 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m. Altura: 0,40 m.
Características: Practicamente arrasada, ao igual que as nº 11 e 12.

73. Túmulo 11

Coordenadas: U.T.M. X: 570555 U.T.M. Y: 4813950.
Altitude: 329 m. Pendente: 10% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 9 m. E-W: 7 m. Altura: 0,30 m.

74. Túmulo 12

Coordenadas: U.T.M. X: 570485 U.T.M. Y: 4814000.
Altitude: 324 m. Pendente: 8% Localización: Rechán.
Mensuras: Eixos:N-S: 11 m. Altura: 0,30 m.
Características: Unha sebe atravesa a mámoa.

75. Túmulo 13

Coordenadas: U.T.M. X: 570505 U.T.M. Y: 4813950.
Altitude: 325 m. Pendente: 9% Localización: Rechán.
Mensuras: Eixos:N-S: 15 m. Altura: 0,60 m.
Características: Un muro discorre polo norte e leste da masa tumular.

76. Túmulo 14

Coordenadas: U.T.M. X: 570390 U.T.M. Y: 4814640.
Altitude: 358 m. Localización: Cume de divisoria.
Contorno: Afloramentos graníticos por toda a zona con marcas de canteiro. Monte baixo e repoboación.
Mensuras: Eixos:N-S: 21,50 m. E-W: 20,30 m. Altura: 1,15 m. Volume: 198 m³.
Cráter: Diámetro- 3,50 m.
Características: Alterada pola construción dunha antena. Visibilidade circular: Mámoas nº 1 á 12 e 15 á 19. Louseiras, Nenos, rías de Ares-Ferrol. Hai 20 anos había un vértice xeodésico.

77. Túmulo 15

Coordenadas: U.T.M. X: 570340 U.T.M. Y: 4814730.
Altitude: 336 m. Pendente: 4% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 13 m. Altura: 0,50 m.
Características: Todo o terreo está moi revolto. Repoboación de piñeiros por riba da mámoa.

78. Túmulo 16

Coordenadas: U.T.M. X: 570320 U.T.M. Y: 4814700.
Altitude: 335 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 9 m. Altura: 0,40 m.

79. Túmulo 17

Coordenadas: U.T.M. X: 570325 U.T.M. Y: 4814790.
Altitude: 337 m. Pendente: 2% Localización: Chaira.
Mensuras: Eixos:N-S: 12 m.
Características: Arrasada.

80. Túmulo 18

Coordenadas: U.T.M. X: 569990 U.T.M. Y: 4815655.
Altitude: 329 m. Localización: Cume de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 18 m. Altura: 0,70 m.
Características: Cortada por un camiño que pasa a rentes da mámoa polo leste. Enriba do túmulo hai un vértice xeodésico.

81. Túmulo 19

Coordenadas: U.T.M. X: 569990 U.T.M. Y: 4815710.
Altitude: 327 m. Pendente: 4% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 9,60 m. Cráter: Diámetro- 3 m.
Características: Moi arrasada. Cortada polo camiño ao leste.

Grupo: Punxeiro-Golpes. Fig. 12

Parroquias: San Estevo de Irís-Santa Cruz de Salto.

Concello: Cabanas.

82. Túmulo 1

Coordenadas: U.T.M. X: 571300 U.T.M. Y: 4809730.
Altitude: 331 m. Pendente: 7% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte de repoboación de eucaliptos. Estrada Cabanas-As Pontes a 140 m. ao norte en sentido leste-oeste.
Mensuras: Eixos:N-S: 20 m. E-W: 20,5 m. Altura: 1,80 m. Volume: 289 m³.
Cráter: Diámetro- 1 m.
Características: O túmulo está dentro dun predio de repoboación, pechado. Apréciase extracción de terra da masa tumular. Os eucaliptos están plantados en ringleiras polo túmulo. Ten orientación norte e visibilidade co túmulo nº 2, situado 100 m. ao noreste.

83. Túmulo 2

Coordenadas: U.T.M. X: 571400 U.T.M. Y: 4809770.
Altitude: 333 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte de repoboación de eucaliptos. A estrada Cabanas-As Pontes pasa a 70 m. ao norte. Diques de seixo.
Mensuras: Eixos:N-S: 17 m. E-W: 14 m. Altura: 1,20 m. Volume: 113 m³.
Cráter: Diámetro- 5 m. Colmatado.
Características: A mámoa está alterada polo aplanamento do terreo próximo para a obtención da terra e pedra. Un valado recorta a súa masa tumular polo oeste.

84. Túmulo 3

Coordenadas: U.T.M. X: 571160 U.T.M. Y: 4810070.
Altitude: 345 m. Pendente: 9% Localización: Ladeira.
Contorno: Monte baixo.
Mensuras: Eixos:N-S: 17 m. E-W: 21 m. Altura: 1,10 m. Volume: 156 m³.
Cráter: Colmatado.

85. Túmulo 4

Coordenadas: U.T.M. X: 570990 U.T.M. Y: 4810050.

Altitude: 362 m. Localización: Cume.

Contorno: Monte baixo.

Mensuras: Eixos:N-S: 18 m. E-W: 21 m. Altura: 1,70 m. Volume: 256 m³.

Cráter: Diámetro- 7 m.

Características: Tanto este túmulo como o nº 5 están cubertos de toxos e xestas. Teñen visibilidade circular. Pedras da coiraza revoltas.

86. Túmulo 5

Coordenadas: U.T.M. X: 570950 U.T.M. Y: 4810000.

Altitude: 362 m. Localización: Cume.

Contorno: Monte baixo. Un valo pasa ao oeste do túmulo en sentido norte-sur, paralelo a un camiño.

Mensuras: Eixos:N-S: 22 m. E-W: 21 m. Altura: 1,90 m. Volume: 345 m³.

Cráter: Diámetro- 8 m.

87. Túmulo 6

Coordenadas: U.T.M. X: 570750 U.T.M. Y: 4810200.

Altitude: 340 m. Pendente: 14% Localización: Ladeira.

Mensuras: Eixos:N-S: 14 m. E-W: 12 m. Altura: 0,30 m.

Cráter: Diámetro- 10 m.

Características: Está arrasado. Unicamente destacan pola amplitude do cráter. Un valado corta a masa tumular polo oeste, e un camiño pasa polo leste en sentido norte-sur.

88. Túmulo 7

Coordenadas: U.T.M. X: 570620 U.T.M. Y: 4810330.

Altitude: 340 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira.

Contorno: Preto do vertedoiro e dunha canteira.

Mensuras: Eixos:N-S: 17 m. E-W: 18 m. Altura: 1,20 m.

Características: Moi alterado polas obras da canteira, apertura de pistas, etc. Toda a masa tumular está moi revolta, con acumulación de residuos, entullos, etc.

89. Túmulo 8

Coordenadas: U.T.M. X: 570625 U.T.M. Y: 4810550.

Altitude: 345 m. Pendente: 5% Localización: Ladeira de divisoria.

Contorno: A carón de vertedoiro. Un camiño pasa polo leste en dirección norte-sur. Monte baixo. Repoboación de eucaliptos. Pastos. Diques de seixo.

Mensuras: Eixos:N-S: 27 m. E-W: 28 m. Altura: 1,10 m. Volume: 327 m³.

Cráter: Diámetro- 11 m. Colmatado.

Características: Pedras da coiraza por todo o túmulo. Visibilidade circular, ao leste divísase a Serra e Golpes. A carón do antigo Camiño Real.

90. Túmulo 9

Coordenadas: U.T.M. X: 570535 U.T.M. Y: 4810490.
Altitude: 346 m. Pendente: 3% Localización: Ladeira.
Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 16,50 m. Altura: 1 m. Volume: 104 m³.
Características: Moi alterada pola plantación de eucaliptos, que percorren a masa tumular.

91. Túmulo 10

Coordenadas: U.T.M. X: 570505, U.T.M. Y: 4810500.
Altitude: 347 m. Pendente: 2% Localización: Ladeira de divisoria.
Mensuras: Eixos:N-S: 17 m. E-W: 18 m. Altura: 1,25 m. Volume: 151 m³.
Cráter: Diámetro- 8 m.

92. Túmulo 11

Coordenadas: U.T.M. X: 570500 U.T.M. Y: 4810470.
Altitude: 347 m. Pendente: 2% Localización: Ladeira.
Mensuras: Eixos:N-S: 16 m. E-W: 16 m. Altura: 1,10 m. Volume: 111 m³.
Cráter: Diámetro- 8 m. Colmatado.

93-99. Túmulos 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18

Practicamente arrasados. Están enmarcados no mapa nº 12

BIBLIOGRAFÍA

AGRAFOXO, X. (1992): *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía e o Val do Dubra*. Ed Sementeira. Noia.

BELLO, J. M^a.; CRIADO, F. e VÁZQUEZ, J. M. (1982): "Sobre la cultura megalítica y los caminos antiguos en Galicia". *El Museo de Pontevedra*. T. XXVI; pp. 143-164.

BELLO, J. M^a.; CRIADO, F. e VÁZQUEZ, J. M. (1987): *La cultura megalítica en la provincia de La Coruña y sus relaciones con el marco natural: Implicaciones socioeconómicas*. A Coruña.

BRADLEY, R. e FÁBREGAS, R. (1999): "La `ley de la frontera´: Grupos rupestres galaico y esquemático y Prehistoria del Noroeste de la Península Ibérica". *Trabajos de Prehistoria*. Vol. 56, nº1; pp. 103-114. Madrid.

BURILLO, F; IBÁÑEZ, E. e POLO, C. (1993): *Ficha general de yacimientos de la Carta Arqueológica de Aragón. I: Localización y descripción del yacimiento y su entorno*. Teruel.


- CAL PARDO, E. (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasmuros*. La Coruña.
- CAPEL MOLINA, J. J. (1981): *Los climas de España*. Barcelona.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1990): "Los castros de la cuenca media del río Ulla y sus relaciones con el medio físico". *Trabajos de Prehistoria*, 47; pp. 161-199. Madrid.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1996): "Os castros galegos: espacio e arquitectura". *Gallaecia* 14-15; pp. 309-357. Dpto. Historia I. Univ. Santiago.
- CARNEIRO REY, J. A. (1995): "El fenómeno tumular en Narón: Análisis de localización". *Estudios Mindonienses*, nº11; pp. 293-362. Salamanca.
- CARNEIRO REY, J. A. (1999): "Arqueoloxía e Folclore: Concellos de Ares e Mugardos". *Cátedra* nº 6; pp. 7-32. Pontevedra.
- CARNEIRO, J.; GÓMEZ, J.; RODRÍGUEZ, M. e SANFIZ, H. (1998): *O Seixo no pasado. apuntes para a historia de Mugardos*. Pontevedra.
- CASTILLO RUIZ, F. (1993): *Condicionamientos climáticos de la costa noroccidental gallega*. Tipos de tiempo durante el período otoño-invierno (1.988-1.991. Memoria de Licenciatura. Facultade de Xeografía e Historia. Santiago de Compostela.
- de CASTRO ÁLVAREZ, C. (1996): "San Juan de Caaveiro: estado de la cuestión, fuentes, historia y problemas", in O Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. *Cátedra* nº 3; pp. 21-62. Pontevedra.
- CATASTRO DE ENSENADA (1752): Interrogatorio General. Real de Legos.
- CERQUEIRO LANDÍN, D. (1991): "Industrias líticas: un pasado difuso", in Arqueología del Paisaje. *El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales* (F. Criado, dir.). Arqueoloxía/Investigación 6; pp. 97-128. Xunta de Galicia.
- COSTAS, F. e HIDALGO, J. (coord.) (1998): *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. Vigo.
- CRiado BOADO, F. (1989): "Asentamiento megalítico y asentamiento castreño. Una propuesta de síntesis". *Gallaecia* 11; pp. 109-137. Dpto. Historia I. Univ. de Santiago.
- CRiado BOADO, F. (Dir.) (1991): *Arqueología del Paisaje: El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. Arqueoloxía /Investigación 6. Xunta de Galicia.

- CRiado BOADO, F. (1993 a): "Visibilidad e interpretación del registro arqueológico". *Trabajos de Prehistoria* 50; pp. 39-57. Madrid.
- CRiado BOADO, F. (1993 b): "Espacio monumental y paisajes prehistóricos en Galicia", in *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*. A.G.H.; pp. 23-54. Santiago.
- CRiado, F.; FÁBREGAS, R, e VAQUERO, J. (1990-91): "Concentraciones de túmulos y vías naturales de acceso al interior de Galicia". *Portugalia*, vol. XI-XII; pp. 27-38. Universidade do Porto.
- CRiado, F. e VILLOCH, V. (1998): "La monumentalización del paisaje: percepción y sentido original en el megalitismo de la Sierra de Barbanza. Galicia". *Trabajos de Prehistoria* 55, nº 1; pp.63-80. Madrid.
- DERRUAU, M. (1991): *Geomorfología*. Barcelona.
- EGUILETA FRANCO, J. M^a. (1993-94): "As mámoas dos concellos da Baixa limia. Aportación al catálogo de monumentos tumulares de la comarca" *C.E.G.*; T. XLI, fasc. 106; pp. 41-64. Santiago de Compostela.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (1991): *Megalitismo del Noroeste de la península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*. U.N.E.D. Madrid.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. (1995): "La realidad funeraria en el Noroeste: del Neolítico a la Edad del Bronce", in *Arqueoloxía da Morte* (Fábregas, R.; Pérez, F.; e Fernández, C. Eds.); pp. 97-125. Xinzo de Limia. Ourense.
- FÁBREGAS, R. e VILASECO, I. (1998): "Prácticas funerarias no Bronce do Noroeste"; in *A Idade do Bronce en Galicia: Novas perspectivas*. (R. Fábregas, ed.); pp. 191-219. O Castro. Sada. A Coruña.
- FÁBREGAS, R.; CARBALLO, X. e VILLOCH, V. (1998): "Petroglifos y asentamientos: el caso de monte Penide (Redondela, Pontevedra)". *B.S.A.A.* LXIV; pp. 91-116. Universidad de Valladolid.
- FARIÑA JAMARDO, X. (1993): *Os concellos galegos*. A Coruña.
- FDEZ. de VIANA, J.; GONZÁLEZ, M^a. T. e de PABLOS, J. (1996): "El Tumbo de Caaveiro", 1^a parte. *Cátedra* nº3; pp. 267-437. Pontedeume.


- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Anexo 9. *Boletín Auriense*. Ourense.
- FERRERAS, C. e FIDALGO, C. (1991): *Biogeografía y edafogeografía*. Madrid.
- FERRO COUSELO, J. (1952): *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. Ourense.
- FILGUEIRA, J. e G^a ALÉN, A. (1977): "Inventario de monumentos megalíticos". *Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra, El Museo de Pontevedra*. T. XXXI.
- G^a ALÉN e de la PEÑA, A. (1981): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Barrié. A Coruña.
- GARCÍA MARTÍNEZ, C. (1979): *Prehistoria galega. Megalitismo e hábitat*. Vigo.
- de la IGLESIA, S. (1907): "Catálogo de la sección de protohistoria gallega de la colección de Santiago de la Iglesia". *Almanaque de Ferrol para el año de 1908*; pp. 59-67. Ferrol.
- INFANTE, F.; VAQUERO, J. e CRIADO, F. (1992): "Vacas, caballos, abrigos y túmulos: definición de una geografía del movimiento para el estudio arqueológico". *C.E.G.* T.XL, fasc. 105; pp. 21-39. Santiago.
- LAHUERTA MOURIÑO, F. e NICOLÁS LUCAS, J. (1990): *Itinerarios xeolóxicos no norte de Galicia*. Dep. Provincial. Lugo.
- LOIS GZLEZ. R. C. e PÉREZ ALBERTI, A. (Eds.) (1992): *Ferrol: Xeografía dun espacio urbano*. Cuadernos Ateneo Ferrolán, nº 8. Ferrol.
- LÓPEZ-CUEVILLAS, F. (1973): Prehistoria; in *Historia de Galiza* (Otero Pedrayo, R. dir.) T.III. Buenos Aires.
- de LOSCERTALES P. (1978): *Los Tumbos de Sobrado*. Madrid.
- MACIÑEIRA, F. (1930): "Interesantes noticias inéditas sobre antigüedades gallegas", *B.R.A.G.*, nº 226. A Coruña.
- MACIÑEIRA, F. (1943): "Túmulos prehistóricos. Inventario descriptivo de los 286 túmulos prehistóricos hasta ahora descubiertos en la avanzada comarca del cabo Ortegal". *B.R.A.G.* T.XXIII; pp. 21-29; 124-134; 178-186. A Coruña.

- MACIÑEIRA, F. (1947): *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, L. (1954): "Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y norte de Portugal". *Revista de Filología Española*. T.XXXVIII; pp. 100-115. Madrid.
- MONTERO DÍAZ, S. (1935): *La colección diplomática de San Martín de Juvia*. Boletín de la Universidad; año VII, nº 25. Santiago de Compostela.
- MUÑOZ JIMÉNEZ, J. (1992): *Geomorfología general*. Ed. Síntesis . Madrid.
- NÁRDIZ ORTIZ, C. (1992): *El territorio y los caminos de Galicia. Planos históricos de la red viaria*. Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. Xunta de Galicia. A Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. L. (1994): *El golfo Ártabro. Asociación de Amigos do museu Arqueolóxico*. A Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. L. (1997): "Panorama cultural de la comarca ferrolana durante la antigüedad, en el conjunto del golfo Ártabro", in *Ferrolterra Galaico--Romana* (V. Alonso, ed.); pp. 23-39. Universidade da Coruña. Ferrol.
- OREJAS SACO del VALLE, A. (1998): "El estudio del paisaje: visiones desde la Arqueología". *Arqueología Espacial* nº 19-20; pp. 9-29. Teruel.
- PARCERO OUBIÑA, C. (1995): "Elementos para el estudio de los paisajes castreños del Noroeste peninsular". *Trabajos de Prehistoria*, vol. 52; nº 1; pp. 127-144. Madrid.
- PÉREZ ALBERTI, A. (dir.) (1982): *Xeografía de Galicia*. Vol I. O Medio. A Coruña.
- PÉREZ ALBERTI, A. (1986): *A Xeografía: o espacio xeográfico e o home*. Vigo.
- PÉREZ ALBERTI, A. (1991): *La geomorfología de la Galicia sudoriental*, Tese Doutoral. Santiago.
- PÉREZ LOSADA, F. (1997): "Sobre a villa de Noville (Mugardos): Síntese científica divulgativa e valoración patrimonial", in *Ferrolterra Galaico-Romana* (V. Alonso, ed.); pp. 85-135. Facultade de Humanidades. Univ. da Coruña. Ferrol.
- RAMIL, P. e FDEZ., C. (1996): "Referencias paleoecológicas en torno al fenómeno megalítico en el NW Ibérico", in *El fenómeno megalítico en Galicia*. Monografías 2; pp. 39-53. Vilalba.


- RÍO BARJA, F. J. e RODRÍGUEZ, F. (1992): *Os ríos galegos*. Consello da Cultura Galega. Compostela.
- ROMERO, A. e POSE, J. M. (1985): *Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol*. Monografías, nº 2. Museu Arqueolóxico. A Coruña.
- SOBRINO CEBALLOS J. J. e CORREA ARIAS, J. F. (1999): "Insculturas pétreas no Baixo Eume". *Cátedra*, nº 6; pp. 115-137. Pontedeume.
- de TORRES LUNA, Mª P. e PAZO LABRADOR, A. (1994): *Parroquias y Arciprestazgos de Galicia*. Servicio de Publicacións e intercambio científico. Univ. de Santiago.
- TOSCANO, Mª C.; LUACES, J.; FERRER, S. e PENEDO, R. (1998): "O Patrimonio Cultural no concello de Cabanas", *Cátedra*, nº 5; pp. 147-173. Pontedeume.
- VAQUERO, J. (1990): "Ríos y tumbas. Sobre el emplazamiento de túmulos en el NW peninsular". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 30; pp. 151-175. Porto.
- VAQUERO, J. (1991): "Del análisis del emplazamiento al estudio de la distribución de túmulos en el NW peninsular". *Brigantium* 7; pp. 155-176. A Coruña.
- VAQUERO, J. (1993-94): "Galiñeiro, paso de lobos, novios y héroes. Sobre el emplazamiento de los túmulos del NW". *C.E.G. T.XLI*; fasc. 106; pp. 11-39. Santiago.
- VILLOCH, V. (1993): "Análisis del emplazamiento tumular en Galicia: el caso de la necrópolis de Saídos das Rozas (Campolameiro, Pontevedra)"; in *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*. Vigo.
- VILLOCH, V. (1995): "Monumentos y petroglifos: la construcción del espacio en las sociedades constructoras de túmulos del Noroeste". *Trabajos de Prehistoria*, vol 52, nº 1; pp. 39-55. Madrid.
- VILLOCH, V. (1998): "Paisajes monumentales en un mismo espacio: la sierra de o Bocelo (Galicia)"; in *Arqueología del Paisaje*. Arqueología Espacial 19-20; pp. 517-528. Teruel.
- VILLOCH, V. (1999): "La sucesión de paisajes monumentales en las sierras Faladora y Coriscada. A Coruña". *Gallaecia*, nº 18; pp. 53-71. Dpto. de Historia I. Univ. de Santiago.
- VV. AA. (1986): *O Meio Natural Galego*. O Castro. Sada. A Coruña.




Mapa 1: Zona estudiada neste traballo.



Mapa 2: Concellos da zona.








Mapa 4: Vías naturais de tránsito entre o interior e o litoral.


Mapa 5: Intervisibilidade entre castros (Parcero, 1995).

Mapa 6: Túmulos do Grupo Cha-Aucaral.


Mapa 7: Túmulos do Grupo Campañas-Pedroso.









Mapa 8: Túmulos do Vale de Trusancos.




Mapa 9: Túmulos do Grupo de Venos.



Mapa 10: Nenos: intervisibilidade tumular e vías de tránsito.



Mapa 11: Túmulos do Grupo de Marraxón.



Mapa 12: Túmulos do Grupo Punheiro-Golpes.




Gráfico 1: Perfil do Grupo Cha-Aucara.




Gráfico 2: Perfil do Grupo Campaiñas-Pedroso.




Gráfico 3: Perfil do Grupo de Nenos.




Gráfico 4: Perfil do Grupo Marraxón.




Gráfico 5: Petroglifos de Punxeiro-Golpes.



Foto 1: Petroglifo de Chamorro (R. Fábregas).




Foto 2: Coviñas de Marrazón.



Foto 6: Túmulo n° 1 (Cabanas).



Foto 7: Panorámica desde o petroglifo de Pedroso (R. Fábregas).



Fotos 3, 4 e 5: Petroglifos de Cabanas.

A REPARACIÓN DA IGREXA E CORO DE SAN MIGUEL DE BREAMO POLOS IRMÁNS LEAL EN 1661

Íñigo Fernández Pérez

INTRODUCCIÓN

Este traballo baséase nun protocolo notarial do Arquivo Xeral de Protocolos (A.X.P) do Ilmo. Colexio Notarial da Coruña¹. Trátase dun documento no cal Sebastián Vázquez, veciño do couto de Breamo e arrendatario da igrexa de San Miguel de Breamo, e o licenciado Tomé Gómez Villanueva, vicerrector da dita igrexa e tamén da de San Pedro de Vilar, contratan os mestres de carpintería Tomé y Alonso Leal o 19 de setembro de 1661.

O obxectivo era reconstruír gran parte da igrexa e coro de San Miguel de Breamo, que presentaba un aspecto dantesco, xa que *"estaba mal reparada, y caído y arruinado y sin puertas"*².

A igrexa de San Miguel de Breamo está situada na parroquia do mesmo nome, pertencente ó municipio de Pontedeume (A Coruña), arceprelado de Pruzos e diocese de Santiago de Compostela. Está no alto do monte Breamo, a 305 metros de altitude. É unha igrexa parroquial, de estilo románico, do ano 1187, segundo unha inscrición da fachada. O investigador Carlos de Castro encontrou no Arquivo da Real Academia Galega (A.R.A.G) unha copia dunha carta de 1234 (AD, d.I) que o papa Gregorio IX enviou a Juan Miguel, arcediogo de Abeancos e a Juan Pedro, cónegos lucences, para que actuaran como xuíces no preito que o mosteiro de Sobrado mantiña co de Breamo por certos bens de Mendres, sitios en Nogueirosa³: é o documento máis antigo que se coñece do mosteiro de Breamo e está arquivado co número 43, letra N. Ten planta de cruz latina e unha nave central cortada por outra transversal, onde nacen tres ábsidas semicirculares.

PROLEGÓMENOS DA OBRA

Foron un tanto longos, co cal podemos afirmar que os trámites se iniciaran bastante tempo antes da data deste documento. O licenciado Tomé Gómez inspeccionou a igrexa, e, en vista do seu estado, acudiu xunto con varios veciños perante o xuíz eclesiástico do arcebispado de Santiago,

1. A.X.P. Protocolo de Luis Rodríguez Armesto, ano 1661, fondo de Pontedeume

2. Idem, fol. 127r.

3. DE CASTRO, Carlos: " En torno al real priorato de San Miguel de Breamo y a su iglesia", en *Cátedra*, nº 2, 1995, pp. 119-120.

única persoa que podía autorizar as obras, e solicitouse tamén que todo se financiase coas rendas do priorado de Bremao, das cales Sebastián Vázquez tomaría o necesario para a reparación. Como resposta, o xuíz eclesiástico ordena taxar a futura obra a dous "*alarifes de cantaria y carpinteria*"⁴, para o que Sebastián Vázquez elixe o mestre de carpintería Tomé Leal e o canteiro Juan Martínez, "*vecinos desta dicha vila*"⁵, é dicir, veciños de Pontedeume. Ambos a valoran en mil oitocentos cincuenta reais. Remítese a taxación ó xuíz eclesiástico, que despacha un mandado agravando as censuras a Sebastián Vázquez como arrendatario, para que este pague os mil oitocentos reais. Sen embargo non o fai así, e parálizanse os trámites. O vicerrector Tomé Gómez crava unha cédula en lugar público "*por ver si auia alguna persona que baxase dicha obra en menos cantidad de lo que quedaba (sic) tasado*"⁶, pero "*aunque se auia echo notorio a diferentes personas de dicho oficio y arte, no auia parecido ninguno que la pusiese en menos, antes la subian en mas*"⁷. Finalmente, "*los dichos Tome Leal, Alonso Leal y Josefe de la Iglesia tomaban y tomaron la dicha obra y fabrica della en si a toda costa por la dicha cantidad de mill y ochocientos y cinquenta reales en que entra la cantaria, carpinteria, texa, clabación, madera e portas e todo lo demas necesario para dicha obra*"⁸.

AS CONDICIÓN DO CONTRATO DE REFORMA

Comeza polas tres portas da igrexa, "*Primeramente, la puerta prencipal de dicha iglesia, toda de nuevo con su ferraxe, e tras dos puertas mas pequeñas quedan de fuente a fuente la una a otra de dicha iglesia*"⁹. Refírese á porta principal, ós pés da nave e ás dúas portas laterais, unha a cada lado do cruceiro. A ferraxe da porta principal son os cravos que teñen os bordos e no pecho. É unha mágoa que non haxa máis detalles sobre as dúas portas secundarias. Como adoitaba na maioría do románico galego, as portas laterais son moito máis pequenas cá principal. Neste caso, podemos subliñar a extrema estreitura das ditas portas laterais.

O teitume orixinal da zona do coro desaparecera, e por iso danse instrucións concretas: "*el techo de arriba del coro, todo de nuevo con madera, clabaçon de ¿pars? y nodillos y texa, con - forme staba de antes. Dos pontonadas del coro con sus bigas y pontones quadrados y tabla obra de cinta y de tino de moldura conforme a una pontonada que quedo sana*"¹⁰. No citado artigo de Carlos de Castro Álvarez publicado no nº 2 desta revista¹¹ inclúese un plano¹², no que vemos que a igrexa é de triple ábsida e o coro sitúase ós pés da igrexa, sobre a cara interna da fachada princi-

4. RODRÍGUEZ DE ARMESTO, Luis, op. cit, fol. 127v.

5. *Idem*.

6. *Idem*.

7. *Idem*.

8. *Idem*.

9. *Idem*, fol.128r.

10. *Idem*, fol.128r.

11. DE CASTRO, Carlos: "En torno al real Priorato de San Miguel de Bremao y a su iglesia", *Cátedra*, nº 2, pp.119-120.

12. Planta de San Miguel de Bremao segundo *Arquitectura Románica de La Coruña: Faro-Mariña-Eume*, en DE CASTRO, Carlos.

pal. O novo teito é unha armazón de madeira que recobre a cara interna do arranque da bóveda da nave principal, ós pés da igrexa. E, como quedou intacto un fragmento do teito preexistente, mándase que todo el siga esa pauta. En canto á *"tabla obra de cinta"*, é a armazón de sección triangular que soporta o tellado a dúas augas que, por suposto, é tamén de nova factura. Lembremos que as bóvedas de pedra estaban practicamente ó descuberto e que había que cubrilas cun teitado a dúas augas, con cintas de madeira recubertas de tellas, para así impermeabilizar as bóvedas. Tan grandes eran os desperfectos que nin sequera quedaba en pé a escaleira que subía cara ó coro, xa que se manda construíla *"de nuevo, con todo lo necesario para ella"*¹³. Desgraciadamente, o contrato non dá detalles sobre a escaleira. Acerca da campá di: *"un Yuxo nuevo para la campana grande. Y otro para el ysquilon con su erraxe(...). Un nicho para poner el ysquilon sobre la cornisa"*¹⁴. Durante o barroco era habitual en Galicia engadir ás igrexas preexistentes unha campá na fachada principal unhas veces enmarcada por un nicho e outras por unha peineta; sen embargo, neste caso, non se conservan nin a fachada nin o nicho. Incluso, ó referirse a *"la campana grande"* dá a entender que había cando menos outra máis, que tampouco se conserva. Aquí, o *"Yuxo"* é a asa da que está colgada a campá, e o *"ysquilon"* é o badalo que a fai soar. Outra vez o contrato volve sobre o coro, xa que hai que *"mareçar el coro con la madera nueva que se a de poner. Ueinte y quatro anegas de cal para as cintas del texado y blanquear un pedaço de bobeda en el coro. Dos carros de arena"*¹⁵. *"Mareçar"* quere dicir recubrir a madeira do tellado do coro con area e cal, para preservala da humidade. Por ese motivo branquéase con cal un sector da bóveda. Está claro que o coro, ó ser de madeira, era unha das zonas máis deterioradas da igrexa.

As últimas instrucións do contrato teñen por obxecto o frontispicio da igrexa e manda *"deshacer el frontespicio de la ygleçia en el remate todo el ynpino hasta quatro yladas desde la cornisa abaxo, por aberse de azer de nuevo por star desplomado, y se a de azer con la misma cantaria que tiene"*¹⁶. Así se completou a intervención na fachada principal, onde lembremos que tamén se fixo de novo a porta. Á vista dos datos que facilita o contrato, o estado da fachada principal era de grave deterioro.

CONCLUSIÓN

Carlos de Castro di no seu artigo do nº 2 desta revista que: *"a reparación fíxose con celeridade, posto que a Cofradía de San Miguel non se viu na necesidade de interromper as súas actividades. Na visita a S. Miguel de Breamo efectuada en 1668 (...) dise que a igrexa estaba ben reparada (...)"*¹⁷. Polo tanto, anque os prolegómenos, como dixemos, foron un pouco longos, non sucedeu así coa realización das obras.

13. RODRÍGUEZ ARMESTO, Luis, op. cit., fol.128r.

14. *Idem*.

15. *Idem*.

16. *Idem*.

17. DE CASTRO, Carlos: op. cit.

APÉNDICE DOCUMENTAL

CONTRATO DE OBRA ENTRE TOME LEAL Y QUONSORTES CON SEBASTIAN VAZQUEZ

En la villa de Puente deume, a dies y nueve dias del mes de Setiembre de mill y seis - cientos y sesenta y un años, ante mi escriuano e testigos parecieron presentes, de la una parte, Sebastian Basquez, uecino del coto de Breamo y felegresia de San Pedro de Uillar. Y de la otra, el licenciado Tome Gomez Uillanueba, clerigo pres - biterio, uicerretor de San Miguel de Breamo y San Pedro de Uillar, perteneciente (sic) al priorato de Breamo por nombramiento del licenciado Don Tomas Perez Sierra, capellan de Su Lustrisima (sic), el señor arsebispo (sic) de Santiago, y en uertud del poder del señor Licenciado Don Diego de Cevallos, del consexo de Su majestad el Real de Castilla, Caballero de la horden de Calatrava y Prior del dicho priorato de Breamo, por merced que del le auia echo Su Majestad, dios le guarde, y el dicho licenciado Gomez Uillanueba, que al presente es desta uilla, Tomé Leal, Alonso Leal, gose de la igleçia, maestros de carpenteria (sic) y uecinos della, y dixerón que por quanto el dicho licenciado Tome Gomez, como tal uise - rretor, auiendo entrado en la posesión de su administracion (sic) y reconocido que la iglesia y coro de San Miguel de Breamo estaba mal reparada y caydo y arruy - nado y sin puertas, de tal manera que casi no se podia decir misa en ella, ni cele - brar los mas oficios deuinos a los feligreses, y por estas y otras causas y otras rui - nas que podian sobrebenir, el mayordomo de dicha iglesia y otros uecnos, auia acudido delante del juez eclesiastico deste arzobispado de Santiago, para que se serbiese mandar reparar dicha iglesia, puertas y coro della, que siendo por el dicho juez eclesiastico uisto despacho, su censura y mandamiento, para que por quenta de las rentas pertenecientes a dicho priorato le yciese dicho reparo y fabri - ca, y que el dicho Sebastian Basquez, como arrendatario que al tiempo (sic) era retuuiere en si lo questaba (sic) caydo de dicha renta, para que seruiere para la obra y la entrega se pasa dicho efeto (sic). Y auiendosele notificado, auia dado cierta respuesta, y en uirtud della, dicho juez eclesiastico, mando se tasare dicha obra por personas alarifes (sic) de cantaria y carpintaria (sic), para lo qual se auia nombrado para dicho efeto al dicho Tome Leal, y a Juan Martinez, cantero, vecinos desta dicha uilla, los quales, auiendo uisto y mirado la dicha obra de can - taria y carpintaria, debaxo de juramento, auian declarado ser necesario para dicha obra, ansi de manos como de materiales, y a toda costa, mill ochocientos y cinquenta reales. Y auiendose echo dicha tasación se remetio (sic) a dicho Juez eclesiástico, que en uista dello mando despachar mandamyento por que agrabo las censuras al dicho Sebastian Bazquez, como tal arrendatario, para que pagase los dichos mill ochocientos y cinquenta reales. Y por no aberlo echo le auia despa -

chado contra el la de participantes, y estando en ste (sic) estado, sin embargo (sic), de todo ello el dicho uiserretor auia dexado cedulas por ver si auia alguna persona que baxase dicha obra en menos cantidad de lo questaba tasado, lo yciere que le ademitiria su postura, y daria quenta dello a dicho juez eclesiastico, y aunque se auia echo notorio a diferentes personas de dicho oficio y arte, no auia parecido ninguno que la pusiese en menos, antes la subian en mas, en daño de la renta de dicho priorato. Y aora todas partes, cada una por lo que le toca, dixeron estar conuenidos y consertados en que los dichos Tome Leal, Alonso Leal y Josefe de la Igleçia (sic), tomaban y tomaron la dicha obra y fabrica della, en si a toda costa por la dicha cantidad de mill y ochocientos y cinquenta reales en que entra la cantaria, carpintaria, texa, clabacion, madera e puertas, y todo lo demas necesario para dicha obra, sin que falte cossa alguna en la mesma conformidad que antes solia star del mismo altor (sic) y tamaño, de tal manera que ajuste con la demas obra questa llebantada con la misma echura y labor. La qual lar(a) de azer en la manera siguiente:

Primeramente, la puerta prencipal de dicha igleçia, toda de nuebo con su ferraxe, clabaçon de çpars? y nodillos y texa, conforme staba de antes. Dos pontonadas del coro con sus bigas y pontones quadrados y tabla obra de cinta y de tino de mol - dura, conforma a una pontonada que quedo sana. La escalera que sube para el coro, de nuebo con todo lo necesario para ella. Un Yuso nuevo para la canpana grande. Y otro para el ysquilon con su erraxe. Seis millares de texa para lo que se a de azer de nuevo questa caydo, y para reparar toda la iglesia. Un nicho para poner el ysquilon sobre la cornisa. Marecar el coro con la madera nueba que se a de poner. Ueinte y quatro anegas de cal para las cintas del texado y blanquear un pedaço de boboda (sic) en el coro. Dos carros de arena. Deshacer el fronteespicio de la ygleçia en el remate todo el ympino hasta quatro yladas desde la cornisa arriba, por aberse de azer de nuevo por star desplomado, y se a de azer con la misma cantaria que tiene. La qual dicha obra y fabrica, en la manera que ba referido, sin que falte cosa alguna, los dichos Tome Leal, Alonso leal y Jose de la Iglesia, juntos de mancomun, a bos de uno y cada uno dellos, por si ynsolidun y por el todo renunciando como dixeron renunciaban las leis de duobus res debende y la autentica presente oquita de fidejuszoribus, y la dibicion y escurçion de bienes y mas leis de la mancomunidad como en ella se contiene, dixeron se obligaban y obligaron con sus personas y uienes muebles y raices auidos y por aber, de azer y que aran dicha obra como ua referido, y darla echa y compuesto en todo el mes de Enero primero que biene del año de mill y seiscientos y sesenta y dos, a uista de maestros que entiendan de dicha arte, de tal m(a)ne(r)a que si bista lo que uieren o pusieren alguna falta o uxeto (sic) en dicha obra o parte della, los sobredichos lo an de remediar y poner seguro. Y el dicho Sebastian Basquez, como arrendatario que a sido de la renta del dicho priorato, y no incurrir en dichas çinçuras (sic) y en la de

participantes, dixo se obligaba y obligo con su persona y uienes muebles y raices auidos y por auer de dar y pagar, y que dara y pagara por raçon de dicha obra a los dichos Tome y Alonso Leal y Jose de la Ygleçia los dichos mill ochocientos y cinquenta reales aqui referidos en sta manera, los seiscientos reales dentro de quinze dias de la fecha desto, y otros seiscientos reales para dia de Navidad pri - mero que biene deste presente año, y lo demas restante, que son seiscientos y cin - quenta reales, para fin de enero del año que biene de mill y seiscientos y sesenta y dos, luego y como se acabare dicha obra, sin que falte cosa alguna, so pena de exe - cución y costas y mas gastos de la cobranza. Y los dichos Tome y Alonso Leal, Jose de la Ygleçia y Sebastian Basques, cada uno por lo que le toca, se obligaron según dicho es y dieron y otorgaron todo seu poder cumplido en forma a los juezes y jus - ticias seglares de Su Magestad, que dellas pueda conocer conforme a derecho, para que ansi se lo agan cumplir y guardar, como si lo aqui contenido fuese sen - tencia difinita (sic) de juez competente, pasada en cosa juzgada y renunciaron todas leis en su favor y la general que prohibe la general y renunciacion de leis, fecha nouala. Presente el dicho licenciado Uartolome Gomez de Uillanueba, que dixo que como tal uicerretor azetaba y azeto hesta escritura. Y todas partes ansi la otorgaron ante mi scriuano e testigos y lo firmaron de sus nombres, siendo testigos el alferes Juan de Tiras y Andrade y el licenciado Domingo Salgado Gundin, pres - bitero, y Juan de Leiro el moso, uezinos desta uilla e yo scriuano doi fee conozco a los otorgantes. Uala enmedado dodize cleri y no uala tachado do dice or.

BANDOLEIROS NA COMARCA DO EUME

Carmen Otero Roberes
Manuel Domínguez Ferro

Galicia vive nas primeiras décadas do século XIX unha aguda tensión social, que favoreceu a actividade de numerosas gavelas de bandoleiros. O Arquivo municipal de Pontedeume conserva un documento datado en 1823¹ que describe o que foi unha práctica delictiva habitual na Galicia do século XIX. Da frecuencia e gravidade destas accións achamos eco na prensa e nos escritos das autoridades locais:

*“En los años 10 y 11 (numerosas gavelas) espantaron no pequeña parte de la población con sus atrocidades, violentos robos, crueles y sacrílegas muertes dadas con los trabucos y carabinas de que solían armarse a personas de ambos sexos y estados. Esta inhumana milicia era compuesta de crecido número de individuos, hombres y mujeres, unos ejecutores, otros receptadores y alcahuetes, capitaneados de los más valerosos y atroces, cuyos motes adquiridos por sus hazañas por sí solos causan espanto: el Tigre, el Fiero, el Fibillas, el Pirillas, el Demo vivo, y así otros...”*²

Foi a Guerra da Independencia o caldo de cultivo que xerou a práctica bandoleira. Neste ambiente de violencia, desorde e tensión xéstase o bandoleirismo decimonónico. Á situación de crise política permanente, coa lenta implantación do réxime liberal como pano de fondo, ó lastre que supoñen unhas estruturas productivas, herdadas do Antigo Réxime, que manteñen a agricultura nun estado de grave estancamento, e á sólida posición na que aínda se atopan as clases rendistas tradicionais –fidalguía e clero- véñense a engadir as dificultades da postguerra, o peso dunha gravosa fiscalidade –os temidos trabucos- a inseguridade creada pola acción das partidas realistas e as crises de subsistencia que percorren todo o século. Das dificultades polas que pasa o campesiñado galego dan boa proba os ocasionais estoupidos de cólera popular, as frecuentes negativas a pagar décimos, rendas señoriais, foros e arrendamentos, a emigración estacional a Castela con motivo das segas, ou a Portugal –fenómeno precursor das grandes ondas migratorias na segunda metade do século- ou o preito que chega a converterse nun recurso habitual dos labregos.

1. Arquivo municipal de Pontedeume, Sección Causas e querelas criminais (1780-1870).

2. SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa María: *Apuntes y documentos para una Hª de Galicia en el S. XIX*, Deputación da Coruña 1.977.

O empeoramento das condicións de vida provoca un aumento da marxinalidade³ entre os grupos rurais máis desfavorecidos –caseiros, caseteiros- e nos oficios nos que o traballo fluctúa ó ritmo da conxuntura económica (canteiros, albaneis, xastres, taberneiros). Destes sectores proceden a maioría dos membros que integran as gavelas, que devastan, con periódica regularidade, tanto as facendas dos máis poderosos –casas grandes e rectorais- como as casas dos labregos máis ricos. Na segunda metade do século diminúe considerablemente a actividade das gavelas debido á estabilidade do réxime liberal, á maior eficacia na represión da criminalidade –creación da Garda Civil- e ó conxunto de reformas administrativas e xudiciais que rematan coas antigas estruturas de poder local.


Os estudos da profesora López Morán⁴ amosan un bandoleirismo afastado do modelo clásico andaluz, onde o bandido é unha figura heroica, xenerosa e admirada pola comunidade. Aínda que nos dous é difícil rastrexar unha clara motivación política, no caso andaluz é posible atopar similitudes co que Hobsbawm denomina “bandoleirismo social”, referíndose a formas primitivas de revoltas campesinas. O bandoleiro galego non fai distinción de clase entre as súas vítimas. A preferencia polo roubo a cregos e fidalgos atopa fácil explicación na riqueza que se lles atribuíra, pero tampouco se libran as casas dos máis humildes, que tiñan menos medios para defender os seus escasos bens. Non existe complicidade entre o bandoleiro e a sociedade campesina da que provén. É este un bandoleirismo innominado, que a penas deixa lembranza de certos nomes na memoria popular, excepción feita do “Sopiñas”, da gavela de Ferrol, ou de Manuel Balseiro, capitán da gavela de Ortigueira, ó que cita Baroja en *La casa del crimen*, ou de Mamed Casanova, o derradeiro bandoleiro galego, que Valle-Inclán retratou con simpatía. A violencia xusticeira do bandoleirismo andaluz convértese en gratuíta e brutal no caso galego; non é infrecuente a ritualización da matanza do porco ou as torturas sexuais. O bandido é, por tanto, unha figura odiada e os seus latrocinios espertan a solidariedade dunha comunidade que condena sobre todo os delitos que atentan contra a propiedade.

No primeiro tercio do século XIX rexístrase na comarca do Eume unha intensa actividade bandoleira. Alomenos son tres as gavelas que protagonizan varios roubos e asaltos durante o período⁵. Unha destas, composta por 32 bandidos, estendeu a súas accións por Xubia, Moeche, As Pontes e Caaveiro. Estivo dirixida primeiro por Luis Prieto, morto en 1826 nun encontro cunha tropa de voluntarios realistas; despois foi capitaneada por un desertor do exército, Gregorio Rodríguez, a quen lle aplicaron a lei de fugas. Outra gavela operou nas proximidades de Pontedeume, onde se adicou a asaltar as rectorais de Espiñaredo (1823), Cabalar (1824) –o seu párroco foi torturado- A Capela (1824) e a igrexa de San Martín de Goente (1820). A terceira tivo por centro As Pontes. A maioría dos seus membros foron encarcerados: Antonio San Esteban, alias “Moreno”, José Palma, Luis Antonio Ferro e o seu fillo Manuel, Vicente Ferreiro e Pedro Castelo

3. DE JUANA LÓPEZ, J. e PRADA RODRÍGUEZ, X.: Ed. Vía Láctea, 1.996.

4. LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego*, Ed. Xerais, Vigo.

5. LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego en la primera mitad del S.XIX*, Edicións do Castro, Sada.




Rexistro de asaltos de bandoleiros na Comarca do Eume entre os anos 1820-1830.

Toxeiro. Cometían os seus delictos no Freixo, onde asaltaron a casa do crego D. Juan de Roca y Pardiñas (1824), e Monfero, onde roubaron a un comerciante maragato.

Aínda que os obxectivos son variados abundan os roubos ás rectorais. Nestes casos era de esperar unha maior resistencia. Precisamente a finais de século, o arcebispo de Santiago solicitaba ó gobernador da Coruña que permitise ós párrocos o emprego de armas de fogo por atoparse “expuestos a la codicia de los malhechores por causa de los fondos y alhajas que custodian”⁶. Ademais da presenza da servidume, as rectorais presentan un aspecto de auténticas casas fortes, con grosos muros e portas, e mesmo algunhas dispoñen de troneiras no primeiro andar –é o caso da rectoral do Freixo-. Pero, como xa dixemos, as casas dos labregos tamén son obxecto da cobiza das gavelas. Como exemplo temos o caso do asalto a dúas casas de Insua ó que se refire o documento que xa foi mencionado.

6. SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa M^a: *Apuntes y documentos para una Hª de Galicia en el S.XIX*, Deputación da Coruña, 1.977.



Documento que narra o asalto ás casas da Insua.

O expediente consta de 36... follas que narran o proceso aberto a raíz da denuncia que presenta perante o alcalde pedáneo de San Xoán do Freixo, no concello das Pontes, pertencente daquela ó distrito xudicial de Pontedeume, Juan Gómez, veciño do lugar de Insua, parroquia do Freixo, polo asalto sufrido ás casas do dito lugar a mans dunha gavela de bandoleiros na noite do 7 de abril de 1823. Nos días sucesivos, recollidas as declaracións ás testemuñas, as autoridades locais remiten o oficio ó xuíz de Pontedeume.

O lugar de Insua é un pequeno casarío, na actualidade abandonado, que se atopa nas estribacións meridionais da Serra da Faladoira, no camiño que dende As Pontes se dirixe cara a Ortigueira, zona que polo seu illamento e accidentada orografía reunía as condicións propicias para a acción das gavelas; as cales contaban ademais con redes de confidentes que lles informaban dos obxectivos máis atractivos. Receptadores e alcaiotes, moitos deles mulleres, encargáranse de vende-lo botín nas feiras e mercados.

Pasamos a continuación a relatar os feitos dos que fala o documento e nos que tan ben vemos reflectidos os trazos deste singular bandoleirismo. Entre as 11 e as 12 horas da noite –a noite é o momento máis frecuentemente elixido polas gavelas para realizar os roubos- estando na cama os veciños, oíron ladrar ós cans, e unha cuadrilla formada por sete u oito homes, cos rostros tisonados, entraron violentamente na casa da viúva Vicenta Fernández (*“a oscuras y a manera de facinerosos”*), portando pistolas, coitelos e unha fouce de mango longo; golpearon e acoitelaron a dous dos seus fillos –Antonio, que resultou severamente ferido (*“aunque ciego le dieron muchos palos y le hicieron en la cabeza cuatro heridas mortales”*), e Pedro Nobo-. Despois de atarlles as mans, os bandoleiros esixiron á viúva que lles entregase as onzas e os obxectos de valor. As dúas fillas, Tomasa e Andrea, tentaron fuxir pero unha delas foi capturada e agredida; a outra conseguiu zafarse e correu a pedir axuda ás aldeas máis próximas. Unha vez baleiradas as arcas, onde a familia gardaba os utensilios domésticos e algúns alimentos, a gavela dirixiuse á casa contigua, que ocupaba a familia de Juan Gómez, e a súa sobriña, Vicenta Gómez, que saíra ó oír os berros dos veciños, recibiu dous tiros de posta (*“...y al tiempo de salir se le disparó un tiro por un hombre que estaba en el corral, y sintiéndose herida en el pecho izquierdo y en la cara, se retiró a su cama”*). O seu tío Vicente puido escapar por unha fiestra e foi en busca de auxilio. Ante as demandas de axuda acoden veciños de Insua do Baio, que se atopaba a unha distancia de *“dos tiros de fusil”*, e de Merlan, que distaba *“tiro y medio”*. A gavela logra escapar, abandonando na súa fuxi-



Arriba: Casas da Ínsua (O Freixo). Abaixo: Casa rectoral de O Freixo.

da parte do roubado. Sorpréndenos a mediocridade do botín. Da casa de Juan Gómez leváronse 22 reais e unha libra de tabaco. Menos parco foi o botín da casa de Vicenta Fernández; na que se fixeron con 40 reais, roupas, carne de porco e unto. Entre as roupas figuraban: *“un zagal de sempiter - na, una mantilla de limiste, un justillo de pana, otro de picote de lana y lino del país, varios pares de medias de hilo, una camisa de lienzo, una terciade paño de Segovia, un chaleco de catonia (sic), un ceñidor de lana, dos varas de somonte, una vara de Chinchón, un dengue, varios pañue - los de algodón y muselina, toallas de lino, una casaquilla de Segovia y un paraguas”*. Os ladróns non puideron ser capturados e os intentos por parte da autoridade de recuperar os obxectos resul-

taron infructuosos : “Y no habiendo sido conocidos los ladrones y malhechores, ni por los sujetos robados ni por los más que han concurrido, constituyendo a ello lo oscuro y lluvioso de la noche - del suceso, se proveyó que, a mayor abundamiento se expidieron requisitorios con inserción de las alhajas robadas, a los Juzgados del contorno del lugar del robo, siendo uno de ellos el indicado en que uno administra Justicia, y , por ver si por medio de sus mercados o de otro modo puede llegarse a conseguir alguna averiguación o noticia importante para ella”.

FONTES DOCUMENTAIS.

Arquivo Municipal de Pontedeume, Sección Causas e querelas criminais (1780-1870)

BIBLIOGRAFÍA.

- COSTA CLAVELL, X.: *Romerías. Bandolerismo y otras jergas gallegas*, Ed. Xerais, 1974.
- DE JUANA LÓPEZ, J. y PRADA RODRÍGUEZ, X.: *Galicia contemporánea. Historia de Galicia* Ed. Vía Láctea, A Coruña 1996.
- DURÁN, J.A.: *Crónicas /1, Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Madrid, 1974.
- GÓMEZ MARÍN, J.: *Bandolerismo, santidad y otros temas españoles*, Madrid, 1966.
- LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX*, Edicións do Castro, Sada.
- LÓPEZ MORÁN, Beatriz: *El bandolerismo gallego*, Ed. Xerais, Vigo.
- SAURÍN DE LA IGLESIA, Rosa M^a: *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*, Deputación da Coruña, A Coruña 1977.

O RÍO EUME NA ANTIGÜIDADE CLÁSICA

Vicente Martínez Álvarez

A nosa comarca, recentemente creada polas institucións de goberno, artículase arredor do río Eume. Pontedeume está intimamente vencellado e tamén ó longo da súa historia a dito río. Pero podemos preguntarnos, e de feito é do que vai tratar este breve comentario, se sempre o río Eume se chamou así ou tivo outras posibles denominacións.

Os autores antigos¹, entre os que podemos destacar a Estrabón, Plinio o Vello, Mela e sobre todo Ptolomeo, non mencionan nunca un hidrónimo chamado Eume. Temos que dicir que si fan mención doutros cursos fluviais do noroeste peninsular como é o caso do Eo ou do Navia; tamén do Tambre.

É lóxico pensar que non pode ser un esquecemento debido á omisión por parte de todos os autores. Tampouco podemos crer que non fan referencia a el por ser insignificante, pois polo seu caudal e lonxitude ten máis entidade que outros moitos cursos fluviais que estes mesmos autores mencionan. Ademais debemos dicir que a presenza romana preto da súa desembocadura e no seu curso medio na zona das Pontes está demostrada mediante restos arqueolóxicos².

Todo isto, a importancia do río e a presenza romana na súa cunca, lévanos a pensar en dous posibles nomes ou hidrónimos que corresponderían ó Eume nas fontes clásicas.

Damos por feito que o golgo Ártabro ou *sinus artabris* dos textos clásicos corresponde ás rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol; anque hai autores discordantes que sitúan o golfo Ártabro na zona de Fisterra ou cabo Touriñán³.

1. Referímonos ós autores que están recollidos nas *Fontes Hispaniae Antiqua* (FHA).

Tamén outros autores como Antonio García y Bellido na súa obra *La España de nuestra era según P. Mela y C. Plinio* e outra obra como *España y los Españoles hace dos mil años según la "Geografía de Strabón"*.

Referencia especial para desenvolver este breve traballo é a obra de Ana María Romero e Xosé Manuel Pose, *Galicia nos textos clásicos*, na que fan un percorrido e comentario das diversas noticias dos autores clásicos.

2. Referímonos á vila romana de Centroña, posiblemente dedicada á salgadura de peixe. Anque está situada no río, constata a presenza romana na desembocadura do río Eume, tratada por J.M. Luengo Martínez *Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Pontedeume*. pp. 5-19.

Tamén a presenza romana no curso medio está testemuñada pola posible orixe romana da ponte sobre o río Eume que hai nas Pontes, o que nos indica que habería unha vía romana secundaria na zona.

Por último testemuñamos a presenza romana nas proximidades do río mediante o achado dunha inscrición romana referida a unha dedicación a tódolos deuses e deusas seguindo un oráculo de Apolo no santuario de Claros en Asia Menor. *Dis D(eabus)q(ue) ex interpretatione oraculi Clalri Apo(l)inis*.

3. Autores como Cuevillas en *Estudos*, pp.41 e Sulten en *Geografía y etnografía antiguas de la Península Ibérica* pp.394, sitúan o porto Ártabro na ría de Corcubión, polo tanto o golfo Ártabro tamén.

O texto que nos resulta máis revelador é o seguinte de Mela:

*In Artabris sinus ore angusto admissum mare non Augusto ambitu excipens
Adrobricam urbem et quattuor amnium ostia incigit: duo etiam inter accolentis
ignobilia sunt, per alia Ducanaris exit et Libyca.*

Mela, *Chorographia*, III, 13.

Pomponio Mela, neste texto da súa obra *Chorographia* fálanos do dito golfo dos ártabros ou Ártabro e dun gran estreitamento dentro del que pode corresponder á bocana da ría de Ferrol, abríndose despois unha ampla enseada onde estará a cidade de *Adrobricam*⁴, que diversos autores identifican coa actual cidade de Ferrol. Segue o autor dicíndonos que nesta zona desembocan catro ríos, dos cales dous non teñen importancia nin para os habitantes da zona e outros dous chamados *Ducanaris* e *Libyca*.

Son estes dous hidrónimos os que nós tentamos identificar co río Eume actual, anque non podemos dicir cal dos dous se corresponde, porque un deles ten que corresponder ó río Xubia, que é o outro maior da zona. Respecto dos outros dous insignificantes poderíamos identificalos co Belelle ou Cádavo. Un autor que tratou todo o noroeste peninsular en canto ás fontes e que xa é considerado como un clásico é Tranoy⁵; referíndose ó Eume deixa claro que nun principio se chamou Ares puidendo despois derivar cara ó hidrónimo Anaris, que ten similitude co *Ducanaris* dos textos clásicos.

Ptolomeo, xeógrafo do século II da nosa era, na súa obra *Geografía* é o que revoluciona a Xeografía establecendo un sistema de coordenadas que nos dan a latitude e lonxitude de diversas cidades, pobos, accidentes xeográficos e ríos. No seu *Libro II* non fai referencia- como xa indicamos antes- ó río Eume nin ó *Ducanaris* e *Libyca*. Os ríos que Ptolomeo cita e que están máis preto do Eume son o *Viri* e o *Mera*, identificados segundo autores⁶ cos actuais Anllóns ou Mero o primeiro e o segundo co Mero ou Mera.

Estrabón, na súa obra *Geografía*, no *Libro III*, é o autor que máis noticias nos dá do noroeste peninsular, pero no que fai referencia ó río Eume hai unha omisión ó igual que na maioría dos autores clásicos.

Plinio o Vello, na súa obra *Historia Natural* fainos referencia únicamente ós ríos Miño como *Minio*, Tambre como *Tamarico* e Limia como *flumen Limmia*. Tampouco fai referencia directa ou indirectamente ó Eume.

4. No que respecta á cidade de *Adrobricam* identifícase coa cidade de Ferrol ou arrabaldes segundo autores como Schulten *Geografía y etnografía*...p. 395. Saralegui y Medina seguindo a autores como Hübner, participan da mesma opinión. *Adrobrica*, pp.17.

5. Tranoy, A. *La Galice Romaine*, pp. 26, fai referencia ó texto de Mela, estando Monteagudo de acordo con esta interpretación respecto ao *Ducanaris* e *Xubia* e identificando este último co *Libyca*.

6. Müller identifica o *Viri* co Anllóns e para Montenegro trátase do Mero actual.


Estamos seguros da ocupación por parte dos romanos do territorio do río Eume no seu curso medio e baixo.

As noticias clásicas do territorio son indubidables, sobre todo o texto de Mela, polo tanto é moi improbable que un río de tal caudal se lles esquecese. Coidamos, ó igual que a maioría de autores que teñen tratado o tema, que o *Ducanaris* corresponde ó Eume actual.

O nome actual do río, que aparece documentado por primeira vez na idade media, pode que se implantase na alta idade media entre os séculos VI ao X.


Xa que logo, e mentres non apareza unha proba ou un documento que corrobore o que dixemos antes, podemos aceptar esta posibilidade que propón *Ducanaris* igual a Eume.


Sempre hai que deixar a posibilidade de erro, pois este é o caso da división administrativa do noroeste peninsular na época romana que queda trastocada tralo descubrimento dun edicto do emperador Octavio Augusto⁷ en Bembibre preto de Ponferrada, e onde se menciona un pacto entre un pobo e Roma, pero sobre todo ten máis importancia por facer mención dunha provincia chamada Transduriana, ata agora descoñecida, e que engloba todo o noroeste peninsular incluíndo loxicamente a cunca do río que tratamos *Ducanaris* ou Eume.



La péninsule ibérique, selon Strabon.

7. O edicto de Augusto foi publicado en prensa (*Diario de León*, Domingo 12 de decembro 1999, pp.14-15). A súa tradución é a seguinte: O emperador César Augusto, fillo do divino, na súa novena potestade tribunicia e procónsul, di: Souben por todos os meus legados que foron gobernadores (ou que tiveron o mando) da provincia Transduriana, que os habitantes do castellum Paemiobrigense, da xente dos Susarros, en oposición ao resto, permaneceron na obediencia...





Mapa do noroeste peninsular segundo *Tabula Imperii Romani* folia K-29:Porto.

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA CASTROVIEJO, F. *Bibliografía da le galicia romana*. Lugo 1977.

Corpus Inscriptionum Latinarum

Fontes Hispaniae Latinarum

-t.I *Avieno. Ora Marítima*

Schulten, A. 1955

-t.II *500 a. C.Hasta.César*

Schulten, A. 1925

- t.III *La guerras 237-154 a.C.* Schulten, A. 1935
- t.IV *Las guerras 154-72 a.C.* Schulten, A. 1937
- t.V *Las guerras 79-19 a.C.* Schulten, A. 1940
- t.VI *Estrabón. Geografía de Iberia* Schulten, A. 1952
- t.VIII *Las fuentes desde César al S.V. D.C.* Grosse, R. 1959
- t.IX *Las fuentes de época visigoda y bizantina* Grosse, R. 1947

GARCÍA Y BELLIDO, A. *La España del siglo y de nuestra era*. Col. Austral nº 744B 1947. Buenos Aires

GARCÍA Y BELLIDO, A. *Veinticinco estampas de la España antigua*. Espasa Calpe. Col. Austral nº375. Madrid 1967

GARCÍA Y BELLIDO, A. *España y los españoles hace 2000 años*. Col. Austral nº 515. 1968. Madrid.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. “Estudos sobre a Edade do Ferro no noroeste peninsular. As fontes literarias.” *Arquivos do seminario de Estudos Galegos*. VI. Pp.217-367. 1934

LUENGO MARTÍNEZ, J.M. “Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume (La Coruña).” *C.E.G.* XVIII. Pp. 5-19. 1962.

MONTEAGUDO, L. *Galicia en Ptolomeo*. C.E.G. Fasc.VIII.1947

MONTEAGUDO, L. “Mela III y Ptolomeo”. *Geografía II*, 6,4. *Emérita XV*, pp. 71-78. 1947.

MONTEAGUDO, L. “Provincia de La Coruña en Ptolomeo”. *AEA XXXVI*, pp. 91-96. 1953.

ROMERO MASIA, Ana María; Pose Mesura, Xosé Manuel. *Galicia nos textos clásicos*. Monografías urxentes do museu. 1987. A Coruña.

SCHULTEN, A. *Geografía y etnografía antiguas de la P.J.* C.S.I.C. Madrid 1959

SARALEGUI Y MEDINA, L. *Adobriga*. 1908. Ferrol.

Tabula imperri romani folla K-29: Porto. Unión académica internacional. Instituto Xeográfico Internacional. Madrid. 1991

TRANOY, A. *La Galice romaine*. 1981. París.

LA GENEALOGÍA DE LOS ANDRADE

De Castro Álvarez y López Sangil

INTRODUCCIÓN

No se puede entender la historia de Pontedeume sin una historia paralela de la casa de Andrade. Lo supo desde el primer momento don Antonio Couceiro, a la que dedicó la cuarta parte de su libro. Fue la relación de la casa de Andrade con la Villa como suelen ser todas las relaciones, de amores y desencuentros, de la que quedan los suficientes rescoldos como para que nos siga atrayendo. Comenzó con Fernando Pérez o Bóo, cuando hacía ya cien años que la Villa se había fundado junto al puente. Escribe don Antonio: *Hasta Fernán Pérez o Bóo poco interés tienen para nosotros los anteriores personajes de la casa de Andrade*. Pero la Prehistoria es también historia y, a buen seguro de que, de haber tenido nuestro historiador la oportunidad de contarla, no se hubiese excusado de forma tan diplomática.

O número de fundacións docentes e de remesas escolares indianas rexistradas ata agora en Galicia aproxímase ó cento. Pero é probable que o seu volume real fose superior a esa cifra, contabilizando o conxunto das achegas. As investigacións que se están a realizar actualmente e as que se emprendan nos vindeiros anos, revelaránno no seu día.

No que atinxe a Ferrolterra, o censo de indianos identificados que exerceron a filantropía docente ascende a sete: Francisco Sabín Teijeiro, que en 1921 doou ó concello de Narón un edificio provisto de mobiliario e material didáctico para alberga-la escola de nenas da parroquia de San Estevo de Sedes¹³; Manuel García, que logo de adquiri-la casa familiar dos seus ascendentes de Anca (Neda) cedeuna tamén á parroquia nativa para instalar nela a escola da Torre; Francisco Vizoso Cancela, que en 1929 erixiu o grupo escolar “Santiago Apóstol” de Franza (Mugardos); Gaspar Vizoso Cartelle, que en 1931 sufragou a construción do edificio para a escola nacional de Seselle, facéndolle entrega do inmovible ó concello de Ares; e Eugenio Durán López, clérigo natural de Viveiro que exerceu o seu ministerio na igrexa de San Xulián de Ferrol, antes de trasladarse a México, e á altura de 1942 legou por vía testamentaria unha partida económica para as escolas gratuítas da cidade departamental. A estes cinco filántropos que actuaron a título particular cabe engadir alomenos dous máis que vehicularon o seu mecenado educativo por vía societaria. O primeiro deles foi Juan Varela Grande, Presidente das Sociedades “Naturales de Fene”, “Naturales de Galicia” e do Centro Galego da Habana, quen entre outras moitas doazóns que fixo para fins benéficos e académicos, segundo parece, contribuíu de forma decisiva a financia-la construción do Grupo Escolar de Limodre¹⁴, se ben a obra pode catalogarse como realización corporativa pola entidade que a promoveu. O segundo destes filántropos, Agustín Bendamio Leiro, canalizou as súas achegas monetarias cara á “Alianza Aresana”, e a el débese en boa medida a edificación do pavillón destinado a aula de nenas e do corpo central das escolas do Porto de Ares.

Todos estes indianos, agás Eugenio Durán, estiveron emigrados en Cuba e todos eles tamén engrosan a nómina dos pertencentes ó século actual. Non temos constancia de que na comarca de Ferrolterra houbera protectores indianos da ensinanza en séculos anteriores, como ocorreu noutras áreas da xeografía galega. Pero, como xa dixemos, a investigación sobre a materia non se atopa aínda concluída e, xa que logo, pode depararnos novos achádegos.

Retomando a perspectiva panorámica do tema, no conxunto de Galicia a etapa de maior eclosión fundacional corresponde ó período comprendido entre os anos crepusculares do século XIX e o primeiro tercio do XX. E o ciclo máis decadente e regresivo inscíbese nos tres primeiros

13. Véxase a escritura de doazón no Apéndice I deste traballo.

14. Véxase Apéndice II

cuartos do pasado século, secuencia na que se suceden de forma case encadeada no tempo unha serie de acontecementos que teñen como escenario bifronte os espazos onde se xeraba e substanciaba a munificencia indiana (Guerra da Independencia, Guerras Carlistas, Desamortización, emancipación da metrópole das antigas colonias americanas, neutralización e repregue dos fluxos migratorios, etc.). Tales acontecementos actuaron como factores perturbadores, inhibidores ou disuasorios da filantropía particular e moi especialmente da que agromaba alén do Atlántico.

Se ata aquí nos viñemos referindo ás fundacións docentes e remesas escolares dos indianos como unha realidade unitaria, homoxénea e indiferenciada, antes de continuar cómpre matizar así e todo que as achegas efectuadas por estes doadores presentan unha grande heteroxeneidade interna no tocante á súa dotación económica, ó seu desglose sectorial e ó seu destino concreto. Polo que se refire á súa dimensión financeira, atopámonos dende moi modestas contribucións para a compra de material escolar ou para a concesión de premios (Eugenio Durán López [Ferrol], Fidel Villasuso Espiñeira [Ortigueira], Claudio López [Lugo]), ata apreciables fortunas que unhas veces en forma de legado testamentario e outras de doazón en vida se transfiren ou invisten directamente, destinándoas á implantación e o sostemento de varios centros académicos (Fernando Blanco de Lema [Cée], Irmáns García Naveira [Betanzos], José García Barbón [Verín e Vigo], Belarmino Fernández Iglesias [Rosende, Sober], etc.). En canto ó seu desglose e destino, subliñar tan só que moitas das adxudicacións materializáronse nunha única realización, mentres que outras deron lugar a varias iniciativas escolares distintas, a maioría delas cinguidas ó nivel correspondente á instrución primaria ou elemental e, de cando en vez tamén, á ensinanza técnico-profesional que como eivas de maior calado percibidas dende a distancia e adoito tamén padecidas antes de partir, os indianos procuraban paliar ou optimizar para satisfacer as propias aspiracións e, canda elas, as necesidades formativas dos seus conveciños.

Cabería agora preguntarse cales foron os móbiles que impulsaron a estes filántropos a intervir no campo escolar.

Ó noso entender pódense invocar dous tipos de motivacións explicativas do seu comportamento: unhas comúns para todos e permanentes no tempo –anque actualizadas segundo as necesidades e circunstancias de cada momento–, e outras específicas e variables consonte os individuos e as épocas. Entre as primeiras hai que citar unha estimación valorativa de signo positivo acerca da educación e das súas múltiples virtualidades, así como unha tendencia filantrópica, altruísta e caritativa na práctica totalidade dos benefactores, que arelaban ofrecerlles ós seus coparroquianos máis novos as oportunidades de formación das que moitos deles careceran para abrirse camiño de maneira máis doada na vida. E entre as segundas cómpre mencionar: a devoción relixiosa, que semella acentuarse conforme retrocedemos no tempo e loxicamente mingua a medida que o proceso secularizador cala na sociedade; as expectativas de obter unha rendibilidade social e/ou económica (inmediata ou diferida), esta última –no caso galego– sobre todo en termos de utilidade colectiva; o desexo de permanencia trala morte na memoria dos propios conveciños; a necesidade psicolóxica de expiar ou purgar sentimentos de culpabilidade por conductas desordenadas ou licen-

ciosas e, de cando en vez, se cadra tamén o afán de recoñecemento, protagonismo e ostentación, pero entendido este non como desviación ou malévola perversidade, senón máis ben como síntoma ou indicio dunha vaidade humana que precisaba ser satisfeita e alimentada dalgún xeito. Así e todo, calquera que fosen as motivacións concretas que uns ou outros tiveran, o que as remesas dos indianos revelan principalmente –e isto resulta válido tanto para as que teñen como beneficiarios ós seus familiares como para as que se transfiren ou destinan a favor do conxunto da veciñanza– é o mantemento dos vínculos de unión dos doadores coa Terra, uns vínculos tan rexos e vigorosos que nin sequera a experiencia sempre traumática da emigración é capaz de esgazar ou tronzar.

Non imos estendernos máis na análise desta variante de intervención individual, que certamente merece e require un tratamento monográfico e de maior fondura, sendo ademais como é un tema atractivo, susceptible de variados enfoques e moi fecundo polas múltiples vertentes de indagación que presenta.

Pero para non desvirtua-lo título do traballo, cómpre que nos deteñamos xa na segunda modalidade de intervención escolar antes enunciada, pois malia a súa inferior duración é a que rexistra maior volume de realizacións. Esta segunda variante interventora, a diferencia da xa coñecida, adopta carácter colectivo. E para que chegue a materializarse será necesario que agrome e tome corpo previamente outro proceso de singular transcendencia e significación para a Galicia emigrada e mesmo tamén para a metropolitana, polas implicacións que andando o tempo nela ten. Trátase da organización comunitaria dos galegos no exterior.

ORGANIZACIÓN COMUNITARIA E INTERVENCIÓN ESCOLAR

A xénese deste proceso remóntase ás décadas centrais do século XVIII, e de maneira cronolóxica e territorialmente discontinua prosegue na súa primeira fase de desenvolvemento ata os anos aurorais do XIX. Neste ciclo, que cabería denominar protohistórico –encadrado historiograficamente no Antigo Réxime e no período Colonial– toman corpo en América diversas entidades de índole patronal-relixiosa como a “Congregación del Apóstol Santiago” (México, 1741/1768)¹⁵, a “Congregación de Naturales y Originarios del Reino de Galicia” (Buenos Aires, ca. 1790)¹⁶ e a “Santa Hermandad de Santiago el Mayor, Patrón de las Españas” (A Habana, 1804)¹⁷, posiblemente todas elas –e quizabes algunhas outras– filiais da “Real Congregación de Naturales y Originarios

15. VÉXASE SOTO PÉREZ, J. L.: *A Real Congregación dos Naturais e Orixinarios do Reino de Galicia en México. Noticia histórica e breve escolma documental (1768-1842)*. Santiago de Compostela, Ponencia de Cultura Galega no Exterior do Consello da Cultura Galega, 1997.

16. VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*. Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1966, tomo I, pp. 360-361.

17. PEÑA SAAVEDRA, V.: “Asociacionismo e acción educativa dos galegos de Cuba”. Relatorio presentado no Congreso *O significado do 98 na historia cubana e española. A súa transcendencia nas relacións Galicia-Cuba*. Vigo, 5-7 de febreiro de 1998, pro ms.

del Reino de Galicia”, constituída en Madrid en 1740 e autorizada por Real Cédula ó ano seguinte¹⁸. Non obstante, haberá que agardar ata o derradeiro tercio do pasado século para que a dinámica de vertebración comunitaria dos galegos alén mar calle, se afiance e acade continuidade sostida, chegando ata os nosos días.

Os modelos organizativos que lles serven de matriz ós galegos no mundo da emigración concordan ou harmonizan coas principais unidades de asentamento e territorialidade preexistentes na metrópole, que se trasladan simbolicamente e se recrean de maneira mimética en terras transoceánicas. De acordo con este criterio, os emigrantes galegos artículanse de forma estable e con propósitos de permanencia en entidades de tres niveis diferenciados que emerxen nunha cadencia sucesiva de corenta anos e máis tarde chegan a ter coexistencia simultánea.

O primeiro nivel corresponde ás Sociedades de dominio macroterritorial, que agrupan e acollen ós ausentes de todo o país. O segundo ás de cobertura microterritorial ou local, con diversas gradacións internas que van dende a aldea ata a comarca. E o terceiro, intermedio entre os outros dous, é o propio das Sociedades de alcance mesoterritorial ou provincial.

Na orde cronolóxica, as primeiras entidades que fan a súa aparición son as ámbito macroterritorial. E a decana delas segue aínda hoxe en activo. Trátase da “Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia”, que se acordou fundar na Habana o día de fin de ano de 1871. Con ela comeza a historia, propiamente falando, do asociacionismo galego en América. As iniciativas anteriores, xa que logo, non cabe máis que consideralas como experiencias protohistóricas, encadradas na etapa preconfigurativa da organización comunitaria no exterior.

De tódalas institucións adscritas ó nivel macroterritorial, sen dúbida, as de maior sona, representatividade e influencia foron os Centros Galegos. Os tres primeiros quedaron constituídos, curiosa pero non fortuita nin accidentalmente, no decurso do ano 1879 en Bos Aires, Montevideo e A Habana. Coa fundación destes tres Centros, ós que cómpre engadir pola súa sincronía o de Corrientes, fan a súa entrada na historia do asociacionismo galego de América e da emigración as Sociedades de Instrucción e Recreo, pois un e outro eran os dous cometidos básicos e primordiais, nas súas orixes, destes primeiros Centros¹⁹, se ben co paso do tempo algúns irían incorporando outras finalidades e prestacións, como a atención sanitaria, que lles darían gran renome e prestixio dentro e fóra dos seus respectivos países de asentamento.

No campo educativo, o labor dos Centros orientouse fundamentalmente á apertura de aulas e ó establecemento de clases para, cando menos, alfabetizar ou dotar duns mínimos rudimentos cul-

18. Véxase FERNÁNDEZ-VILLAMIL ALEGRE, E.: *Juntas del Reino de Galicia. Historia de su nacimiento, actuaciones y extinción*. Madrid, Instituto de Estudios Políticos, 1962, tomo I, pp. 335-355.

19. Convén matizar que a intencionalidade de intervir na área educativa aparece xa contemplada nas Constitucións das Congregacións ou Confrarías do Antigo Réxime, pero polo que parece non se chegou a consumir.

turais e tamén dalgunhas destrezas profesionais ou ocupacionais ós adultos emigrados que carecían de instrución. A eles foron destinadas con preferencia as primeiras ensinanzas que se implantaron. A traxectoria diferencial de cada un dos Centros condicionou a súa actividade académica. O de Bos Aires tivo unha vida moi accidentada e relativamente efémera, pois na súa primeira andaina non pasou do ano 1892, aunque logo rexurdiu a partir de 1907 proseguindo deica o presente. O de Montevideo chegou ata os nosos días, pero quedou moi estancado dende o ano 1917 co gallo dunha escisión na colectividade galega da banda oriental do Río da Prata, escisión que daría lugar ó nacemento da Sociedade máis grande e próspera daquel país, como é na actualidade a “Casa de Galicia”. E o da Habana foi indiscutiblemente o que acadou maior resonancia e rexistrou superiores realizacións²⁰. O seu colexio –denominado dende 1906 “Plantel de Enseñanza Concepción



Placa en honra de Juan Varela Grande e esposa, nas dependencias da Sociedade de Beneficencia “Naturales de Galicia” (A Habana). A dereita, busto de Concepción Arenal á entrada do antigo Plantel Escolar do Centro Galego da Habana. Abaixo, a primeira sede social do Centro Galego na capital cubana, onde se estableceu dito Plantel.



20. Sobre estas entidades véxase a nosa obra xa citada *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar...*, vol. I, pp. 355-382 e as fontes e bibliografía nela referenciadas.

Arenal”, en memoria da ilustre escritora e penalista ferrolá- inaugurou as clases en 1880 cun total de 109 inscricións distribuídas en sete materias eminentemente instrumentais e utilitarias: *Escritura, Lectura, Aritmética, Francés, Inglés, Teneduría de Libros e Gramática Castelá*. Non hai constancia de que se anotara ninguén en asignaturas como *Relixión e Moral, Historia Universal e particular de España e Xeografía Universal e particular de España*, que por aquelas datas tamén se ofertaban. Cinco anos despois da apertura do Colexio (curso 1885-86) a matrícula ascendía xa a 790 rexistros, e no curso 1894-95 acadaba os 1.883. Como cómputo globalizador cabe sinalar que á altura do ano 1909 tiñáanse formado xa nas súas aulas preto de 30.000 alumnos, entre nenos e adultos, frisando as inscricións a cifra das 3.700 no curso 1913-1914 e superando lixeiramente o número de estudantes os dous milleiros. A partir do ecuador da segunda década deste século o volume da matrícula experimentou diversas fluctuacións. En 1916 situábase en pouco máis dos 1.400 suxeitos, en 1921 sobrepasaba xa os 2.400, en 1928 franqueara o umbral dos tres milleiros, en 1937 descendera a 2.775 e en 1940 de novo superaba levemente os 3.000 asentamentos.

Os servizos educativos que brindaba este Centro fóronse diversificando e ampliando co paso dos anos – de acordo coas demandas, necesidades e preferencias do corpo social e tamén coas ofertas e prioridades do mercado laboral-, ata chegar a ter en funcionamento clases de *Preescolar e Instrucción primaria graduada* para alumnos de ambos sexos; clases especiais de *Inglés, Caligrafía, Corte e Confección, Bordado, Labores, Mecanografía e Taquigrafía; clases nocturnas de adultos*, cunha marcada orientación mercantil; *cursos preparatorios para o ingreso nos Institutos de Bacharelato e nas Escolas Superiores, e ensinanzas artísticas* sectorializadas en tres ramas: *Plástica, Declamación e Música*. Esta última, á súa vez, desglosada en distintas especialidades instrumentais e co rango de Conservatorio nacional segundo o recoñecemento que no seu día lle outorgou o Ministerio de Educación cubano²¹.

Ademais dos Centros houbo e hai outras institucións galegas de América que viñeron intervinando no decorrer das décadas no ámbito educativo. En Arxentina, por exemplo, o *Orfeón Gallego*, a *Agrupación Artística Gallega*, a *Casa de Galicia*, a *Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales*, primeiro, e máis tarde o *Centro Lucense*, o *Instituto Argentino de Cultura Gallega*, a *Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (A.G.U.E.A.)*, a *Asociación Argentina de Hijos de Gallegos* e o *Centro Galicia*, este último produto da fusión dos catro Centros provinciais. En Montevideo a Casa de Galicia, a través do seu *Instituto Manuel Curros Enríquez*, aínda actualmente en activo, e o *Patronato da Cultura Galega*. En Venezuela a *Hermandad Gallega de Caracas* por medio do seu *Colexio Castelao*. E noutros países algunhas das Sociedades mutualistas e culturais máis representativas da emigración galega, anque parte delas -como as establecidas en Brasil- cun radio de cobertura panhispánico. A última experiencia nesta área vén de comeza-la

21. Para un seguimento máis detallado da actividade educativa do Plantel Concepción Arenal véxase *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar...*, citada, vol. I, pp. 420-434. E o traballo, tamén da nosa autoría, “Plata, cultura y etnicidad. Funciones sociales y referentes curriculares de una experiencia educativa para emigrantes en el Caribe: El Centro Gallego de La Habana (1879-1900)”. En *El currículum: historia de una mediación social y cultural*. Granada, Ediciones Osuna, 1996, pp. 473-482.

súa andaina hai moi pouco tempo, concretamente no pasado mes de marzo deste mesmo ano (1998) en que se inaugurou o *Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires* baixo a tutela da *Fundación Galicia-América*. Outras iniciativas semellantes atópanse xa en fase de estudio en distintos países de Latinoamérica. Por outra banda cabe indicar que, dende mediados do segundo lustro dos 80 e co patrocinio da Xunta de Galicia, véñense impartindo nas sedes das Sociedades de alén mar diversos cursos de lingua, literatura, historia e cultura galegas, destinados ós emigrantes e ós seus descendentes. Ditos cursos complementáanse con outras actividades formativas que promove e financia a Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas de forma autónoma ou compartida.

En suma, do exposto ata aquí despréndese que a intervención comunitaria dos emigrantes galegos no eido escolar materializouse e desenvolveuse inicialmente nos seus lugares de destino e asentamento, polarizándose cara ó segmento de poboación emigrada, que era tamén o que reclamaba con maior premura un tratamento educacional para abrirse camiño de maneira máis doada no competitivo mercado laboral das urbes americanas que se ían ateigando de xente por mor do aluvión migratorio.

Pero a acción colectiva dos galegos ausentes no sector escolar non rematou aquí, nin quedou cinguida exclusivamente, como veremos, ó espazo territorial da emigración.

Dende o abrente do noso século, e en moitas ocasións no seo das dependencias dos propios Centros, comezaron a agromar e rebulir pequenas e ás veces minúsculas Sociedades de Instrucción de cobertura parroquial, municipal ou comarcal que tiñan por obxecto en común contribuír á difusión do ensino nas súas respectivas localidades de referencia, que eran tamén os lugares de onde proviña a maioría dos compoñentes que nutrían a súa masa social. Algúns anos despois, xa contra o remate da primeira década do século, toman corpo así mesmo as Sociedades provinciais, algunhas delas con finalidades instructivas, pero que tiveron moita menor proxección na Galicia interior que as microterritoriais.

Polo que atinxe a estas últimas, podemos dicir que configuran unha terceira vía onde conflúen dous modelos diverxentes de intervención: un individual e outro colectivo. Aquele orientado cara á metrópole e este, nas súas orixes, cara á Galicia exterior. Coa aparición das Sociedades de Instrucción microterritoriais, os dous modelos fúndense sincreticamente nun novo e cristaliza a intervención escolar colectiva dos emigrantes nos seus lugares de procedencia.

En 1904, coa constitución da *Alianza Aresana de Instrucción* na Habana e a apertura do seu primeiro colexio en Ares iníciase este proceso, ó que porá fin de forma case xeralizada e nalgúns casos dun xeito traumático, mutilante e devastador a Guerra Civil de 1936 coas súas truculentas e despiadadas derivacións represoras posbélicas. Así e todo, varios anos antes da contenda fratricida moitas destas institucións entraran xa nunha fase de recesión e declive que endexamais conseguiron remontar, mentres que outras –moi poucas, entre elas a *Alianza Aresana* e *La Aurora* de

Somozas- nos tempos da posguerra aínda promoveron algunha actuación escolar illada da que se beneficiou o novo Estado.

Dende o ano 1904 ata o 1936 entre 400 e 450 Sociedades Galegas de Instrucción fundáronse en América, a maioría delas nas Repúblicas de Arxentina e Cuba²². Tal frondosidade e exuberancia societaria configura un dos feitos máis salientables na historia da Galicia emigrada e, polo que ata agora sabemos, sen parangón noutras colectividades étnicas de arraigada e caudalosa tradición migratoria transoceánica. Un feito que, por certo, suscitou reaccións e valoracións de moi diferente ton e cariz e que, obviamente, se atopa en sintonía coa estrutura do hábitat e a distribución territorial da poboación en Galicia.

Os orixinarios de Ferrolterra e dos seus contornos fronteirizos constituíron da outra banda do mar e, excepcionalmente, no propio solar co apoio dos ausentes as seguintes entidades de carácter instructivo –alomenos nos seus primeiros tempos- que, a efectos exclusivamente sistematizadores, agrupamos por concellos de referencia, aínda cando algunhas delas tiveran un ámbito de cobertura inferior e outras superior ó municipio, como adoito resulta doado inferir das denominacións identificativas que adoptan:

ARES

☞ *Alianza Aresana de Instrucción* (A Habana, 1904, se ben os seus antecedentes parece que se remontan xa ó ano 1892). É a decana das Sociedades Galegas de Instrucción de ámbito microterritorial²³.

☞ *Agrupación Instructiva de Redes y Caamouco* (A Habana, 1911).

☞ *Centro Instructivo de Cervás*. Sociedade de Instrucción, Protección e Recreo (Cervás, ca. 1922). Recibiu axuda financeira dos emigrados da parroquia establecidos en Estados Unidos e Cuba.

MUGARDOS

☞ *Unión Mugardesa de Instrucción* (A Habana, 1909).

☞ *Sociedad Mugardesa de Instrucción y Beneficencia* (A Habana, 1926). Primeira rama resultado da escisión da corporación anterior.

☞ *Sociedad Juventud Mugardesa* (A Habana, 1926). Segunda rama produto da división da entidade matriz.

22. Para o censo levantado en 1990 véxase a nosa obra xa citada *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar...*, vol. I, pp. 462-483 e vol. II, pp. 397-428. Máis recentemente, Xosé M. Núñez Seixas realizou un amplo e meritorio labor de reconto de tódalas Sociedades galegas de cobertura microterritorial na emigración, chegando a rexistrar 484 entidades, a maior parte delas con finalidades instructivas. Véxase NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Emigrantes, caciques e indios. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*. Vigo, Edicións Xerais, 1998, pp. 90-96.

23. A Acta de constitución da Xunta Permanente desta Sociedade pode verse en PEÑA SAAVEDRA, V.: “As Sociedades Galegas de Instrucción: proxecto educativo e realizacións escolares”. *Estudios Migratorios*. Nº 1, decembro de 1995, pp. 62-64.



Panteón da Sociedade Mugardesa de Instrucción e Beneficencia (AHabana).

Grupo escolar da “Unión Mugardesa de Instrucción”.

☞ *Unión Mugardesa de Beneficencia y Recreo* (A Habana, 1946). Entidade resultante da reunificación das dúas asociacións escindidas en 1926. Non ten xa finalidades instructivas como evidencia o seu nome.

☞ *Mugardos y su comarca* (A Habana, 1920).

☞ *Institución Escolar de Franza y Seijo* (A Habana, 1921).

FENE

☞ *Naturales del Ayuntamiento de Fene*. Sociedade de Instrucción e Recreo (A Habana, 1910).

☞ *Comité de La Habana “Pro Escuela de Limodre”* (A Habana, ca. 1924). Colaborou coa Sociedade de Instrucción *Hijos de Limodre* (Limodre, 1925) na construción do grupo escolar da parroquia.

FERROL

☞ *Ferrol y su comarca*. Sociedade de Instrucción e Fomento Agrícola e Industrial (A Habana, 1909). Constitúese trala disolución da *Juventud Ferrolana* (1908), fundada para organiza-lo recibimento dos tripulantes do buque-escola *Nautilus*. O seu radio de cobertura territorial abranguíu os concellos de Ferrol, Serantes, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño e Moeche. En 1930 reorienta as súas finalidades, figurando como “Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia”. E en 1946 abandona o fin para o que orixinariamente fora creada, transformándose en “Sociedad de Beneficencia y Protección Mutua”.

SAN SADURNIÑO

☞ *Sociedade Pro Escuela de Ferreira* (Buenos Aires / Montevideo, 1915).

MOECHE

☞ *Naturales de Moeche* (A Habana, en vías de constitución en 1908). Debeu de ter unha vida moi efémera, desaparecendo probablemente ó fundarse *Ferrol y su comarca* que, como queda dito, estendía o seu radio de acción ata o concello de Moeche.

CERDIDO

☞ *Regeneración*. Asociación Benéfica de Instrucción de Cerdido (A Habana, 1907).




Representantes de "Hijos del Ayuntamiento de Cerdido" (AHabana)


Recibo social reciente de "Ferrol y su comarca".



Emblema de "Pila Ancha" de Cerdido (AHabana).



Fachada da escola de Moeche, de "Ferrol y su comarca".





Recibo social de "La Aurora de Somozas".



Logotipo de "La Aurora de Somozas" (A Habana).

Proxecto do edificio de A Garita, da Sociedade "La Aurora de Somozas".



Plano de planta da escola de A Garita, de "La Aurora de Somozas".

☞ *Pila Ancha* (A Habana, 1907). Os seus antecedentes, segundo algunhas fontes, remóntanse ó ano 1901.

☞ *Hijos del Ayuntamiento de Cerdido* (A Habana, ca. 1931).

☞ *Juventud de La Barquera* (A Habana, ca. 1923-24).

CEDEIRA

☞ *Hijos del Ayuntamiento de Cedeira*. Sociedade de Instrucción e Beneficencia (A Habana, 1921). En 1940 figura como “Sociedad de Instrucción y Socorro”.

☞ *Progreso de Esteiro* (A Habana, 1921).

A CAPELA

☞ *Hijos del Ayuntamiento de Capela*. Sociedade de Instrucción, Recreo e Protección ó Asociado (A Habana, 1928).

SOMOZAS

☞ *La Aurora de Somozas*. Sociedade de Instrucción (A Habana, 1909). A partir do ano 1933 amplía o seu obxecto converténdose en “Sociedad de Instrucción y Beneficencia”. As primeiras tentativas de fundación desta entidade arrancan, ó parecer, do ano 1901.

CABANAS


☞ *Sociedad de Instrucción Luz de América* (A Habana, 1911/1916), fundada polos fillos de Cabanas, Porto e Laraxe.

PONTEDEUME

☞ *Sociedad Protectora de los Hijos de Puente deume y su comarca residentes en las Américas* (A Habana, 1911).

☞ *Puente deume y su Partido Judicial*. Sociedade de Instrucción e Beneficencia (A Habana, 1927). Reorganización da anterior entidade. En 1934 transfórmase en “Sociedad de Beneficencia y Recreo”.

Xunta xeral de “Puente deume y su Partido Judicial” (AHabana, 1951).
Abaixo, escudo desta agrupación.



☞ *Hijos del Partido de Puertedeume* (Avellaneda, 1913).

☞ *Unión Puertedeume y su Partido Judicial* (Buenos Aires, 1914).

En total 27 asociacións, das que 23 tiñan a súa sede central establecida na Habana, en consonancia co lugar preferente de destino e asentamento da maioría dos emigrantes da comarca. Destas entidades seguen a existir na actualidade 7, todas elas na capital antillana, e as súas finalidades hoxe son de tipo recreativo e maiormente benéfico-mutualista.

Voltando á perspectiva panorámica do conxunto de Galicia, cómpre indicar que a dinámica societaria dos ausentes acadou un elevado grao de difusión e espallamento por todo o país. Disto dá idea o dato de que ó redor do 75% dos concellos galegos contaron con algunha destas institucións que os representara en América, se ben a súa actuación escolar non chegou a callar en todos eles.

Resulta pertinente agora preguntarse ¿cales foron as realizacións destas entidades?

As realizacións das Sociedades de Instrucción foron certamente numerosas e heteroxéneas. Pero entre todas elas sobrancean polo seu volume e novidade as coñecidas como *Escolas de Americanos*. Isto é, os centros de ensino creados e financiados polas respectivas corporacións, que nuns casos viñan palia-las eivas que rexistraba a rede escolar pública en Galicia e noutros mesmo configuraban unha alternativa renovadora e superadora fronte a moitos dos colexios de titularidade pública e tamén de iniciativa privada entón existentes por todo o país. Segundo proclamaban algunhas asociacións, o seu obxectivo cardinal concretábase en implantar unha nova escola na Galicia rural distinta ó modelo hexemónico naquel contexto. Así precisamente se expoñía con claridade meridiana dende as páxinas do *Boletín* de “Ferrol y su comarca”:

*Aspiramos a establecer y sostener una escuela modelo en cada municipio de la comarca ferrolana: escuelas dignas de nuestra tierra y de nuestro siglo, modeladoras de hombres fuertes, cultos, libres y bondadosos. Queremos que en ellas entren a raudales la luz y la alegría, y con la alegría y la luz, cuanto de arte, ciencia, salud y amor, podamos llevar a esos pequeñuelos, que deben ser los precursores de una nueva Era, de una Humanidad*²⁴.

E nesta mesma liña argumental, noutra das publicacións da propia Sociedade podía lerse:

*Necesitamos de la escuela, pero de la escuela antípoda a la que conocemos; nuestra escuela será la escuela moderna científica, basada en los profundos estudios del día*²⁵.

24. NEIRA, R.: “Lección de patriotismo”. *Boletín de Ferrol y su comarca*. Nº 5, 1 de julio de 1911, pp. 3-4.

25. *Manifiesto de Ferrol y su comarca a sus conterráneos de América*. Habana, Imprenta El Siglo XX de Aurelio Miranda, 1911, p. 13.

En toda a comunidade galega, as Sociedades de Instrucción abriron e sostiveron uns 225 colexios, con 326 aulas, das cales 280 instaláronse en 177 edificios de nova construción ou rehabilitados para cumprir funcións docentes. As entidades con sede en Cuba promoveron uns 150 establecementos académicos con 224 aulas que se albergaron en 112 inmobles de nova ou remozada factura. A estas cifras habería que engadir as relativas ó cómputo -sen dúbida moi considerable, pero de momento indeterminado- de accións emprendidas polos ausentes, organizados de forma estable ou ocasional, a prol das escolas públicas dos seus contornos de referencia.

Os datos numéricos que estamos a manexar son aínda provisionais, anque sospeitamos que moi aproximados á realidade. De todos modos, só dispoñemos do reconto definitivo das actuacións promovidas na área que nos ocupa, unha vez concluídos os diversos estudos comarcais que nestes momentos están en fase de execución, e canda eles tamén unha investigación de campo sobre a arquitectura escolar dos emigrantes que proximamente se vai acometer.

Como máximas beneficiarias deste labor fundacional figuran as provincias da Coruña e Lugo, ocupando o último lugar Ourense. E a escala comarcal sobresaen as Mariñas coruñesa e luguesa (franja costeira de Sada a Ribadeo), a Terra Chá co epicentro do concello vilalbés, A Estrada, a comarca do Deza e, finalmente, a zona suroccidental da provincia de Pontevedra (o Baixo Miño e os seus concellos limítrofes).

As Sociedades de Instrucción de Ferrolterra ergueron e, no seu caso, sostiveron os seguintes centros escolares que presentamos distribuídos por circunscripcións municipais:

ARES

☞ Escola de nenos da *Alianza Aresana de Instrucción*. Inaugurada en 1904 en edificio provisional. Trasládouse en 1908 ó primeiro pavillón do Grupo escolar do Porto, onde se impartiron dende 1910 tamén clases nocturnas de segundo grao para mozos que superaban a idade escolar regulamentada oficialmente. O centro mantívose en activo a expensas da Sociedade titular ata o ano 1932. O segundo pavillón para escola de nenas rematouse en 1925. E o corpo central do inmoble en 1936, séndolle cedido todo el ó concello para escola graduada.

☞ Escolas do Lago para nenas da *Alianza Aresana de Instrucción*. Provistas de dúas aulas. A obra de fábrica quedou concluída no ano 1955.

☞ Edificio social do Campanario do *Centro Instructivo de Cervás* (1929), adicado a actividades recreativo-culturais ata a súa incautación en 1936. Nos anos da posguerra foi habilitado para Escolas nacionais.

☞ Colexio da *Agrupación Instructiva Redes-Caamouco*, inaugurado en 1915. Provisto dunha aula de nenos que levaba o nome de “Gaspar Rodríguez” e doutra de nenas denominada “Rosalía de Castro”.

MUGARDOS

- ⌘ Escola de nenos da *Unión Mugardesa de Instrucción*, inaugurada en local alugado en 1910. En 1914 xa dispoñía de dous profesores. A partir de 1922 a Sociedade acometeu o levantamento do Grupo escolar de Catro Camiños, que remataría varios anos despois, sendo inaugurado en 1929.
- ⌘ Escolas da *Institución Escolar de Franza y Seijo*, dotadas de dúas aulas. Tramitada a solicitude de apertura en 1927.

FENE

- ⌘ Escolas “Concepción Arenal” de Fene e “Curros Enríquez” de Maniños, da Sociedade *Naturales del Ayuntamiento de Fene*. Provistas cada una delas de dúas aulas, inauguradas en 1916. En 1934 os edificios fóronlle cedidos ó concello para ser destinados a escolas nacionais.
- ⌘ Grupo escolar de Limodre, da Sociedade de Instrucción *Hijos de Limodre*. Consta de dúas aulas que en 1927 lle foron ofertadas ó concello para instalar nelas as escolas nacionais da parroquia. Tamén dispón de vivendas para os mestres.

SAN SADURNIÑO

- ⌘ Escolas “Buenos Aires” do lugar de Seara (Ferreira de Abaixo), con dúas aulas. Construídas pola Sociedade *Pro Escuelas de Ferreira* (1915 e ss.).
- ⌘ Escolas “Montevideo” do lugar de A Leiriña (Ferreira de Arriba), con dúas aulas. Edificadas pola Sociedade *Pro Escuelas de Ferreira* (1915 e ss.).

MOECHE

- ⌘ Escolas de Cruz da Barcia, erixidas pola Sociedade *Ferrol y su comarca*. Dotadas de dúas aulas que foron inauguradas en 1922.

CERDIDO

- ⌘ Escolas do Castro, construídas pola Sociedade de Instrucción e Beneficencia *Hijos del Ayuntamiento de Cerdido* en 1932 e distribuídas internamente en dúas aulas.
- ⌘ Escolas de A Barqueira da Sociedade de Instrucción e Beneficencia *Hijos del Ayuntamiento de Cerdido*, provistas de dúas aulas que foron inauguradas en 1932.

CEDEIRA

- ⌘ Escolas de San Cosme de Piñeiro, da Sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Cedeira*. Con dúas aulas, inauguradas en 1924.
- ⌘ Escola dos Lagos (Montoxo), promovida pola Sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Cedeira*. Dúas aulas.
- ⌘ Escolas de San Fiz de Esteiro, dotadas de dúas aulas. Iniciativa da Sociedade *Progreso de Esteiro*, 1924.
- ⌘ Escolas da Laxe, erixidas pola Sociedade *Progreso de Esteiro*. Constan de dúas aulas, abertas en 1931.

SOMOZAS

☞ Dúas escolas itinerantes polas parroquias do concello, con docencia temporal alterna e sucesiva en cada unha delas durante un período de tres a seis meses. A primeira estableceuse en As Somozas e Recemel e a segunda en Enchousas e Seixas. Promovidas e financiadas por *La Aurora de Somozas*.

☞ Escolas de A Garita. A súa construción foi rematada a mediados da década dos 50 coas aportacións dos socios de *La Aurora de Somozas*.

CABANAS

☞ Edificio escolar de San Martiño do Porto da Sociedade *Luz de América*. Rematado en 1929. Dotado de tres aulas e destinado a partir de 1933 a albergue de verán para nenos acollidos polo Padroado de Cantinas e Colonias Escolares de Ferrol.

En suma, o reconto global de centros educativos de iniciativa societaria na comarca de Ferrolterra e o seu contorno ascende a 22 escolas, provistas de 43 aulas e a un patrimonio arquitectónico cifrado en 20 edificacións de nova factura. Certamente, en poucas zonas de Galicia se acadou un caudal de realizacións tan elevado, e moito máis abundante puido ser aínda se tódalas iniciativas proxectadas chegasen a prosperar.

Retomando de novo a perspectiva global, hai que puntualizar, sen embargo, que a implantación das Escolas de Americanos non se acomodou a un patrón unitario senón que adoptou tres variantes alternativas. De acordo coa primeira, a respectiva Sociedade asumía integralmente as funcións de financiamento, dotación, administración, supervisión e control dos Centros escolares, que adquirían a condición de colexios privados. A segunda concretábase en proporcionar-las Sociedades o capital necesario para custear-la infraestrutura dos establecementos docentes, sendo competencia da Administración pública o nomeamento e a remuneración do profesorado. E a terceira, que era a menos gravosa para os emigrantes, limitábase a contribuír cunha partida monetaria variable á creación dun novo plantel académico.

Unha das vertentes da institución escolar á que lle conferiron preferente atención as Sociedades, polarizando cara a ela dende o principio os máximos esforzos, foron os edificios destinados a acoller-los seus colexios, sen dúbida como solución alternativa e de contraste diante das carencias infraestruturais que presentaba a rede escolar en Galicia. Moitas corporacións, como xa quedou dito, construíron casas-escola de nova planta. Outras, que polas súas reducidas dispoñibilidades económicas non puideron acometer obras desta envergadura, rehabilitaron no canto inmoables xa existentes, acondicionándoos adecuadamente para a función que estaban destinados a cumprir.

Os modelos arquitectónicos que adoptan non son, así e todo, miméticos e uniformes, senón que se acomodan a unha variada tipoloxía, aunque con elementos identificativos e referenciais comúns que permiten distingui-los doutras construcións e recoñecer en case todos eles a pegada

inequívoca do emigrante transoceánico, como ben se pode comprobar contemplando os espaxios á beira dos camiños de Ferrolterra, dos que ofrecemos unha escolma gráfica neste artigo. O servizo dos emigrantes e das súas entidades mesmo traballaron algúns técnicos de sona e renome en Galicia como Julio Galán, Manuel Gómez Román ou Rodolfo Ucha, este último autor do proxecto e memoria das escolas de Moeche e director da obra.

No tocante ó seu equipamento tamén se detecta nas Sociedades unha vontade tácita ou expresa de dota-los colexios con mobiliario e material didáctico frondoso, moderno e polo regular inusual nas escolas públicas e privadas do medio rural naquel momento. Pénsese, por exemplo, nas máquinas de escribir e de coser que como remesa de fonda significación simbólica e de marcada connotación utilitaria chegaban da man dun retornado dende A Habana ou Bos Aires a algúns destes centros.

Os plans de estudos dos colexios dos americanos rexistraban igualmente novidades de relevo. Xunto ás materias ordinarias e comúns da escola nacional aparecían formando parte dos seus currículos con relativa frecuencia, entre outras, as disciplinas de: *Contabilidade e Teneduría de Libros, Nocións de Agricultura, Agrimensura, Mecanografía, Instrucción Cívica* e mesmo ocasionalmente *Redacción de Cartas Comerciais e Familiares, Xeografía de América, Arxentina ou Uruguai, Ximnasia sueca, Traballos manuais, etc.*²⁶. Cóstanos tamén que algunhas entidades tiñan a intención de que nos seus centros se impartisen *Xeografía e Historia de Galicia e Gramática Galega*, anque todo parece indicar que esta proposta finalmente non prosperou²⁷.

As Sociedades propugnaban así mesmo a utilización dunha metodoloxía cíclica, con procedementos prácticos e intuitivos que favorecesen a actividade dos rapaces. E pola contra rexeitaban o memorismo, a abusiva teorización e abstracción, a ensinanza predominantemente libresco e verbalista e a ausencia de estímulos motivacionais positivos no proceso instructivo²⁸.

Alomenos programaticamente, amosaban ademais unha grande preocupación e inquedanza polo perfil académico, profesional e humano do profesorado que habería de rexenta-los seus colexios, por mor de considerar ó docente a pedra angular do proceso educativo e o principal axente encargado de operativiza-lo seu proxecto de intervención escolar de inequívoca inspiración innovadora e rexeneracionista²⁹.

Respecto ó alumnado patentizaron unha preferencia diferencial ó comezo por escolarizar ós varóns. Pero co paso dos anos medra a súa sensibilización pola educación feminina e polo tipo

26. Para documenta-lo que aquí se afirma, pódese consulta-lo Apéndice III onde se ofrece información máis pormenorizada referente ás Sociedades de instrucción e ás escolas de Ferrolterra.

27. Véxase PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar...* Citada. Vol. II, pp. 97-98.

28. Para unha información máis detallada consúltase o Apéndice III que acompaña a este traballo.

29. Máis datos nos apéndices documentais.

de ensinanza que deberían recibir as nenas. Este cambio de actitude coincide no tempo coa incorporación masiva da muller á corrente migratoria³⁰.

Certamente, son moitas as dimensións que o tema da intervención escolar dos emigrantes presenta e que, por razóns obvias de espazo, aquí só podemos abordar de maneira moi superficial cando non deixalas unicamente formuladas a modo de telegráficos enunciados, sendo conscientes de que requirirían un tratamento extenso e polo miúdo. Nese capítulo que agora debe quedar condensado en meros descritores, pero que desenvolvemos con máis detemento noutro lugar³¹, atópanse numerosas vertentes da experiencia escolarizadora promovida polos ausentes ás que cabería referirse. Por exemplo, as actividades e institucións complementarias con presenza nos colexios societarios (paseos e excursións, exercicios deportivos, festas da árbore, prácticas de agricultura e xardinería, conferencias, certames, exposicións, veladas teatrais, etc., todas elas con significada presenza en moitos colexios dos emigrantes de Ferrolterra), e as iniciativas novidosas –ou mesmo pioneiras e vangardistas no seu momento– que se ensaiaron con éxito desigual nalgúns escolas de americanos como a prensa, a imprenta, os obradoiros preparatorios de oficios varios, o transporte escolar, etc..

Xa para rematar, e a teor tanto do dito como do que non se dixo, coidamos que podemos concluír afirmando que o labor despregado polos emigrantes galegos no campo educativo contribuíu a espallar e tamén a optimizar moi sensiblemente a rede escolar pública e privada da Galicia rural, sendo un factor de estímulo decisivo no proceso de institucionalización e modernización do ensino primario na nosa comunidade, particularmente durante as tres primeiras décadas do século actual.

Como testemuño emblemático desa acción individual ou comunitaria de fasquía inequivocamente popular, permanecen aínda en pé moitos dos edificios escolares que con extraordinario esforzo e non sen atrancos e contratempos ergueron os ausentes. O seu estado de conservación, a súa situación xurídica e a utilización que hoxe en día se fai deles difire ostensiblemente duns a outros. Somos da idea de que cómpre acometer con urxencia unha actuación interinstitucional coordinada e conxunta para evitar que edificios con tanta significación simbólica que, por dereito propio, forman parte do patrimonio arquitectónico do país, se convertan co decorrer do tempo en espazos abandonados e en desuso, cando non en deplorables ruínas. A perda da memoria do que fomos é sempre a peor das traizóns a nós mesmos.

En Brandía-Compostela, abril-maio de 1998

30. PEÑA SAAVEDRA, V.: *Op. Cit.*, pp. 132-136.

31. *Ibid*, *passim*.

BIBLIOGRAFÍA


- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *Historia Contemporánea. Enseñanza y Cultura*. A Coruña, Hércules de Ediciones, 1991.
- BOBILLO, María, MENÉNDEZ, Luís e outros: “La Alianza Aresana en la emigración”. *FerrolAnálisis*. Nº 9, xullo de 1996, pp. 88-93.
- COSTA RICO, Antón: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela, Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989.
- COSTA RICO, Antón: “As Sociedades dos «americanos» e a educación en Galicia”. *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*. Nº 5, 1989, pp. 89-139.
- COSTA RICO, Antón e PEÑA SAAVEDRA, Vicente: “Sociedades de Instrucción”. *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XXVIII. Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974-1987, pp.215-219.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Historia de Puente deume y su comarca*. Puente deume, Imp. Vda. Miguel López Torre, 1981.
- DASAIRAS VALSA, Xerardo: *D. José García Barbón e o Colexio La Salle de Verín no centenario da súa fundación (1895-1995)*. Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación de Ourense, 1995.
- ENXEBRE ORDE DA VIEIRA: *A galeguidade no mundo*. Madrid, 1991.
- GABRIEL, Narciso de: “Emigración y alfabetización en Galicia”. *Historia de la Educación*. Nº 4, xaneiro-decembro de 1985, pp. 321-336.
- GÓMEZ CANEDO, Lino: *Los gallegos en el gobierno, la milicia y la iglesia en América*. Santiago de Compostela, Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia, 1991.
- LLORCA FREIRE, Guillermo: “Ferrol y su Comarca”. *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo XII, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974-1987, pp. 215 e 218.
- LLORCA FREIRE, Guillermo: *A «Sociedad de Instrucción y Recreo Naturales del Ayuntamiento de Fene», 1910-1934*. Pro ms. Guión do vídeo co mesmo título.
- LLORCA FREIRE, Guillermo: “Concepción Arenal e Hispanoamérica: pegadas dunha presenza”. *Concepción Arenal. Cadernos do Ateneo Ferrolán*. Nº 9, 1993, pp. 49-64.
